

# AUÑOS

Nº 3

XUÑO 2001

ASOCIACION CULTURAL-GASTRONOMICA

Pineiróns



# ASOCIACIÓN CULTURAL - GASTRONÓMICA "Pineiróns"

O pasado 7 de xuño de 2000 cumprimos tres anos de existencia como Asociación e, como mandan os nosos Estatutos, houbo eleccións a Xunta Directiva.

Inda que nun primeiro intre continuou a mesma, problemas de índole persoal dalgúns directivos e co fin de dar continuidade ó traballo comezado, decidiuse no mes de novembro o formar unha Xunta Xestora que, polo prazo dun ano (ata o mes de setembro de 2001), dirixirá á Asociación.

## XUNTA XESTORA

|            |                             |
|------------|-----------------------------|
| Presidente | Celestino Pardellas de Blas |
| Secretario | Lino J. Pazos Pérez         |
| Tesoureiro | Juan Otero Penelas          |
| Vocal 1º   | Eugenio Ogando Dopazo       |
| Vocal 2º   | José López-Dóriga Aymerich  |

## PROXECTOS PARA O 2001

- ⇒ Revista "AUNIOS" Nº 4
- ⇒ Certame Literario
- ⇒ Revista de pequeno formato "ONZA"
- ⇒ Revista "AUNIOS XACOBEO"
- ⇒ Exposicións Fotográficas
- ⇒ Charlas, Conferencias, Audiovisuais, etc
- ⇒ Excursións Culturais
- ⇒ Actividades con outras Asociacións
- ⇒ Creación dunha páxina Web e dirección electrónica



Xunta Xestora 2001

As actividades da Asociación, segundo os fins e obxectivos

propostos, seguirán os camiños da Gratuidade, dedicándolle para elo o noso tempo de Ocio e unha grande dose de traballo totalmente Desinteresado.

O número de socios vai en aumento. A nosa tarefa Cultural anima a participar, é por iso que os nosos proxectos para este ano aumentaron na medida que hai máis socios e colaboradores dispostos a arrima-lo ombreiro.

## ACTIVIDADES 2000

### Realización do Xogo Didáctico "RUTA XACOBEO MARÍTIMA"

Membros da Asociación colaboraron na realización dun xogo didáctico que, coordinado por José Miguel Besada Fernández, se realizou sobre a Ruta Xacobeo Marítimo Fluvial.

A actividade consistía nun xogo, mestura do da Oca e o Trivial, onde os xogadores, partindo da Illa de Sálvora, tiñan que chegar a Santiago de Compostela.

Podían ir pola costa do Barbanza ou pola do Salnés, percorrendo os puntos quilométricos sinalados no mapa, pasando e parando en pobos e cidades e coñecendo, obrigatoriamente para contestar e poder avanzar, a súa cultura, arte, monumentos, etc.

Un xogo interesante para o que se está buscando o xeito de poñelo na rúa, nas escolas, . . . , pero non sen antes adaptalo ás diferentes categorías infantil, xuvenil e adulto.

### Participación nos Actos programados pola Xerencia do Camiño de Santiago

Como Asociación inscrita dentro do Censo de Agrupacións promotoras do Camiño de Santiago, vimos participando en tódolos Actos, Charlas, Reunións, Presentacións, etc que dende a Xunta de Galicia por medio da Xerencia do Camiño, se veñen realizando

### Programas de Televisión, Radio, Prensa,...

Ó longo destes tres anos de existencia os medios de comunicación estiveron ó noso lado, dando a coñecer tanto as nosas actividades como a Revista AUNIOS.

Destaca-las reportaxes realizadas no Diario de Pontevedra, Faro de Vigo, La Voz de Galicia, A Comarca e Salnés Siradella. As entrevistas realizadas nas emisoras de Radio Pontevedra, Antena 3 e Radio 5. As reportaxes na televisión autonómica TVG e Galvisión sobre as exposicións fotográficas e a presentación da Revista, sen esquecermos da última saída no "Escarabajo Verde" da 2 da TVE. E, como curiosidade, dicir que nos dedicaron un amplo espazo no programa da radio barcelonesa "Noubarri" que se emite integramente en galego para os residentes galegos en Cataluña, onde presentamos a Revista AUNIOS da que tiñan noticias polos exemplares enviados ós Centros Galegos de toda a comunidade catalana.

## PARA RECIBI-LA REVISTA

Calquera persoa, grupo, asociación, etc. que queira recibila revista de xeito gratuíto, terá que poñerse en contacto connosco ( dirección e Teléf. en pág 1 ) e manda-lo importe do custo do envío, en selos.

Custo: Sobre 25 ptas. / Selo ( correos polo peso) 325 ptas ..... TOTAL= 350ptas.

## EXPOSICIÓNS FOTOGRÁFICAS

### Ateneo Santa Cecilia de Marín:

Comezamos a nosa andaina neste campo en Marín, programando unha exposición de título “Recunchos Mariñáns” con fotografías realizadas polos Socios. A medida que a idea maduraba, tamén se ían aportando fotos antigas de interesante valor cultural, gráfico e histórico, o que nos levou a contactar con diferentes persoas de Marín que non dubidaron en apoiar a nosa actividade aportando fotos antigas sobre diferentes aspectos da vida marinense, anécdotas históricas, sucesos, acontecementos importantes para a vila, etc.

O resultado foi unha interesante Exposición que foi visitada ó longo dunha semana de duración por numeroso público. Ó remata-la Exposición fixemos entrega ó presidente do Ateneo marinense dunha placa conmemorativa



Exposición Ateneo Santa Cecilia. Marín



Exposición Casa da Cultura. Bueu

### Casa da Cultura de Bueu :


Aproveitando a presentación do nº 2 da Revista AUNIOS en Bueu, inauguramos na sala de Cultura unha exposición fotográfica dedicada, na súa maioría, á Illa de Ons.

Aspectos da vida agrícola, mariñeira, social, arquitectónica e cultural de Ons quedaron reflectidas nas case 50 fotos expostas na Sala.

### Casa de Cultura de Noia:

Co fin de proba-la experiencia de saír do marco da provincia de Pontevedra, decidimos levar a nosa

Exposición Fotográfica “ Recunchos Mariñáns ” ó municipio de Noia, inaugurándose o día 3 de novembro e que durante a semana que estivo en exposición, recibiu un importante número de visitantes que nos animaron a continuala en anos sucesivos.



## VISITA DE EL-REI JUAN CARLOS I Á ILLA DE ONS

Como os nosos lectores saben, a Asociación Cultural – Gastronómica “PineirÓns” naceu na Illa de Ons e nela, a maioría dos socios pasan as súas vacacións estivais e realizan algunha das actividades culturais programadas.

Coincidindo co importante acontecemento da visita De El-Rei Juan Carlos a Ons, a Asociación “PineirÓns” programou un diaporama sobre distintos aspectos históricos, ecolóxicos e paisaxísticos da Illa e que se realizou no restaurante “Casa Acuña” ó atoparse nun deplorable estado o local da asociación Veciñal.

Dita visualización de diapositivas tivo un enorme seguimento de público, xa que, ó carón dos membros da Asociación, veciños e visitantes do día, tamén puido ser vista polos membros do importante dispositivo de seguridade que se trasladou ata a Illa por mor de tan interesante evento.

O remata-lo Monarca o xantar, achegouse o numeroso público que o estaba a esperar, entre os que se atopaban os membros de PineirÓns, e saudounos.



Visita del El-Rei Juan Carlos I a Ons

## ACTIVIDADES CON OUTRAS ASOCIACIÓNS

Dentro da política de colaboración con outras Asociacións Culturais, PineirÓns, realizou unha serie de actividades con diversas entidades, entre as que destacamos as levadas a cabo na mesma Illa de Ons, coa visita guiada a diferentes puntos de interese, como ás covas e furnas illáns, nas que participaron numerosos colectivos Culturais.

Ó mesmo tempo membros de PineirÓns participaron en actividades programadas por outras Asociacións entre as que sobresaen as visitas realizadas ás Illas do Camiño Xacobeo, acompañando ós integrantes da Asociación Pórtico da Gloria.

Ó mesmo tempo membros de Pineiróns participaron en actividades programadas por outras Asociacións entre as que sobresaen as visitas realizadas ás Illas do Camiño Xacobeo, acompañando ós integrantes da Asociación Pórtico da Gloria. Destacar a realizada o arquipélago das illas Sisargas na costa de Malpica (A Coruña), a onde se desprazou unha representación de Pineiróns.

Coa Asociación Cultural Ateneo Corredoira, de Combarro, Poio, colaboramos con dúas exposicións fotográficas e unha conferencia coloquio sobre a Illa de Tambo, que realizou o hoxe secretario Lino J. Pazos Pérez.

Co Concello de Rianxo levouse a cabo unha exposición de fotografía "Castelao entre Nós", exposta na "Casa do Coxo" con fotografías tamén de Lino Pazos.



Pórtico da Gloria - Pineiróns. Sisargas

## EXCURSIÓN Á PENÍNSULA DO SALNÉS E VISITA ÁS BODEGAS "ILLO"

Unha das excursións cultural - gastronómica, foi a realizada á Península do Salnés visitando, en primeiro lugar, as bodegas de albariño "ILLO" onde, despois de observar detidamente as modernas instalacións, degustaron os caldos que esta empresa vitivinícola colleita nos seus viñedos.

Durante a estancia nas bodegas saboreáronse unha serie de produtos típicos galegos como a empanada e as ostras.

A bodega de albariño "ILLO", nace polo entusiasmo e afección que o seu fundador Manuel Silva (pai) sentía polo albariño e arroupado polos impulsores da festa Cambadesa.


Para a elaboración do viño cóidanse tódolos detalles, desde o traballo na viña á maceración da uva en bodega, obtendo deste modo un viño clásico, afroitado e sobre todo varietal que une todo o quefacer da familia por obter un caldo de calidade.

### PREMIOS

- Festa do Albariño, 1969
- Folla de Prata do Capítulo Serenísimos do Albariño, 1993

Bodega: Hnos. Silva Sueiro S.L.  
Localización: Broullón, 8 - Xil - MEAÑO  
Teléfono: 986747447  
Envases: 3 - 6 - 12 botellas de 0, 75cl.  
Outros produtos: Augardente

Visita e Venta en bodega



Pola tarde continuouse a viaxe pola praia da Lanzada, achegándonos ata a súa ermida para posteriormente e bordeando San Vicente, dirixirnos ó Aquarium Galicia, en Punta Moreiras, onde puidemos contempla-la fauna piscívora da rías, así como unha boa colección de aparellos de pesca.

Ó rematar collimos dirección ó Monte Siradella, dende o que hai unhas magníficas panorámicas sobre o istmo da Lanzada, a Enseada do Bao, a Illa de Ons e a Ría de Arousa pola banda norte.

Despois dunha visita á aula da Natureza instalada no cumio do monte, dirixímonos cara o Grove para rematar na Illa de A Toxa.

### COLABORADOR DE AUNIOS

Toda aquela persoa que queira colaborar cun artigo na próxima Revista de AUNIOS ou na de ONZA, pode dirixirse á dirección da Asociación ( Páx 1 ). A temática terá que ser cultural: Historia, etnografía, ecoloxía, fauna, flora, gastronomía, etc. non reivindicativa.


Os artigos terán unha amplitude de 3 páxinas, A4; escrito en tamaño de letra 12 Times New Roman ou similar; poderán levar soporte gráfico (fotos, diapositivas, debuxos, . . .); o idioma será en galego, aínda que poderán vir en castelán, (nós traducirémolo ó galego e devolverémolo para o visto e prace do autor), virán asinados e coa dirección, D.N.I e Teléf de contacto. No intre de recibila contestaremos para estar en contacto.

## EDICIÓN DA REVISTA CULTURAL “AUNIOS” Nº 2

O éxito alcanzado polos números anteriores de AUNIOS facía augurar outro parecido coa saída do nº 2, e así foi. O nº 2, cun importante aumento no seu número de páxinas, cuns colaboradores de prestixio en Galicia, con artigos moi interesantes sobre aspectos sociais e culturais da comunidade galega e coa mesma calidade de impresión que as anteriores, acadou un éxito inimaxinable quedando esgotada ós dous meses da súa presentación, non podendo satisfacer as numerosas demandas que dende centros de ensino, bibliotecas, asociacións, . . . , e mesmo de particulares, tivemos.

Aínda así, foi repartida por un bo número de Centros de Ensino, Bibliotecas de toda Galicia, Museos máis importantes, Organismos oficiais, Asociacións Culturais e da Terceira Idade, . . . e, gracias á colaboración da Secretaria Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas no Exterior, chega a tódolos Centros Galegos do Mundo. Este número tamén foi repartido a toda a dotación do buque Escola “Juan Sebastian Elcano”.

Neste número Julio Santos Pena, Celestino Pardellas, Laureano Mayán, José Mosquera, Estanislao Fernández de la Cigoña e María Jesús Otero Acuña nos adentran de novo na Illa de Ons, falándonos sobre as primeiras experiencias como mestre en Ons, de cómo visualizan a Santa Compañía nesta Illa, dos sentimentos e lembranzas que infunde, da Illa de Onza e do illote do Sentulo e por último nos adentran nela facendo un percorrido histórico, natural e paisaxístico. Sobre a Ría de Pontevedra e as súa marxes fálannos Ruiz Guirado, Torres Viqueira, Buenaventura Aparicio Casado e Laureano Mayán, relátannos os Mitos, Crenzas e Lendas do mar, os milagres da Illa de Tambo, o culto esquecido de Santa Mariña do Castrove e sobre a gloriosa historia do buque Juan Sebastian de Elcano. Da Ría de Arousa e dos seus pobos falan Javier Fernández Soutullo, os rapaces do colexio de Bizocas, Malet Andreu, Francisco Calo Lourido, Jose Miguel Besada Fernández e Manuel Fajardo que escriben sobre as conserveiras nas Rías Bixas, dos Muíños de Regato, da Heráldica do Camiño de



Santiago Marítimo, de cómo a Igrexa perdeu os Décimos no Grove, sobre a interesante Illa de A Toxa e sobre as supersticións na zona de Boiro. Sobre outros aspectos culturais e históricos de Galicia escriben Cobo Area, Lino Pazos Pérez, Ricardo Arnaiz e Javier Álvarez Campos que falan da influencia da man de Deus sobre Galicia, do semellante das lendas de Santiago e do Cristo de Fisterra, da Anguía e a súa pesca, e sobre música e canto na Limia ourensá. Na parte gastronómica Javier Barreiro Luces infórmanos sobre a Cociña Informatizada e enséñanos un rico glosario sobre cociña e gastronomía galega. Celestino Pardellas e Lino Pazos participan na conmemoración das letras galegas e do 50 cabodano da morte de Castealo, escribindo sobre Castelao e Manuel Murguía. Xa por último a parte poética deixámola nas plumas de Pepy Clavijo, E.V. Calo e Angel Mosquera. Dedicando, para rematar, unha folla as publicacións bibliográficas dalgúns dos socios e colaboradores.

A presentación levouse a cabo na Sala de Cultura de Bueu, á que asistiu numeroso público e onde os socios de Pineiróns ofreceron ós presentes uns aperitivos a base de produtos típicos galegos regados cun bo viño do ribeiro.



Presentación en Bueu de AUNIOS nº 2

## COLABORACIÓN DOS CENTROS GALEGOS EN “AUNIOS”

Polo feito de que os nosos paisanos que se atopan polo mundo adiante tiveran coñecemento do que se está a facer na súa terra a prol da cultura e facendo un gran esforzo económico, enviamos unhas cantas revistas a distintos Centros Galegos de España, Europa e América. A resposta non se fixo esperar; pasado un tempo comezamos a recibir cartas de agradecemento por acordarnos deles co envío da Revista.

Esta acollida fixo que nos puxeramos en contacto coa Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas no Exterior onde o seu Secretario, Fernando Amarelo de Castro, acolleu con moito entusiasmo a nosa iniciativa de enviala Revista, de xeito gratuíto coa correspondencia oficial, ós Centros Galegos de todo o Mundo.

Estamos a recibir moitas cartas de agradecemento. É por iso que decidimos neste número plasma-lo entusiasmo de dous Centros Galegos que nos pediron o poder colaborar na Revista.

## CARTA DENDE CAMAJUANÍ (CUBA)

Por : Alina Primo Fernández

A presidenta da Unión Galega de Camajuaní, “Manuel Fraga Iribarne”, en Villa Clara, Cuba, remítenos esta carta, como unha primeira colaboración coa nosa revista:

“ A Unión Galega de Camajuaní inaugurouse o día 7 de maio do ano 1995. Recentemente celebramos o 5º aniversario; nela agrupamos a tódolos galegos do Municipio de Camajuaní e ós seus descendentes, ó igual que a tódolos que teñan descendencia española aínda que sexan doutros lugares de España. Actualmente contamos con 200 asociados.

Realizamos distintas actividades socio – culturais e recreativas, sempre rescatando as nosas raíces e difundindo a cultura galega. Somos unha Asociación como Vdes. sen fin de lucro e poñemos de igual xeito desinteresado o noso traballo.

Dende a nosa fundación realizamos unha actividade que gusta moito ós nosos asociados, a elección da “Miss Gallega” e conservamos un álbum de fotos dende a fundación. Enviaremos unha foto para que a publiquen se é posible.

Realizamos excursións ós distintos Centros Turísticos do noso País; facemos conferencias e coloquios; celebramos o 17 de Maio o Día das Letras Galegas, este ano dedicado á figura de Manuel Murguía, literato, historiador, periodista e presidente da Real Academia Galega.

Tamén se celebrou a “Noite de Galicia en Camajuaní” no cine teatro da localidade.

E outras moitas actividades que realizamos, sempre tratando de difundir a cultura galega e manter vivas as nosas raíces.

Trataremos de enviarlles algún artigo, lendas, etc. para colaborar coa súa fermosa revista, anhelos que nunca poidemos realizar na nosa Institución por mor de limitacións económicas. Felicítámoslles por tan fermoso labor. ( A parte gastronómica gustounos moito porque nos permite coñecer-la gastronomía Galega).

Reciban un afectuoso saúdo en nome de tódolos integrantes da Unión Galega de Camajuaní “Manuel Fraga Iribarne” e en particular da súa Presidenta” .



Presidenta do Centro Galego de Camajuaní

Camajuaní a 27 de xuño de 2000

## CARTA DENDE A “HABANA VIEJA”, CUBA

Por : Felipe Cid Domínguez

Estimados Amigos:

A minutos de recibir a súa atenta misiva e a interesante revista “AUNIOS”, quero transmitir a vostedes o pracer con que acollín a grata nova de que alá no “terruño” querido, ó igual que aquí na nosa América, especificamente en Cuba, haxa xentes que desexen seguir divulgando a continuidade histórica dos nosos ancestros que é a nosa e, algo importante, de xeito gratuíto, pouco visto na época que vivimos.

Amigos, para coñecernos mellor direilles que son o fundador e director do boletín “Cova Céltiga”, que por espacio dun ano e dous meses vén chegando sen custo algún ás 49 sociedades galegas de Cuba, algunhas con máis de século e medio de fructífera vida a favor dos nados na nosa marabillosa terra, Galicia.

É un boletín sinxelo ó contar soamente cunha cuartilla ( tiro e retiro). Só o amor os meus paisanos alenta a seguir este noso eterno peregrinar pola súa maxestade o tempo, na procura da necesaria axuda que nos chega da Secretaría Xeral para as comunidades galegas que dirixe Amarelo de Castro ou de outra organización non governamental galega que desexe contribuír con nós, naturais e descendentes daqueles que un día compartiron o pan e os peixes cos que quedaron no noso probe anaco de terra, ó outro lado do Atlántico.

Quero facer expreso o meu formal desexo de colaborar coa súa revista. Aquí envío algúns boletíns “Cova Céltiga”. Se algún tema vale pois nada a publicalo; só debes enviarnos a revista e nada máis. Anexo tamén algunhas poesías da miña inspiración. Non serán boas pero están feitas con moito amor, polo que espero gusten. Ademais quero que coñezas que teño contos e artigos xornalísticos de temática galega e a súa emigración a esta “Margarita de los Mares” como chamara a nosa illa o insigne mariño galego Sebastián Ocampo en 1509.

Habana Vieja, 24 de xaneiro 2001



# Cova Céltiga

Felipe Cid Domínguez  
Director

Edición XVI - Año II

Ciudad de La Habana

USO EXCLUSIVO E INTERNO DE LA COMUNIDAD ESPAÑOLA DE CUBA

## Paisanos

Por vía amiga llegó a mis manos la Revista "AURIOS" de la Asociación CULTURAL-GASTRONÓMICA, "Pineiróns" radicada en la bella y hospitalaria ciudad de Pontevedra, Galicia. De ellos recibí también carta firmada por su secretario, la que contesté de inmediato. En mi respuesta patenté la inmensa alegría sentida al conocer que existían personas como nosotros los de "Cova Céltiga", que Sin Fin de Lucro publican mensual y anualmente artículos de interés histórico, artístico y cultural para todos los gustos, "lingua galega" allá y aquí en español por supuesto.

Buena nueva fue el conocer que los amantes de escribir temática gallega pueden ponerse en contacto con ellos y a enviar sus trabajos, claro la revista busca gratuidad por lo que no habrá recompensa en metálico pero si moral y espiritual, algo que al menos a mi hace feliz.

Los hombres que abrazan causas noble son así, recordemos a D. Curros, Castelao, Insúa y otros hasta llegar al nombre escogido en esta ocasión, el gran D. Manuel Martínez Murguía, (nacido el 17 de Mayo de 1833 y fallecido el 1ro de Febrero de 1923), quien escribiera su primer artículo sobre historia gallega con solo 17 años.

Entre los años 1852 y 1860 publica la mayor parte de sus obras, entre ellas, "Discurso Preliminar" constituyendo el primer paso en la teoría del galleguismo, yo diría humanismo hispano pues su obra mayormente fue escrita en idioma castellano y no en gallego.

Como historiador se esforzó para demostrar la existencia de Galicia como nación y la aspiración de su autonomía política. Nos demostró que había que defender las características

propias de "noso anaco de terra galega" como son: raza, lengua, folclore, mitología, costumbres, instituciones y algo muy importante y desgraciadamente en falta en los días que vivimos "men talidad colectiva".

"Desde mis primeros pasos me dije: No temas crearte enemigos. ¡desgraciado del que no los tiene!

Y los tengo numerosos, pero ni me asustan ni me importan; sé que es ley de todo combate el tenerlos, si algo siento es que la flecha con que quiso herirme, perdiendo su verdadera dirección, han ido más de una vez a clavarse en el corazón que más amo".

Este claro y magistral pensamiento del maestro me ha guiado en muchas ocasiones. Otro tanto dejó marcado el que posteriormente y lo plasmaré.

Con que amabilidad y finura desmiente y hasta bromea con sus adversarios, pues para él como para mi no hay enemigos, aunque sea esta la primera palabra que erróneamente hayan seleccionado nuestros labios.

... "Siendo la perseverancia la verdadera virtud de los pueblos, y la lucha el signo de su vitalidad, yo os lo digo, vale más en verdad, pelear, aunque sea como mujeres contra las sombras y sin esperanzas de triunfo, que permanecer mudos e inactivos como cadáver que busca tierra..."

No se puede hablar de la historia de este hombre sin mencionar a la joven conocida por él en el "Liceo da xuventude" donde junto a otros mocifios de ideas y signos provincialistas mitigaban necesidades

intelectuales y espirituales, ella fue, la inmortal poetisa Rosalía de Castro, con quien casa el 10 de Octubre de 1858 en la capital española, logrando con amor siete hijos.

"... Muy pocos pueblos como el gallego han sabido conservar a través de los tiempos más pura, más constante, mas indeclinable su fisonomía... No es loco amor a Galicia y sus gentes el que nos hace prever y asegurar que sus nuevos destinos han de ser tan brillantes como desconocidos sus comienzos..."

Amigos, cuando observo tareas y situaciones asumidas por hombres de la valía del escogido en el editorial de hoy, no queda alternativa alguna que continuar con valentía la defensa de lo galaico-hispano donde quiera que este mos y bajo las presiones e incomprensiones ejercidas sobre nuestras cabezas, pensando siempre en el compromiso que tenemos con nuestra continuidad histórica y con la vista puesta en el futuro, para mi lo primario es el cumplimiento del deber para con los demás, después recrearme y observar los resultados de las buenas y loables acciones, esperanzados de que nuestro trabajo y sacrificio no ha sido ni será en vano.

Así pienso y lo digo.

¿Por qué, no... ?

**DIRECTOR**




## CENTROS GALEGOS

Estimados paisanos, quixemos compartir convosco a nosa idea cultural e gracias á axuda da Secretaría Xeral para as relacións coas Comunidades Galegas, vos chega a nosa Revista. Nela acompañamos unha folla de saúdo dándonos a coñecer e onde vos invitamos a participar e colaborar na Revista, enviándonos os vosos traballos.

Agradeceríamos que nos enviáredes unha carta onde nos comunicáredes a recepción da revista, as vosas ideas, suxerencias, ..., e as vosas colaboracións, que intentaremos poñer en posteriores números.

## A MOEDA DO GALEÓN

Por: José Ruiz Guirado



Unha tarde húmida, fría e desapracible deste mes de xaneiro, deste ano que nos introduce na vertixe do século e do milenio, contemplaba dende a miña ventá cómo a padeadora tiraba abaixo unha vella casa onde vivían unha familia de gatos, que foran chegando dende distintos lugares. Ni un só era igual. Os

recén nados refuxiáronse coa súa nai no baixo dunha casa acabada de facer na beirarrúa de enfronte. Entraban e saían polo oco da madeira que lle faltaba a unha porta, posta de maneira provisional. Beben e comen dunhas latas que lles pon unha señora maior tódolos días, e que xa o facía no tellado da casa derrubada, subíndose a unha escaleira que ela mesma traía. Pasaron uns días e o dono do baixo, que viu saír e entrar ós gatiños arranxou a porta para que non entrasen máis. Por fortuna ningún deles quedou dentro. Pero cando volveron, xa non tiñan lugar onde pasa-la noite. Á mañá seguinte, a señora ten que irse de volta coa comida e a auga porque xa non están alí os gatos. Incluso os chama por se están preto, pero non acoden. A un dos gatiños atropelouno un coche; os outros fóronse. Non obstante, a señora volve algúns días máis por se hai algún gato. Do xeito que miraba á porta, se puidera, seguro que a derrubaría dunha patada e volvería a meter alí ós gatos. Seguramente, a señora, coma min, preguntárase: ¿Que dano farían os gatos naquel baixo mentres non se vendera ou alugara ?

Un día atopeime co dono por casualidade. Non puíden resistirme a preguntarlle por que o fixo. Puido supoñer que ó meterme onde non me chaman atoparíame a resposta indicada. “ ¿ A vostede que lle importa ! ” “ Impórtame e

moito -contesteille-” “ Pois métaos vostede na súa casa - replicoume con moi malas pulgas-”. E así o fixen, cunha gatiña siamesa que apareceu por alí unha mañá perdida e morta de frío. Creceu e vive feliz con nós. É un animal tan intelixente que só lle falta falar. Chamámoslle Lili. Quédase horas e horas sentada en calquera recuncho da casa mirando fixa para o lugar máis inverosímil. Camiña sen présa. Esponxéase onde se tumba. Cando a chama calquera das miñas fillas, acode coma se fora un canciño. E agora dirán vostedes, pacientes lectores que chegaron ata aquí: “ ¿ Onde encaixa este relato de gatos nesta revista ? ” Aí vou. ¿Vostedes acórdanse do “ Gato con botas ”, aquel conto do escritor francés Charles Perrault ( 1628 – 1703 ), que non foi tido en conta por ningún dos compañeiros da Academia, porque estaban destinados a entreter os seus amigos e amigas na “tertulia” dos sábados de Mlle. De Lhéritier ?. Pois ben, recorden o que supuxo a herdanza que lles deixou aquel muiñeiro ó máis xove dos fillos. Non é que o meu gato fale, non. O que sucede é que o meu gato aparece no reverso dunha moeda que me regalou en París, cara a 1979, un amigo meu que se dedicaba a buscar tesouros de galeóns afundidos. Este amigo asegura que o galeón onde atopou o cofre saíu das Rías Baixas con destino á República Dominicana e afundiuse á altura das Azores. Pero o máis curioso deste asunto é a procedencia e a idade desta estraña moeda. Consulte a máis dun experto numismático e non souberon dicirme nada. Ocorrúseme facer unha fotocopia do anverso e reverso da moeda e preguntar por Internet se alguén a coñecía. Ó cabo duns días contestoume un señor dende El Cairo dicíndome que el ten unha igual. Segundo me di este señor, tampouco sabe da súa procedencia; pero que non lle resulta estraño que apareza un gato xa que no seu país estes animais foron considerados como deuses. O que si é máis desconcertante, é que sexa, precisamente Lili.

Cando me volva a atopar co paisano que botou ós gatos do baixo, heille dicir que gracias á súa “caridade” atopeime cunha fortuna. ¿Qué contestará?.

 **OGANDO, S.L.**  
AUDIO - VIDEO  
SERVICIO TÉCNICO  
**VÍA DIGITAL**

*Telefonica*  
**Movistar**

Dr. Touriño, 8 - Telef. 986 883 957 - Fax 986 884 271 - 36900 MARIN



## DOCUMENTA-LO FUNCIONAMENTO DAS VELAS TRADICIONAIS

Por : Staffan Mörling & Xosefa Otero Patiño

“ Navegar a vela no era algo que habíamos aprendido. ¡ Era algo que sabíamos ! ”. Con estas palabras dun vello pescador, o antropólogo noruegués Asbjörn Klepp sintetiza a comunicación non verbal na tradición popular. Quere chamar a atención á destreza adquirida mediante a imitación. Fala tamén da práctica, que depende dos reflexos fisiolóxicos baseados na visión e nas sensacións de tipo motor e táctil. O estudio da aprendizaxe a través da imitación e a práctica, chámalo Klepp a antropoloxía da cognición.

As observacións de Asbjörn Klepp pódense tomar por punto de partida ó intentar documenta-la vela de relinga galega. É a vela de cruz asimétrica, da que a prominente relinga de barlovento deulle a súa denominación popular. Co fin de coñece-la experiencia desta vela dun home acostumado a gañarse a vida manexándoa, entrevistamos, no día de San Xosé de 1990, ó Sr. Manuel Otero Blanco, nacido na Illa de Ons en 1920. Residiu na Illa durante case toda a súa vida activa de pescador. Relatou o seguinte:

“ A mellor navegación coa dorna é con vento a un largo. A peor é con vento en popa, porque as ondas veñen

por riba da popa e poden afundir a embarcación. Se o vento é moito, hai que arria-la vela e vogar. Vírase a proa ó vento, e vaise de popa cara ó porto máis próximo, aproveitando a saseda.

Ou vaise aguantando así, ata que a tormenta pase.

Se a dorna envorca, non se pode facer nada; o que hai que facer é poñerse moi tranquilo. A dorna segue envorcando coas ondas, dando volta tras envorcar. Para parala de envorcar, hai que quitarlle a vela e botar o pao abaixo. Cóllese a vela, e téndese pola proa. A vela así aguanta a dorna coa proa ó vento, e un pode meterse dentro dela. Pero hai que agocharse na pana, ata que a auga chegue a un á boca, para que a dorna poda con un. Se un se pon de pé a dorna vaise e envorca. Hai que esperar así a que un ataque nun sitio, a que veñan a recoller a un. Eu envorqueei dúas veces, e unha delas estiven na auga dúas horas, antes de que me recolleran.

Navegase a vela todo o ano, pola necesidade de ir a buscar víveres. Algo me ensinou a navegar a vela o meu pai, pero a maior práctica collina só, en base á experiencia.

Nunca se levaba lastre na dorna, porque con lastre sería máis acometida co mar e o vento. Como mellor navegaba era a casco libre. Nunha regata, é preferible ser dous, por facer o compañeiro a manobra coa vela na volta. Arríase a vela, ata quedar un cuarto de vela sen arriar. Se hai moito vento, arríase case toda. A escota pásase á proa do pao, e o patrón ten que ir a recollela á pana do medio. Como máximo leva dous minutos.

Na pana do medio era onde se levaba a carga; saquetas de millo para o muíño. Ademais da carga, levábase como máximo a unha soa persoa.

De aproveitarse de bolina, de aproveitar os puntos escasos de vento, a dorna era como calquera deses iates que hai.



“A mellor navegación coa dorna é co vento a un largo”. Navegando deste modo, o Sr. Manuel Otero Blanco, na súa dorna LEONISA, vén da pesca do polbo un día de primavera de 1965. Staffan Mörling.



# A Terraza BUEU

Cando fai moito vento e non hai máis rizos que tomar, engánchase unha sortella ou dúas das que aguantan a vela á relinga de barlovento. Chámase navegar cun bolso. Só se pode facer con vento en popa.



Achegándose á praia para vara-la Dorna

Se se navega co vento a un largo e un solta a caña do temón, a dorna apróase ó vento e cólleo da mala e tumba. Cun vento normal, levaba dúas horas da Illa a Bueu. Navegábase ata Pontevedra, á Moureira.

O patrón sabe cando hai que meter o corredor na auga e cando non. Eu facía escorar moito a dorna. Se co mesmo vento non vai escorada, a dorna anda máis. Cando máis escorada vai a dorna, é cando vai de bolina. A vara de portar é necesaria sempre, para tódalas consecuencias. É para abri-la vela ó vento e para evita-los tiróns. A vara “cruzada en popa”ponse de botavara co vento en popa.

Cando hai moito vento de bolina, a dorna levanta a popa, perde a estabilidade de popa e mete a proa “de fusiño”, de escora, e é así como a dorna vaise, se envorca. Por esa moita escora, o temón perde a estabilidade. Do medio para popa, ¡ Que a dorna vaia suspendida na auga ! O temón é a suxeición da dorna ”.

Nas afirmacións sobre como colleu a práctica de navegar a vela e como o patrón sabe cando hai que meter o corredor na auga ou non,

Manuel Otero Blanco ofrece exemplos da área estudiada pola antropoloxía da cognición.

Un día de verán de 1998, oín a un veciño da Illa dicir: “ Os vellos de antes coñecían o vento máis ben”. Xosefa explicoume en que consistía este coñecemento do vento. Manifestábase nas viaxes das dornas a Bueu e no seu regreso a Ons. Para ir a Bueu, as pequenas embarcacións aproveitaban “o vento de fóra”. Chamábase así a brisa da tarde, que dende o océano sopraba dereito cara ó interior da ría. Ó volver á Illa, non se optaba por esta ruta directa, para que as dornas non tiveran que “ceñir” contra as ondas grandes, que viñan do mar aberto. En lugar diso, as dornas, ó saír de Bueu, poñían rumbo a Cabicastro, e a continuación seguían a costa do Salnés ata a Lanzada, máis ou menos. Só ó chegar a este punto emprendían a travesía a Ons, xustamente onde máis reducida era a extensión de mar que había que cruzar, dada a proximidade da Illa á Lanzada. Con esta ruta aproveitábase tamén o abrigo da mesma Illa contra as ondas do océano. Se facía norte, a terra do Salnés así mesmo ofrecía abrigo contra este vento.

Este é outro exemplo da antropoloxía cognitiva; de como o mariñeiro, polo camiño da experiencia, daba cos mellores procedementos, sen necesidade de que alguén lle dera clases ó respecto.



Dorna polbeira varada na praia



# Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO

BUEU

Teléfono: 986 323 483

## OS TREBELLOS DE LABRANZA DOS NOSOS AVÓS

Por: Alumnos de 5º de Primaria. Curso 1999-00  
Colexio "As Bizocas" de O Grove

Alumnos-as: Germán, María, Gabriela, Alejandro, Beatriz,  
Juan Manuel, Tatiana, José Miguel, Cristian, Diego e José Manuel.  
Profesora: Lidia Pérez Otero



Contan os nosos avós que cando eran nenos non había tractores, e a terra traballábase co arado de pao, a grade, a peladeira, o arado de ferro, a sementadora, o manlle, . . . etc. Tamén usaban o carro das vacas para transporta-lo esterco ou o verdello da praia para fertiliza-las terras.

Cando chovía moito no inverno e non se podía saír a traballa-las terras, ían para o alboio a reparar aqueles trebellos que estaban un pouco escangallados, ó mesmo tempo que falaban das súas cousas: " Se se perdería a colleita con tanta chuvia, se ían comprar vacas á feira ou vende-los anos á feira de Meaño, que se as viñas, . . ." ás veces ata contaban cousas que pasaran na guerra.

Destas cousas informámonos preguntando ós nosos avós e á xente maior do pobo, que nos amosaron algúns destes trebellos e nos dixeron para que servían.

Xeralmente están tirados polos alboios, estragados, algúns moi escangallados.

A nós, xa nos gustaría que se collera unha mostra de cada un e se fixese no noso pobo un Museo Agrícola de apeiros de labranza antigos, para que a xente de hoxe soubera con que se traballaba o campo uns anos atrás e como curiosidade.


### LABREGO

*Toda a miña xente  
de labregos foi,  
xunguidos á terra  
con xugo de boi.*

*Meu pai é labrego,  
tamén meus abós:  
¡ pasáronse a vida  
tripando terrós . . . !*

O carro usábase para:

Levar esterco, ir á herba para os animais, ó toxo, á leña, para leva-los aparellos de labranza para as terras, . . ., era o medio de transporte que tiñan os nosos avós. Algún de nós, subimos nel e cando o fixemos gustounos moito pero agora xa non vemos carros pola rúa, só queda o do Sr. Benito da Coanlleira.



### O CARRO

*Teño un carriño cantor,  
teño un carro cantareiro  
¡ con fungueiros afiados  
e con eixo de amieiro !*


*O meu carro canta, canta,  
nunca cansa de cantar.  
¡ De día cántalle ó sol !  
de noite, canta ó luar !*

*O meu carro canta ben,  
non pode cantar mellor.  
¡ Meu carriño cantareiro,  
meu carriño cantador !*

*Ouh, meu carriño cantor:  
cantas agora e despois.  
¡ con qué fachenda te leva  
a miña parexa de bois . . . !*




Carro e Grade do Sr. Benito da Coanlleira.




O carro e as súas partes

O meu carro é cerna dura;  
sábese carballo e freixo.  
¡ qué fermosa a súa feitura !  
¡ Qué lixeireza a do eixo !



As vacas do Sr. Benito



Carro e Xugo



- GUARDAS PARTICULARES DEL CAMPO
- GUARDA-PESCAS MARITIMO
- GUARDAS DE CAZA • ORDENANZAS

CUSTODIA

Comunidade Galega

CENTRAL DE SERVICIO 24 H.

610 820 395

Apdo. Correos Nº 142 - 36960 SANXENXO (Pontevedra)



CUSTODIA Y CONTROL DE:

- APERTURA DE PUERTAS
- FINCAS PRIVADAS
- COTOS Y TECORES DE CAZA
- EMBARGOS - SUBASTAS
- POLIGONOS INDUSTRIALES
- HOTELES - OBRAS - CAMPINGS
- CONVENCIONES - ALARMAS - CCTV
- DOMICILIOS - MUEBLES - PTANTALANES
- BARCOS - CERTAMENES - PARKINGS

CENTRAL DE SERVICIO 24 H.


610 820 395

Detemos información: A vos e Avoas de todos nós. D. Juan Vidal Novas / D. Juan Pérez González / D. Francisco García Otero / D. José Lijó / Dona Lola Iglesias Otero. Os poemas son do poeta e escritor Manuel María.


Sabemos que todos estes apertros de labranza acabarán desfeitos nos alboios, pero a nós o facer este traballo servíunos para lembrar e ver cos nosos avós, como se traballaba a terra ata hai pouco tempo.

A pel mollase para traballar con ela

O coiro que ten o manlle sácase da pel das vacas que morren ou matan. Sácase da xogueira da vaca. só se usa para malla-las fabas e as fabalobas. secos: o trigo, a cebada, a aveá, o centeo e as fabas. Agora O Manlle serve para malla-los froitos cando están



O Sr. Francisco García Otero mallando co manlle.



O Sr. Francisco e o seu fillo Germán serrando co tronizador

sementa-lo millo.


À Sembradoira: tirada polas vacas, era para

ferro. facilmente. A grade podía te-los dentes de madeira ou de non se usaba o Canizo por ser terras que se desfán (Aplana-las leivas que deixaba o arado). En S. Vicente À Grade: para grada-la terra unha vez labrada.

labrar. (O que hoxe en día se fai coa fresa do tractor). À Peladeira: con ela pelábase a terra antes de

terra e sementar froitos mídos. (trigo, centeo). O arado de pau. (Arado romano): Para asuca-la

Grade e arado



## OS TESOUROS. A QUIMERA DO OURO

Por: Buenaventura Aparicio Casado

Na mitoloxía popular a crenza na existencia de fabulosos tesouros é unha constante. A procura do ouro é un anhelo dos humanos porque, simbolicamente, non significa outra cousa que a busca da felicidade e, indo máis lonxe, da inmortalidade. Pero, a rentes do chan, o ouro é desexado por todos, polos ricos por cobiza, e polos pobres por necesidade.


A crenza en tesouros estivo moi arraigada nas camadas populares galegas ata tempos moi recentes. Contamos con numerosos testemuños que confirman este aserto. Nunha data tan próxima a nós como é o ano 1920, consta que uns ladróns penetraron na capela dedicada a Santa Mariña - santa meiga por excelencia -, sita no Castrovite (San Pedro de Orazo, A Estrada). Esta acción tiña a súa lóxica no rumor, entendido por toda a bisbarra, de que debaixo do altar principal había un tesouro soterrado. Os amigos do alleo entraron polo tellado, levantaron o altar, cavaron unha profunda foxa e, ó parecer, atoparon un monumento formado por dúas ou tres pedras de bo tamaño que conformaban unha anta, cista ou sepulcro.

Certos enriquecementos rápidos, viaxes non xustificadas, ou desaparicións repentinas, poñían á xente en garda, sospeitando que alguén atopara un tesouro. No Coto da Pía, na parroquia de Santa María de Luneda (A Cañiza), existe un amoreamento de pedras, produto do traballo dos canteiros. A xente contaba que uns picapedreiros portugueses andiveran traballando neste lugar, contratados para extraer pedra. Mais ós poucos días colleron as súas cabalerías e marcharon, a toda présa, en dirección á fronteira. Esta conducta provocou que circulase a nova de que encontraran un tesouro de onzas de ouro, que cargaron nas bestas. Unha vez máis o carácter itinerante dos canteiros -a mala fama apónselle a tódolos nómades - xogoulles unha mala pasada.


Se os tesouros se conseguisen con facilidade -ademais de non ter mérito - non xustificaría a existencia do mito. Estas riquezas soen estar encantadas e contan con mecanismos de protección, senón moi sofisticados, si bastante perversos. Este feito explica que certas obras realizadas enriba ou nas proximidades dos castros fosen abandonadas, porque a aparición de borralla ou outro sinal sospeitoso recordoulles

ós paisanos a presenza da temida trabe de alcatrán, que se se toca se alampa, destruindo sete parroquias. Tal cousa aconteceu cando os veciños de Famelga (Augasantas, Cotobade), hai xa tempo, fixeron unha escavación no castro alí existente, coa finalidade de construír un depósito de auga, e deron co que pensaron que era unha cheminea e cinza e, prudentemente, "puxeron os pés en polvorosa".

Noutros casos, os mouros, que foron os que deixaron estes tesouros, con certo sentido do humor - moi galego, non en van estiveron moitos anos na nosa terra - se dedicaron a practicar certa cerimonia da confusión. No castro da parroquia de San Mateo de Toutón (Mondariz) existen, soterrados, dous toneis cheos un de ouro e outro de veneno.



O mítico ouro dos mouros se agocha, sobre todo, nos castros. Vista do castro de Gaxate (A Lama)



# O Casal

"O Casal"

M.<sup>a</sup> José Gil Cons

El Castro - TENORIO

Cotobade (Pontevedra)

Teléfonos: 986 764 251 / 764 141

Móvil: 608 083 954 - Fax: 986 764 141



A gracia consistía en que tiñan os nomes do seu contido cambiados, para escarmento de incautos e ambiciosos.

O encantamento que pesa sobre os tesouros é o resultado da actuación de forzas que superan, en moito, as potencialidades humanas. Por isto é frecuente ter que demandar os bos oficios do señor cura, intercesor natural entre este mundo e o outro. Mais nestes choios dos tesouros nunca se sabe o que pode acontecer, e non sería a primeira vez que alguén mete a pata e todos -cura e veciños - teñen que “saír de estampía”.

Algo parecido a isto sucedeu, alá polo ano 1935, no Castelo de Ardán (Marín). Estando todos ensumidos en plena faena de desencantamento, a un dos presentes, emocionado, escapóuselle unha invocación divina - cousa totalmente desaconsellada - e, de contado, desapareceu case todo o haber, facéndose soamente cunha pequena parte gracias a que o cura, cando mirou que todo se volatilizaba, rápido como o raio, guindoulle a estola enriba, neutralizando a operación de esvaecemento.



Na tradición oral, as mámoas gardan tesouros. Mámoa de Chan da Arquíña.

Coñecíanse outras formas, aparentemente simples, de desencantar os tesouros. Consistían -por exemplo - en cuspir por riba deles. Pero a cousa non debía ser tan doada, xa que non temos noticias de éxitos acadados con este método. Tamén había fórmulas bastante máis complexas. Na parroquia lalinesa de Santa María de Soutolongo existe un xacemento denominado Aurela do Castro, que era fama que tiña un tesouro. Mais para desencantalo era preciso, segundo opinión xeneralizada, facerse cunha vela de cera bendita, unto de cristián vivo e cera virxe.

En ocasións, cando cumprido o rito se conseguía que saíra o encanto, conviña non ter moitos miramentos con

este, e pór en práctica algún procedemento expeditivo. En San Andrés de Xeve localízase un castro de moita sona o de Maunzo. Nel había tesouros. Para conseguilos había que ir co cura, ler no libro o que está recomendado para estes mesteres e, unha vez que o encanto -bastante feo, por certo- saíra, había que lle dar, sen vacilación, un pao na cabeza e, desta maneira, desfaríase en diñeiro.

Os tesouros teñen data de caducidade. Cumprido o seu prazo convértense en obxectos que, como aconteceu en Loureiro de Cotobade, van parar ó río.

## A GALIÑA CON PITOS, ESE ESCURO OBXECTO DE DESEXO

Se tiveramos que escoller os mitos que imprimen carácter ó imaxinario popular galego entre eles estarían, sen dúbida, ademais do da moura, o da galiña con pitos, mitoloxemas que, a maiores, se presentan estreitamente asociados.

Esta galiña tan especial está vencellada á muller, ás augas -especialmente ás fontes- e o solsticio de verán, pois móstrasen, ante todo, na amañecida do día do San Xoán. As veces sae acompañada dun culebrón, a modo, ó parecer, de elemento disuasorio. Deste xeito se aparecía na fonte de Beiro, en Santa María de Sacos (Cotobade).

Augas, noite, lúa, cobras e mulleres conforman un sistema de significantes cunha grande carga simbólica. Murguía, no seu libro *Galicia*, recolleu un relato, que se contaba na contorna de Bergantiños, no que a galiña con pitos de ouro transformábase nunha fermosa doncela, é dicir, nunha moura. Mais, noutras ocasións, galiña e moura non son a mesma cousa, senón que unha acompaña a outra. En Tenorio, no Outeiro do Hervado, aparecíase unha moura peiteando os seus cabelos, e ó seu carón, mostrábase a galiña con pitos, sinal inequívoco de tesouro unhas veces, e o tesouro mesmo noutras.

Nos relatos descríbese, a miúdo, a maneira de facerse cos pitos. Os procedementos son diversos: guindarlles enriba un pano da man ou unha pucha, tocarlles coa man ou mexar ou cuspir sobre eles. Sen embargo, a cousa non era tan doada. No Coto do Castro, na aldea de Loureiro (Dúas Igrexas, Forcarei) un veciño, que ía toma-la auga, mirou a

galiña con pitos e, rapidamente, colleunos e meteunos dentro dun sombreiro, pero os pitos, ó pouco tempo, desapareceron.

Claro que pode haber excepcións. No lugar de Castrelín, en San Andrés de Hío (Cangas do Morrazo), uns homes, que pasaban por alí, miraron a galiña con pitos piando de fame. Un dos homes dixo: “probiños, probiños, que fame teñen”. E ó dicilo, volvéronse ouro. Sucede que os mitos, lendas e contos teñen un carácter moralizante e, como neste caso, exaltan os bos sentimentos.

A orixe e significado real deste mito está por descifrar. José Callejo ponno en relación cunha fábula, segundo a cal na antigüidade se obrigaba á Nai Terra a parir ouro antes de que estivera maduro. Esta irreverencia ou actitude pouco respectuosa coa Terra podía desatar a súa ira. Para aplacala botábanse no caldo de fundición do nobre metal varias galiñas como ofrendas expiatorias.

Aquel sabio profesor que foi don Antonio Blanco Freijeiro, pensaba que a galiña con pitos era, sinxelamente, un símbolo dun culto ós planetas e ós días da semana.

Esta galiña rematou sendo, nos últimos tempos de vixencia deste mito, unha metáfora da riqueza, o soño ou anhelos de toda persoa, mais co humor -que endexamais se arreda da visión da vida do galego- os paisanos vían a cousa cunha mestura de escepticismo e retransa.

Algúns poden pensar que os labregos eran uns panoias, inxenuos crentes de cousas inverosímiles. Que ese escuro obxecto de desexo, que é a riqueza, goza de boa saúde ten fácil comprobación. Basta con pasar por diante dun despacho da primitiva ou do cupón e de observar cunha pouca de atención. A galiña con pitos de ouro segue viva e coleando, só que, por mor dos tempos, mudou de imaxe.

Pontevedra, Xaneiro do 2001.



Galicia posúe unha boa chea de Castros con infinidade de lendas



## DESCUBRINDO A ILLA DE ONS - "A ILLA" -

Por: J.M. Mosquera G.

Cando neno, soía pasarme moitas horas sentado nalgunha das rochas que separan as praias de Portocelo e de Mogor, contemplando como a tarde ía cubrindo co seu manto de púrpura reberetado de infinitos ocasos os delicados, case femininos, contornos das illas Ons.


Eses atardeceres crearon naquela mente xuvenil, un mundo de fantasía no que se amontoaban os tesouros, coma o do pirata Benito Soto, o dos vikingos e os moitos que obtiveran os mouros Muza e Almanzor ó longo das súas razzas galegas. Ó final convencínme que aquelas remotas fantasías terían que estar materializadas nalgún lugar de aquelas remotas illas que cerraban o horizonte, visible e visionario á vez, así que me prometín ir a elas e solucionar o enredo mental no que me metera. Como non había catamarán nin embarcación turística que fixera a ruta ; que tempos maravillosos ! non podería cumprir os meus desexos de embarcarme nunha épica odisea como un don Quijote alevín. A única posibilidade de conseguir a viaxe pasaba por visitar o amarradoiro das embarcacións de pesca, o chamado *cementerio* de Marín pois de alí partían, cara ó confín da ría, as chamadas de tantos xeitos: racús, artes,

xeiteiros, . . . derivadas das traineras, traíñas, etc. ; con tripulación maioritariamente de xoves remeiros, nenos aínda . . . Con néboa pechada, impresionaba escoitar a aproximación dunha destas embarcacións polo ruído in crecendo dos remos e arquexos, formando unha melodía única pola cal todo o mundo sabía de que embarcación se trataba.

Por aquel entón, o amarradoiro no facía gala algunha ó seu tétrico alias senón todo o contraio pois era o lugar máis buliciosos que se poida un imaxinar. Alí, nos días de bo sol, entre outras actividades relacionadas coa pesca do *burasito* e o movemento comercial do sal, carbóns e tellas, practicábase o baño, a maioría usando o mesmo traxe de baño co que a súa nai o trouxera a este mundo. Alguén tiraba ó mar prateados *patacos* que os rapaces mergulladores non deixaban nin chegar ó fondo e, desta maneira, o máis destre conseguía os suficientes dous reais como para poder asistir ás sesións continuas do cine Quiroga. Desde galiñeiro, por suposto. Pero volvendo ó fío da narración, a miña intención era solicitar a algún dos patróns o permiso para embarcar coma pasaxeiro na súa traíña, que me deixase na illa e que me recollese á volta das faenas pesqueiras. Menos mal que

por pura timidez nunca me atrevín a formular tan absurda petición, polo que me librei do lóxico mofa que se organizaría entre os das bancadas e da conseguinte fuxida baixo unha chuvia de graxentos *magrasos*.

Pasados os anos, conseguín, ó fin, pisar por primeira vez a meta daquelas ilusións e fíxeno sobre a illa maior. Sen necesidade de letreiros indicadores que dan a sensación de que alguén está espiándote, controlando cada un dos pasos que dás, puiden libremente percorrela en toda a súa extensión. A occidente, o lado ignoto, a rompente salvaxe, os abrazos da morte entre o paroxismo do naufraxio. A oriente, a ría acolledora e o morno fogar. Só os



Cormorán Moñudo



# MAQUIEIRA

PESCA DEPORTIVA

Plaza de España, 4  
Teléf.: 986 851 814

PONTEVEDRA



que navegan poden sentir eses cambios no ánimo que se experimenta ó cruzar, polo mar, a sutil liña de separación entre ambas vertentes. Os que entran na ría, de alivio inmenso; os que atrás a deixan, o desacougo do abandonado. Hoxe en día estes sentimentos desapareceron case por completo debido ó avance da tecnoloxía naval: potentes motores, medios de salvamento, aloxamentos, entrepot, . . . pero non é difícil remontarnos cara atrás no tempo e imaxinar cales serían as sensacións, cada un coa súa íntima carga persoal, daqueles nenos remeiros ou as dos mariñeiros que tripulaban os fráxiles pesqueiros de madeira e carbón ó arrombar cara os afastados caladoiros do norte.

A illa, de doado percorrido, ten uns cinco quilómetros de longo por aproximadamente un e medio na parte de maior anchura. Tanto a parte norte como a sur, están rematadas con cabos ou puntas que conforman as pinzas dalgún esqueiro xigante. Ambas son residencia de gran cantidade de aves mariñas, notándose de ano en ano a baixa de exemplares do arao, afogado entre as mallas dos traidores trasmallos rochedos.

A superficie é limpa, con toxal moi tupido, por debaixo do cal séntense corricar centos de coellos. Tamén, e como

non, fai acto de presenza o pinus pinaster da repoboación forestal. Aves de caza tamén as hai, e moitas e tamén boas, pero o difícil é poder poñelas na cazola. A agricultura dos illeiros é precaria, menos que de pura subsistencia, debido precisamente ás prohibicións de caza de aves e coellos.

A calquera hora do día e da noite poden contemplarse maravillosas vista desde calquera punto do cantil costeiro aínda que hai que andar precavidos pois un paso en falso e precipitámonos por algún dos ocos que se producen por caída de material cando as ondas baten con forza. Non hai maior pracer que escoitar, na soidade da noite, o rouco rumor dos temporais de poñente, aínda que para algúns tal pracer só o perciben se están ben agochados nunha cálida cama.

Como se indicou, o contorno occidental é moi difícil de percorrer debido á brusca acción do mar que o moldea a dentelladas, en contraposición á liña recta da outra vertente que non ten que soportar os fortes vendavais do SW ou do NW. En comparación coa sufrida orografía das súas veciñas do sur, as Ons parecen proceder dalgún lugar de pracenteiras illas das que se desprenderan para derivar cara ó seu actual emprazamento.

A parte máis estreita non chega ós 300 metros, está ó sur e próxima á ermida de San Xoaquín, mentres que a ancha, duns 1400 metros, abarca desde o Frontón de Liñeiros ata a praia de Curro, a onde as embarcacións suben só na saseda do fluxo e refluxo da onda. A luz do faro elévase a 127 metros sobre o nivel do mar. A illa ten os seus pequenos acompañantes como o illote de A Freitosa, que é o maior, segúndolle en tamaño o Centolo Grande de 88 metros de altura arrodeado de outros de menor tamaño como o tamén chamado Centolo e dúas pedras que deben ser os bruños da parella. Outras pedras, máis ó oeste, cobren e descubren, formando arrecifes, con rompentes moi atractivas para o pescador a pulmón, pero moi perigosas.



Barrio de Canexol



**Embarcaciones**  
**Motores marinos**  
**Mantenimiento**  
**Invernaje y guardería**  
**Accesorios**  
**Servicio técnico**

Avda. de Orense, 50 - Teléf.: 986 883 931 - Fax: 986 880 095 - 36900 MARÍN (Pontevedra)

MARINER FORCE QUICKSILVER metCruiser VANIMAR

Curiosamente o único illote que se molla con augas da ría é o Illote Sepultura de nome tan apropiado ó contexto de ricas lendas á luz das brasas lareiras. Non esquezamos unir tamén neste contexto, amén doutras moitas, a lenda da Laxe do Abade.

A extremidade norte da illa é punta Centolo e cara o NW atópase o maior saínte: punta Pasante ou Jobenco con restinga de pedras ata 200 metros. As dúas puntas conforman a enseada da Posiña, moi limpa de baixos, pero inabordable por pouca mar do norte que faga.

Baixando pola costa occidental chegamos ó Frontón de Liñeiros que é un saínte de 900 metros de fronte que presenta a costa entre as enseadas de Bastian del Val e Caniveliñas, terminando ó sur en punta Liñeiros ou Fontiñas. Está arrodeado por gran cantidade de pedras, formando arrecife a 200 metros da orela.

A enseada de Caniveliñas, reduce o ancho da illa a pouco máis de 200 metros formando practicamente un istmo. É bo abrigo para embarcacións contra os ventos do NE. A enseada remata no illote de a Freitosa, seguindo unha costa quebrada, alta e escarpada ata o cabo Rabo d'Égua, que é máis ó sur da illa. Desde aquí, deixando a Onza por estribor, arrómbase cara ó leste, sen perder de vista a perigosa pedra a Loba, chégase a Cabo Fedorento. Estas dúas puntas forman unha estupenda enseada, con praia, valendo de resguardo dos ventos do NE.


Neste último tramo da costa existe a fantasmal Cova do Inferno e a súa lenda asegura que foi perforada polos mouros, atravesando a illa de parte a parte. Túneles deste orixe existen por toda a costa galega, como o que temos na praia da Lapamán. Segundo relatan os máis vellos do lugar, este túnel iníciase nunha greta entre rochas e en liña recta, pasando por debaixo do chamado chalé de Picó, remata ó pé do Castelo de Ardán e no seu interior atópanse atrapadas as animas dos mouros arquitectos de tal obra, podéndose escoitar os seus tristes saloucos como rechouchíos dun manancial, se un apoia a orella sobre a pedra “ altar da Virxen ”, único punto apto para tal menester. De ser certas todas estas lendas, cabe deducir que por estes pagos deberon acampar máis mouros que na mourería granadina.

A parte oriental non presenta características acusadas, tendo o único amarradoiro de embarcacións, de pesca e

deportivas, e toda a parte lúdica da realidade turística de hoxe en día.

As visitas realizadas á illa por este servidor foron sempre en plan deportivo, practicando a pesca a pulmón ou á liña desde embarcación pero nun e noutro caso co obrigado lance á pesca en terra do polbo picante, a tortilla e o albariño. Este era o momento máxico do que se saía co íntimo convencemento de realizar a mellor colleita no mar.

A pesca facíase por fóra da illa, sufrindo as rompentes, onde a fugaz lubina brillante coma a prata e onde, máis alá dun velo azul, no fondo, o negro sargo vixía encovado.




Buraco do Inferno. Ons

**COLABORA:**

**CONCELLO DE BUEU**





# O CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTAIGO (I)

Por: Isidro de Malet Andreu

## O CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTIAGO

### 🐚 Santiago de Compostela

- 🐚 Ames
- 🐚 Teo
- 🐚 Rois
- 🐚 Padrón
- 🐚 Pontecesures
- 🐚 Valga
- 🐚 Caldas de Reis
- 🐚 Portas
- 🐚 Barro
- 🐚 Pontevedra
- 🐚 Vilaboa
  - 🐚 Soutomaior
  - 🐚 Redondela
- 🐚 Mos
  - 🐚 Porriño
  - 🐚 Salceda de Caselas
- 🐚 Tui
- 🐚 Valença do miño
- 🐚 Vilanova de Cerveira
- 🐚 Camiña
  - 🐚 Paredes de Coura
- 🐚 Ponte da Limia
- 🐚 Barcelos
- 🐚 Oporto

ARMAS  
DA ZONA  
PORTUGUESA

## O CAMIÑO PORTUGUÉS

A máis antiga descrición do traxecto de Coimbra a Santiago ofrecénola o xeógrafo musulmán El Idrisi en 1594. O clérigo italiano Confalonieri fai a viaxe dende Lisboa pasando por Azambuxa, Santarem, Tomar, Coimbra, Porto, Povia de Varzim, Barcelos, Ponte da Limia, Valença, Tui, Redondela, Caldas e Padrón.

O nobre polaco Sobieski percorre en 1611 España e Portugal. No seu percorrido pasa por Santiago e describe aspectos sucesivos de Valença, Ponte da Limia, Porto, Coimbra e Lisboa.

Laffi peregrina a Compostela os anos 1666, 1670 e 1673, posteriormente en 1687 e desde Lisboa pasa por Leria, Coimbra, Albergerá, Porto, Rates, Viana do Castelo e Camiña.

No Ano Santo de 1745, Albani, na súa segunda peregrinación, investirá dezaoto días ata chegar á cidade do Apóstolo, iniciando o camiño en Lisboa e pasando por Santarem, Coimbra, Porto, Barcelos, Tui e Pontevedra.

É indiscutible a gran cantidade de igrexas románicas que marcan o traxecto do camiño portugués, ademais o seu patrón é Santiago. O Apóstolo é invocado na toma de Coimbra no 1064. A creación da Orden Militar de Santiago da Espada, escindida da rama castelán – leonesa en 1288, a profusión de simboloxía xacobeá, a peregrinación da raíña santa Isabel en 1325 e a de Don Manuel en 1502, a presenza de hospitais como o de Viana do Castelo, no que nas súas doelas centrais pode lerse: “este ospital e rendas dele stitutio Juan Perez ho velho ano 1468” amén dun escudo de armas cuartelado, (nun dos seus cuarteis figuran cinco veneras), confirman a importancia que tivo este camiño ó longo de varios séculos.

Resulta pois claro a existencia de dous eixes fundamentais que transcorren de Sur a Norte, un inmediato á costa, o outro máis desviado cara ó interior, pero ambos entrelazados entre si por gran cantidade de ramais e conexións.

A todas estas manifestacións de profundo contido relixioso e puro sentir compostelán, hai que sumarlle a ruta

xacobeá marítimo – fluvial, seguindo a máis pura tradición e testemuños históricos do paso da barca que conducía os restos do Apóstolo dende a distante Jaffa de Palestina ata Iria Flavia, a actual Padrón. Esta entrañable tradición tradúcese en representacións iconográficas nas que aparece a barca, onde descansa o corpo de Santiago el Mayor en compañía de dous discípulos, conducidos por un anxo e guiados por unha estrela, tal e como figura no escudo da vila padronesa e noutras obras escultóricas. Deste xeito chegaron os restos de Santiago ás costas do Reino de Galicia, adentándose polo mar de Arousa e remontando o río Ulla.

A primeira referencia histórica témola nunha epístola do Papa León III que confirma esta tradición.

Nun manuscrito de San Juan de los Reyes que se conserva en Alcobaga refírese á lenda de que un cabaleiro se precipitou ás augas do océano no xusto momento no que pasaba a barca. Este cabaleiro milagrosamente emerxeu das augas e tanto el como os arneses do cabalo apareceron sementados de veneras, de aquí o antigo escudo de Santiago.

As bulas dos Papas Clemente V en 1088, Alejandro II en 1165 e Gregorio IX en 1227, autorizan este prodixio e que desembarcado o corpo en Iria Flavia “como sobre cera puxeren un corpo de bronce candente e como se recoñecese a vasalaxe e honor que a tam gram apóstolo debía”.

Nun breve da igrexa de Oviedo tamén se facía referencia a este feito. O Papa Calixto II afirma que viu esta pedra que foron desgastando os peregrinos. Todas as intrigas da raíña Lupa, de Filotro e a súa camarilla dificultaron o traslado dos restos do “Hijo del Trueno” ata o ano 813 nos que os asombrados ollos dun ermitán vían o escintilar dunha estrela que alumeaba un lugar, e que Teodomiro, bispo de Iria, identificou como Liberum Domun, lugar onde esta asentada a actual Catedral de Santiago. Todos estes feitos víronse adornados cunha grande cantidade de lendas que adornan aínda máis estes feitos prodixiosos.

## ARMAS DA PARTE PORTUGUESA

### ARMAS DE PORTO

De azul, un castelo flanqueado por dúas torres, de ouro, mazonado en sable e aclarado de gules. Asentado nun mar formado por cinco ondas, dous de sable e tres de prata. Sobre a porta do castelo e asentada sobre unha ménsula de ouro unha Virxe que sostén un Neno Xesús, ambos vestidos de vermello cun manto azul, arredor da Virxe un resplandor de ouro. En Jefe dous escudos antigos de Portugal.



## ARMAS DE BARCELOS

De azul, unha ponte de cinco ollos, de ouro e mazonado de sable e asentado sobre un mar de seis ondas, tres de prata e tres de azul. No flanco destro, unha torre de prata, mazonada en sable e aclarada de gules. No flanco sinistro unha árbore, na súa cor natural e un monumento de prata. Sobre a ponte un pequeno castelo formado por tres torres, a do centro aclarada de gules. Nos cantóns destro e sinistro do jefe dous escudos antigos de Portugal e no centro do jefe un escudo de prata, cunha aspa de gules maclada.



## ARMAS DE PONTE DA LIMIA

De azul, unha ponte de ouro de tres ollos, mazonado de sable e somadas dúas torres mazonadas de sable e aclaradas de púrpura no centro unha cruz piscinada e flordelisada de ouro. A ponte movinte fajado ondado de prata e azul, dúas de cada.



## ARMAS DE VILA DE PAREDES DE COURA

De azul, tres espigas de ouro, cos seus talos de sinople e recollidas por un lazo de gules, flanqueadas por dous fouciños de prata, e en punta, un movinte de tres ondas, dous de prata e unha de azul.



## ARMAS DE CAMIÑA

De gules, un castelo de ouro, con tres torres, aclarado de sable, sobre un movinte fajado de cinco ondas, tres de azul e dúas de prata.



Como curiosidade acompañamos o antigo escudo de armas da cidade e que corresponde ó século XVI

## ARMAS DE VILANOVA DE CERVEIRA

Se sinople, un cervo pasante en ouro, mirando ó fronte, e entre as hastas un escudete de azul con cinco bezantes de prata.



## ARMAS DE VALENÇA DO MIÑO

De gules, unha ponte de prata de tres ollos, mazonado de sable, sobre a ponte unha torre donjonada de prata mazonado de sable e aclarado de gules, a torre central cargada dun escudete de azul con cinco bezantes de prata. A destra e a sinistra da torre sendas follas de parra, de ouro, cargadas por un acio de gules e no cantón destro do jefe unha lúa contornada de prata e no cantón sinistro do jefe un sol radiante de ouro. A ponte movinte sobre un mar de catro ondas, dúas de azul e dúas de prata.



*Cafeteria*  
  
**Castelao**

Rúa Castelao, 5 - Teléf.: 986 843 361 - PONTEVEDRA

## ESPECIALIDADES CASTELAO

- TES Y CAFÉS A LA CARTA
- CERVEZAS DE IMPORTACIÓN
- MENÚ DEL DÍA
- TAPEO
- BOCADILLOS

# CREACIÓN DOS GREMIOS DE MAR DO GROVE EN 1771 E DE PORTONOVO EN 1772.

Por: Francisco Calo Lourido.



Corren moi malos tempos por toda a costa galega e máis concretamente polos portos da Xurisdicción da Lanzada, o que incita ós mariñeiros a se asociar para ter cubertas as necesidades máis perentorias que, nunha sociedade que subsiste no día a día, se reducen á enfermidade e á morte. Neste contexto é onde temos que incardinar a decisión do 22 de setembro de 1771 dos

mariñeiros de San Martiño do Grove (os de San Vicente eran exclusivamente labregos), ou a do 19 de marzo do ano seguinte dos de Portonovo. Os de Sanxenxo agardarán aínda ata o 12 de xaneiro de 1806 para se constituír en gremio e se pór oficialmente baixo a protección de Santa Rosalía de Palermo. O limitado espazo non me permite ocuparme dos tres portos, polo que me conformo con incluír neste artigo os dous primeiros, xa que se trata de actos e documentos próximos no tempo e semellantes na redacción, mentres que o documento de Sanxenxo, vila esencialmente de barcos de cabotaxe, ten unhas cláusulas moi diferentes.

Era un 22 de setembro cando na vila do Grove comparecen diante do Sr. D. Juan Francisco Fernández Mariño, “Maestre de Jarcia de la Real Armada de Su Magestad y Subdelegado de Marina de este Partido de que es Caveza la villa de San Jenxo”, 56 veciños matriculados, en nome propio e no dos colegas ausentes, enfermos, menores e impedidos para formar “Gremio separado, sin mezcla de otros oficios que no Gozan de los Privilexios de Marina”. A razón para esto é a de contar cuns fondos e provisiones que se empreguen nos “socorros espirituales, y temporales de sus Yndividuos, y a los más Gastos que sean precisos en defenza de sus yntereses y privilexios”. O primeiro que acordan e aprobar a apertura e foliación duns cadernos para anotar tódalas contas de ingresos e desembolsos. Serán os encargados deste dúas persoas, un deputado e un mordomo, que se nomearán

cada ano, tendo que xustificar os balances ós que os sucedan; pola súa banda, os patróns, conforme fagan ingresos, recibirán os oportunos comprobantes.


O mesmo os libros de contas que os caudales recibidos serán gardados nunha caixa que se construírá a tal fin e que levará tres chaves, gardando unha o deputado, outra o mordomo e a terceira o Sr Subdelegado de Mariña. Aínda hai que facer unha caixa máis para ter nela “*prontas hasta Quarenta Libras de Zera en Blandones y Velaría para lo que ocurra en los entierros de los Pobres del gremio del Mar, y aunque sea para los ricos habiendo necesidad*”. Comprométense tamén a pagarlles a mariñeiros pobres e ricos, así como ás súas mulleres e fillos maiores de 7 anos “*un hábito de Picote de la horden de nuestro padre San Francisco para su mortaja*”. Mandan aínda facer unha terceira caixa ou arca na que se gardarán tódolos recibos.



O Grove. Porto

por servir 5 meses no navío Santo Domingo, enfermado a continuación e non cobrando nada, ou a que fai a viúva dun mariñeiro de Portonovo en xaneiro do ano seguinte porque o seu home, estando no Hospital de Ferrol “*fue Dios servido llamarle a Juicio*” e tampouco cobrou, etc. Era práctica habitual e hai que se protexer por medio do gremio.

Nomean seguidamente como mordomo a Pedro Domínguez e como deputado a Juan Francisco de Aguín para que estes empecen a cobrar as cotas no vindeiro ano de 1772. Seis agremiados terán poder e obriga de revisar a



MARISCOS  
COCIÑA CASEIRA  
VIÑOS DE GALICIA


Teléf.: 986 731 956

O GROVE (Pontevedra)

contabilidade, pero polo de agora non se nomean, como tampouco se nomea, de momento, o médico nin o cirurxano que atenderán ós agremiados doentes. Pero si escollen para patrona do gremio, como “*Protectora y Abogada a nuestra señora la Virgen María Madre de Dios del Carmen*”. Comprométense a celebrar a súa festividade cada ano, a partir do que vén, no día que lle corresponde e, tendo sempre o beneplácito do cura, honrarase á Patrona tamén nas vésperas, para o que se contará, amáis do referido cura, con outros cinco sacerdotes que terán que dicir cada un deles unha misa polos defuntos do Gremio do Mar. Se os devanditos curas non quixeran celebrar a festividade, faríase esta a pesar de todo, xa fora noutra freguesía, xa nun convento. Pero eso si, hai que ter sempre na arca unha reserva para poder axudar nos sufraxios dos agremiados, das súas mulleres e dos seus fillos.

No que se vai gastar o recaudado é evidente e vese que se lle concede prioridade ó espiritual, pois aínda non nomean médico, pero xa deixan claro o que hai que investir nos enterros e na festa da Virxe do Carme. Vexamos agora de ónde sairá o diñeiro e en qué cantidades. Ó longo de todo o ano, aportarán os agremiados 5 reais por quintal de congro seco e 4 polo de polbo, así como o 3 % pola raia, ouxa e demáis peixe fresco. Contribuirán tamén co 3 % das ganancias que se consideren ás lanchas ou demais embarcacións que transporten froitos ou gran para moer fóra do país.

Para que este “Ynstrumento” (documento) teña completa validez ponse baixo a aprobación do “*señor Yntendente General de Marina, señor Ministro principal de esta Provincia, o señor Subdelegado de esta Subdelegación*” e comezará a surtir efecto no ano 1775, polo que as viúvas de matriculados que morreran antes desa data non terán dereito a nada “*a menos que sus Maridos, o sus hijos tengan ynterbención en las Ganancias de pesca*”. Remata este documento constitucional obrigándose os asinantes coas súas persoas e bens mobles e raíces presentes e futuros.



Portonovo. Porto

Diante do mesmo “*Maestre de Jarçia*” reúnen-se o 19 de marzo de 1772 30 mariñeiros de Portonovo para constituírse en gremio, redactándose un documento semellante, se ben neste caso o mordomo será Juan Antonio Carvalla e o Deputado Manuel Barbeito. Proclámase como protector e avogado o Glorioso Señor San Roque, ó que se lle celebrará festa na capela da vila desde 1774, e participarán nela o cura da parroquia e os que decidan nomear o mordomo e o deputado, preferíndose que sexan os que viven na vila. Se o cura non quere face-la festa, farase esta noutra freguesía ou ben se distribuirá o diñeiro da función en misas polos defuntos do gremio. As aportacións dos agremiados serán as seguintes: 2 reais de vellón por cento de tódalas ganancias dos barcos maiores que saian a navegar dentro ou fora deste Reino; as lanchas de pesca e as dornas aportarán medio quiñón de todo o que collan, independentemente do tipo de peixe e da arte empregada, xa sexan volantes, raeiras, redes (supoño que se refiren ó xeito), liñas, etc. Os barcos que transporten froitos ou xentes a calquera sitio aportarán tamén o medio quiñón. Os mariñeiros que marchen do Reino a gaña-la vida, deberán pagar ás arcas do gremio, cando volvan, sete reais e medio por ano de ausencia, estando liberados desto os que saíran de Portonovo para servir na Real Armada.

O resto do documento é en todo semellante ó anterior e mesmo supoño que foi copiado do mesmo ou que se empregase unha redacción estandar por tratarse de documentos oficiais.

A crise da que falei ó primeiro continuou a ser moi forte e así o deducimos dun documento de actualización das aportacións económicas do gremio do Grove feito o 18 de febreiro de 1777, seis anos despois da constitución do mesmo; pero a limitación de espacio deste tipo de traballos non me permite alongarme máis, nin

falar do gremio de Sanxenxo ou da petición de axudas económicas e dun Montepío que solicitan os do Grove. A historia da pesca galega haberá que ir facéndoa ós poucos.

FONTES: Arquivo Histórico Provincial. Pontevedra. PADÍN Y GÓMEZ, Domingo Antonio de. G 482. 22/IX/1771 e 19/III/1772.



Mesón  
MIRO


ESPECIALIDAD EN CALDEIRADAS  
Y MARISCOS DE LA RÍA

Calle LA MARINA, s/n.  
Teléf. 986 723 511 - PORTONOVO (Pontevedra)



## ONS, O MEU PARAÍSO DE ONTE (IV) "DÍA DE ENTERRO NA ILLA"

Por: Julio Santos Pena



Aquel inverno foi duro, moi duro. Dende a fiestra da miña casa miraba tódalas tardes cómo o mar pasaba dun lado a outro do peirao. A Illa estaba silenciosa só o vento que zoaba mentres se metía polas rendixas das portas e das ventás como querendo escudriñar o que había dentro das casas, nos libraba que estabamos en pleno inverno. A brétema gris chumbosa envolvía á illa, envolvíanos

a todos. Só o rechouchío dos nenos na escola poñía no ár unha sensación de vida mentres as dornas adormecían na praia de Curro un pouco máis arriba do acostumado porque, as ondas do mar, ameazaban con arrastralas no seu enfurecido ir e vir.

Aquela mañá sorprendeume que tan só dous nenos esperaban na porta da escola por mín. Saudeinos, despechei e entramos dentro da aula. Os nenos tomaron asento nos seus respectivos pupitres e fixemos algo de tempo á espera de que os demais cegasen. Mirei para o reloxo pensando se me adiantaría alomenos unha hora pero as agullas sinalaban o horario correcto.

De súpeto apareceu Pin pola porta irrumpindo na aula de xeito desacostumado, como se fora un día de festa.

- Hoxe non hai escola – espetoume como estrañándose de que estiveramos aqueles tres dentro da aula.

Mirei ó neno e volví a ver para o reloxo non fora a ser que a estancia continuada de dous meses na Illa sen saír a Terra me fixera perder o rumbo do calendario e fora aquel día un domingo. Pero era xoves.

- E . . . ¿ por que?, pedinlle unha explicación lóxica ó neno

- E que . . . morreu señora María

Non me atrevín a preguntar de novo pero gustárame que me explicara Pin qué tería que ver unha cousa con outra. Nembargantes, decateime de que aquel era un costume case sagrado e, a Illa, cando perdía algún dos seus fillos, resentíase toda ela paralizándose de seu. Mandeí aos outros dous nenos pequenos para casa porque non me sentín con forza suficiente como para rachar unha tradición de sempre e quedeime con Pin.

- E logo, ¿nunca ides á escola cando morre alguén?

- ¡ Ai non !, - dixo mirándome con fixeza como se non comprendese que o propio mestre non soubese tal cousa. E . . . seguiu, ata despois do enterro. . .

Comprendín que a cousa era máis seria do que pensaba e mirei ó ceo onde as nubes encapotaban todo o entorno mentres o mar seguía embravecido martillando nas rochas de Curro e pasando por riba do peirao. De súpeto decateime de que levábamos un par de días sen que aparecese pola Illa barco algún. Todos estaban invernados, a maioría deles en Bueu e o resto en Portonovo. Pensei que, de seguir aquelas condicións non poderían trae-lo féretro de terra para enterrar á defunta e, de ser certa a explicación de Pin esperábanme un para de días ou máis de vacacións obrigadas. O certo foi que, aquela mañá, ningún rapaz máis se acercou á escola nin ás súas proximidades.

Saín para fora. Naquel intre non chovía e ó pouco de permanecer na porta da escola vin a pequena e vacilante figura do señor Grabiél, aquel home, xa vello, con aspecto bonachón que facía as veces de enterrador. Portaba no seu ombreiro un para de legóns e camiñaba co seu paso cansino cara ó camposanto do Canexol.

- Bos días – berreille dende a miña improvisada atalaia

Gabiél vivía preto da miña casa e frecuentemente entaboaba con el conversacións cando nos topábamos en calquera momento do día.



O mar cubrindo o peirao de Ons.



PANADERÍA - PASTELERÍA

AMADOR

LA GRAÑA  
(Ctra. Bueu - Cangas)  
Teléf.: 986 321 118  
Despacho en Montero  
Ríos, 101.  
Teléf.: 986 323 120  
Bueu

- ¡ Ola !, - respostoume. Vou alá a cava-la cova, díxome como se dera por suposto que xa estaba enteirado da triste nova do día.

- Pero Gabriel, ¿vai vostede só?, - preguntelle porque parecíame que era un traballo demasiado duro para aquel home de pequena figura e xa avanzada idade.

- Se quere vir “conmijo” – respondeume cun malicioso sorriso nos beizos que sostiñan a colíña do derradeiro pitillo mentres fitaba para mín cos seus picaróns ollos. Non esperou resposta e aclaroume de que estábao a esperar Delmiro, un mariñeiro rudo e simpático que coa invernada non puidera saír ós polbos que era o seu traballo diario.

Gabriel seguiu o seu camiño logo de me facer un sinal de despedida coa man e a súa figura pola corredeira de Area dos Cans levaba un ritmo fixo e seguro.

Entrei na escola e amañei un pouco o orde dos pupitres e outros catro ou cinco detalles dos que sempre quedan atrás e ó cabo saín para baixar ata a taberna de Checho onde a



Corredeira de Area dos Cans. Camiño do Cemiterio

Señora Lola estonaba eternamente nas patacas sentada talo mostrador daquela tenda na que se podía comprar calquera cousa e na compañía silenciosa e compracente da “Chata”, unha gata que tiña a virtude de poderse colar entre os paquetes da estantería sen tirar con ningún deles.

-¡ Bos días !


-¡ Bos !, - respondeume Señora Lola sen desvia-la vista do seu labor.

-Estóulle de vacacións – díxenlle mentres entraba no seu recinto interior da tenda e me sentaba como adoitaba facer con frecuencia a carón dela para falar de mil cousas.

-¡ Pois logo !, - contestoume como asentindo á necesidade de tal circunstancia- Aquí elle así, a xente tenlle moito respecto aos mortos.

-O malo é que con esta invernada non sei se poderá vi-lo cura hoxe e, sen cura, dame a impresión de que non hai enterro.

¡ Ai non señor !, pero non se preocupe que o cura ha de vir cando traian a caixa de terra.



Igrexa e cemiterio de Ons

**COLABORA:**

**DIPUTACION DE PONTEVEDRA**



Señora Lola contábame moitas cousas da Illa. Ela tiña raíces en Noalla, - "Eu son do norte", adoitaba dicirme, e casara cun illeño moitos anos atrás por iso tiña unha dobre vertente de coñecemento de todo o que por alí pasaba.



Interior da igrexa do cemiterio. Ano de 1998

Erguinme e mirando polo ventaniño que daba luz á tenda adiviñei, nun punto da ría, o que me pareceu un barco pelexando coas ondas do mar que se me facían cada vez máis embravecidas.

-Paréceme que alí ven un barco

-E . . . será – respostoume a muller sen levanta-la vista das patacas que seguía estonando sen parar. XA lle dixen antes que habían de vir coa caixa. Mirei para o peirao e vin como a auga do mar seguía pasando dun lado a outro. O barco chegou ó cabo e varios homes apareceron no pequeno muelle dispostos a botar unha man conscientes de que era necesaria. A embarcación foise arrimando ao peirao nun exercicio de auténtico malabarismo do seu patrón que, consciente do perigo, daba adiante e atrás á espera do mellor momento para facer un ataque na escaleira mentres o mar seguía ameazante de sur a norte sen dar descanso. De súpeto, nunha operación de lustre, os que estaban a bordo botron en terra o longo paquete do cadaleito esperando pola familia da señora María envolteito en cartóns que foi recollido por dous ou tres homes dende a escaleira do peirao. O barco botouse atrás para evita-lo choque coas pedras do muelle pero, ó cabo dun par de minutos, opatrón volveu a aproximalo nunha cesada do mar. Foi entón cando saltaron en terra o cura e un familiar da difunta que viña enteirado da triste nova. Dúas mulleres con cadanseu moido na cabeza fixeron que lles cargasen a pesada caixa e acompañando o seu andar tomaron rumbo á casa da defunta.

Saudei ó cura e, xuntos, subimos pola costa de Curro conversando sobre o tempo e o embravecido mar. Arriba estaba Delmiro pálido coma a cera, desencaxado.

-¿ Que foi Delmiro ? – pregunteille sen lembrarme de que pouco antes Gabriel, o enterrador, dixérame que contaba coa axuda do rudo mariñeiro

-Cale, cale. Estiven axudando a Gabriel a cavar unha cova no camposanto e chegamos a unha caixa onde había un esqueleto. Saín correndo sen mirr para atrás.

Pouco despois o propio Gabriel contábanos ó cura e a mín o conto sen parar de reir e con todo tipo de detalles para el familiares.


Choveu todo o día como se a Illa chorase a morte da súa filla pero á tardiña, á hora do serán decidida para o enterro, o ceo abriuse lixeiramente como dando unha trégoa que non comartiu un vento constante e húmido. O cura entrou na casa e fixo os rezos de rigor mentres as fillas da defunta choraban amargamente facendo máis fortes os seus prantos cando, rematada-las oracións, procedeuse a tapa-la caixa. Os homes retiñan as bágoas mentres catro deles portaban xa o cadaleiro que foi sacado da casa describindo unha curiosa traxectoria ó redor do lavadeiro cercano. A comitiva na que nos integramos discurriu repetuosa baixo as pingueiras da chuva mentres os rapaces da escola corrían para adiante e para atrás polas veigas que facían ladeira co acmiño, nerviosos.

Unha hora despois todo se tronaba normalidade. A familia da señora María recollérase na súa casa e os homes da Illa volveron á taberna mirando para o ceo conscientes de que tampouco ó día seguinte poderían ir ó mar. Algúns sentáronse nas mesas e retáronse a unha partida.

-¡ Truco ! . . . ¡ Retruco !, - ouvíase dende lonxe. O duelo estaba rematado.



Botando unha partida. Oms



## BAR - RESTAURANTE "O QUE FALTABA"

Especialidad en: CALDEIRADAS

Barrio de Curro - ILLA DE ONS

# Poesías

Por: Pepy G. Clavijo

## “ADICADO Á ILLA DE ONS”

Hoxe estivemos en Ons  
percorrémola completa  
por iso quero contarvos  
o que vimos en toda ela.

Nun catamarán chegamos  
a ti, fermosa illa de Ons,  
chegamos entusiasmados,  
contentos nunha excursión.

Eres bela e recolecta,  
de Natureza agasallo,  
con gaivotas arxénteas  
nos teus acantilados.

Miradoiro de Fedorento,  
na distancia as Cíes,  
a costa da Vela,  
a ría de Pontevedra.

A rota do corvo mariño  
con tesouros soterrados,  
e pasadizos baixo o mar,  
touros de cornos dourados.

O Pazo de Riobó,  
o “Buraco do Inferno”,  
fábrica de salgadeira  
embarcacións de coiro.

Unha das Casitérides,  
na rota xacobeá,  
embarcacións de vimbias  
fabricadas polos celtas.

Visitáronte os fenicios,  
daneses e Gundemaro,  
es a Aunios de Plinio  
e ata de Soto recaló.

Covas de Fontenova  
e tamén de “los Cantís”,  
do Castelo de la Rueda  
seus ollos . . . Ulfo puso en ti.

Sepulcro antropomorfo  
nesta costa galega  
illa máxica  
posta do sol,  
paraíso perdido  
xa che dicimos ¡adeus! .

( Xuño 2000 )



## “A CHUVIA ”

A chuvia cae con forza,  
alguén peta na porta,  
ninguén escoita a chamada,  
ninguén escoita á chuvia.


O vento zoa con forza  
nos brancos cabelos da dama,  
ela segue o seu camiño  
e para na encrucillada.

Mira o ceo, reza,  
a chuvia cae na leira,  
a chuvia cobre á dama,  
xunto á cruz de pedra.

Non importa que non escoite  
a xente daquela porta,  
a dama segue o sendeiro  
envolta en espera brétema.

Ninguén escoitou á dama,  
ninguén escoitou á chuvia,  
ninguén estaba na casa,  
ninguén abriu a porta.

( Decembro 1999 )



## QUERO . . . E NON PODO


Quero chorar e no podo  
moi frouxo eu me sento  
o ceo co meu choro  
non para o seu movemento.

Quero berrar e non podo  
cando troa fráxil me sento  
o ceo co meu medo  
bota raios moi noxentos.

Quero morrer e no podo  
cando cae a noite . . .  
¡non podo! ¡non podo!  
caigo nun vacío de lodo  
contigo no meu pensamento.

Quero chorar, berrar  
ou morrer,  
pero non podo  
non podo  
E non sei  
como hei facer.

( Abril 2000 )



## CUENTOS Y... CONTOS E...

Autoras: Pepy G. Clavijo e M<sup>a</sup> Eva Rodríguez Ferreiros / Páxinas: 144 / Edic. Cardeñoso  
Pepy Clavijo nos introduce no mundo dos contos para rapaces a través de dez relatos, escritos en castelán, onde predominan a natureza e os animais. Na obra, que reparte exemplar con M<sup>a</sup> Eva Rodríguez se poden ler outros 10 contos máis, estes en galego.

## ARREDORES DE SANTANA OFICIOS : OS CANTEIROS

Por: José Manso Gómez



O ano 1955 Santana, concello de Sandiás, na Limia Ourenzá tiña 26 veciños, cuns 110 individuos aproximadamente, dos que uns 25 eran menores de 15 anos e só unhas 10 persoas pasaban dos 65. Era unha poboación bastante xove en comparanza coa de hoxe. En tódalas casas se traballaba na labranza e aquelas persoas que tiñan outro oficio

axudaban cando estaban libres e facían oco para poder atender certas tarefas como a seitura, a colleita das patacas, saca-lo esterco ou roza dos toxos. Asistían asiduamente á canteira unhas 15 ou 20 persoas. Había tamén un ferreiro, un xastre e un carpinteiro. Pero ningún deles descoidaba as leiras.


**OS CANTEIROS:** A canteira era entón a única alternativa á labranza: Naquelas casas onde eran moitos de

comunal. Para facerse propietarios da canteira, abondaba con botarlle o ollo a un penedo e, sen máis, xa se puñan a escarva-la terra de arredor e a rachar nel, a base de buratos feitos a barrena e a golpe de cuña e maza ou a estoupar barrenos de dinamita. No monte había moitos penedos ó descuberto, algúns de forma curiosa e impresionante efecto como o chamado “Penedo do Castrón”, situado no alto dun pequeno pico case á beira da estrada nacional. Sempre fora respectado e conservárase intacto deica cerca dos anos 50. Estudiosos como o padre Elixio Rivas Quintás afirman que no seu cume había un petroglifo prehistórico dunha cabra de monte, e de aí o nome de Castrón. Foi o mestre canteiro Salvador de Novaño (home versátil, poeta e entendido en medicina natural, destacou nembargantes no traballo da pedra, da que dicía que podía dominar como se fora de pataca, dominio do que deixou amplas mostras) que non tivo reparos en barrenalo para bloques de perpiaño. Ninguén dixo nada nin puxo o menor obstáculo pero feriu a sensibilidade de máis de un e aquela falta deixou unha fonda melancolía, tanto é así que se puxeron en circulación uns pequenos versíños que dicían:

“ O pobiño de Santana  
queda negro coma un carbón  
porque lle están a rachar  
o Penedo do Castrón.”

Os arredores termináronos de estragar coa extracción de sábrago destinado á Cerámica Alonso en Xinzo. Foran centos e centos de camiións de terra os que se extraeron sen que o pobo vira un peso. No lugar ficou un cráter perigoso e de espantoso efecto, hoxe ocupado por unha poza. Foi algo parecido o que aconteceu no monte do Castro, mesmo detrás da Torre, o onde a cuadrilla de “ Os Farruquiños ” extraeu pedra deica os anos sesenta e tantos, abrindo no monte tallos impresionantes que afectaron gravemente á estética do entorno e

á propia seguridade da torre, pola proximidade dos barrenos, sen que houbera autoridade algunha que interviria. Cando acertaban cunha boa veta explotábase ó máximo. Na zona chamada “As Canteiras”, próxima ó Penedo do Castrón, chegaron a traballar 5 cuadrillas diferentes nunha



Monumento autoerexido por Salvador de Novaño

familia e sobran brazos, ós rapaces que cumprían 14 ou 15 anos mercábanlle un par de picos e de seguida os alistaban nunha das 2 ou 3 cuadrillas que loitaban coas pedras. As cuadrillas traballaban ás ordes dun mestre canteiro, que tomaba en propiedade unha canteira situada no monte

fronte de menos de 500 m. Que eu recorde : os Mendozas ( 2 cuadrillas diferentes), os Emilianos, os Farruquiños, os do Avelino, . . .

O traballo dos canteiros organizábase deste xeito: Despois que o mestre sinalaba por onde había que rachar, uns acuñaban o penedo, que consistía en abrir buratos a cincel en liña, duns 20 cm. de profundidade, en cada un introducía unha cuña que dous canteiros ían golpeando compasadamente ata que o bloque abría. Se o penedo era moi grande e duro, metíase un barreno: había que furar un burato o máis fondo posible, a veces de máis de 1,50m. Utilizábase en primeiro lugar o *pistolo*, unha pequena barrena duns 30 cm. de longa, que se golpeaba con maza ata acadar unha fondura duns 15 ou 20 cm. , a continuación metíase a *barrena*, barra de ferro duns 2m. de longa por 5 cm. de diámetro, collíana entre dous homes, un enfronte do outro, e golpeaban insistentemente, unha e mil veces; de cando



en vez ían enchendo o burato de auga para abranda-la pedra e limpa-lo po. Cando se consideraba que o burato era suficiente fondo, preparábase o barreno, colocábase a carga explosiva no fondo, clorato potásico preparado in situ por eles mesmos. Os compoñentes químicos mercábanos na droguería (compoñentes: xofre, trilita, borra de carbón), ou nitroglicerina; metíase-la mecha e atascábase ben o burato con terra, deixando un anaco de mecha fóra, de xeito que permitira escapar unha vez prendida. O bloque desprendido podía ser novamente rachado en pezas máis pequenas, que se facían polo sistema de cuñas. Despois pasábase ó preparado das pedras ( as medidas tipo standart eran de 100 x 50 x 25 cm. ) e rematábanse a pico para tratar de alisar o máis posible. O repiniqueado de moitos picos á vez producía un agradable e rítmico son, audible dende lonxe, que non pasou desapercibido para moita xente e foi fonte de inspiración en algunhas composicións, como no mestre de ballet Rey de Viana. Para mover os grandes bloques empregábanse pancas, que as veces necesitaban tódalas mans dispoñibles,

e volteando sempre sobre un cachote, para facilita-la seguinte reviravolta. O mesmo sistema empregábase para cargaren os carros ou camións (colocados sempre en cargadoiros a inferior nivel). Para sincroniza-lo emprego de varias pancas no volteo, mesmo que para empurrar varios homes unha mesma pedra, utilizaban o grito de “¡Oooo. . . ún!” ( son que ía in crescendo ó tensaren os músculos e decaía ó relaxárenos). Ó decae-lo día, os canteiros baixaban cantando

e ían a aguza-los picos na chamada “Forxa dos Canteiros”, na casa da tía Margarida, que consistía nunha fragua con ventilador accionado por unha manivela e que acendía con carbón vexetal para poñer os picos ó roxo vivo. Despois estirábanse a golpe de martelo sobre da zafra. Non é fácil o asunto, un pouquiño de lume máis do necesario e pódese destempla-lo aceiro.

Cando había que construír unha casa, o mestre canteiro que a contrataba empregaba, por suposto, a pedra que el viña rachando no monte; polo tanto primeiro había de preparar toda a necesaria. Despois viña o *carreto* , ou traslado da pedra dende a canteira ata a obra. O que facía a obra avisaba a tódolos veciños do día determinado. Aquel día desprazábanse co carro das vacas deica a canteira e a cada carro púñase un bloque ou dous ( ata uns 2.500 Kg de peso). Podíanse facer dúas viaxes e a veces precisábase repetir noutro día.

Regresaban os carros un tras doutro de cara a casa, cantando a coro. Despois, o dono dáballes-la copa a todos, e mailas gracias, porque o carroto era un traballo solidario ó que se tiña a obriga moral de asistir, a non ser que estiveran as vacas recién paridas ou enfermas, e nese caso facíase saber. Era un traballo que hoxe se facía por min, mañá por ti. Amparándose nesta nobre tradición, cando se construíu a casa do Concello en Sandiás (ano 1956) o Sr. Alcalde de entón (D. Agapito Feijoo) non tivo ascos en chamar a carroto a tódolos veciños co xugada, baixo ameaza de represalias. É posible que os canteiros cobrasen outro tanto, ¡así xa se podían facer obras que din custeadas con diñeiro estatal! .

Realizado o carroto, abríanse os cementos, nos que se metían pedras brutas e sen labrar e despois íanse poñendo fileira sobre fileira as pedras labradas; cada pedra púñase entre dous canteiros, con “palanqueta”, un de dentro e outro de fóra. Mentres, o mestre de obra mira a chumbada e o nivel e vai *calzando* en caso necesario. Se unha pedra se inclina para fora dirá que “ploma”, se encolle, di que “resta”. Para ergue-las pedras, utilizábase a *maroma*, que consistía en dous postes de madeira semellantes ós da luz, colocados en forma de aspa desigual amarrados con cordas e da que colgaba a *diferencial*, unhas cadeas con *roldanas* que permitían subila a ritmo lento pero sen máis esforzo que o dun canteiro a turrar dun extremo. Ó remata-la obra, sobre a pedra máis alta da *pimpineira*, púñase o ramo. Esa noite, o propietario pagáballe unha cea a tódolos canteiros.

Quixéralle render aquí unha pequena homenaxe a estes rudos e sufridos homes que dende os comezos dos tempos deixaron por tódalas esquinas do mundo testemuña de si en descomunais, medianas e pequenas pedras, única materia perdurable, e que fixeron posible co seu pico e o seu punteiro a historia e o arte. Homes como o meu avó por parte materna, Ramón O Canteiro, que participou na ampliación da capela de Santana e morreu en accidente en Piñeira cando construía unha casa. Homes como o meu bisavó Francisco Doval, O Barroso, sogro do anterior que, procedente da comarca pontevedresa de Ponte Caldelas arribou un bo día na Lavandeira , sen máis capital que uns cantos picos nun saco e o encanto

suficiente para namorar a unha rapariga limiá. Homes anónimos que ergueron casas, os muros e as calzadas deste país e que permitiron, e nos permiten, ler un pouquiño no noso pasado.

A colleita do labrego vai podre,  
rillou a carcoma a do carpinteiro,  
pero a obra do canteiro,  
cen séculos ten, e non morre.



Torre de Sandiás

Traballo realizado con información facilitada polos canteiros: Benito Gómez Quintas e Julio Carneiro “Rato”

# A CASTAÑA: DE PAN DE POBRES A CAVIAR DE MONTAÑA

Por: Xavier Barreiro



¡O antigo *pan galego*! Onde antes enchían estómagos famentos, agora estas *delicatessen* son un dos xéneros máis apreciados por afamados cociñeiros. Pola súa facilidade de conservación foron o alimento de reserva máis usado polo campesiño galego ata a chegada do millo e a pataca.

Son o froito dos castiñeiros galegos -*Castanea sativa*- sementados aquí polos romanos e na Arxentina por galegos. Pola contra, fixéronse estudos de palinoloxía e carbono que demostran que o castiñeiro medraba en Galicia antes da chegada dos romanos (Mandianes Castro, *Boletín Auriense*, nº XX-XXI, 1991, p. 293). Na súa composición atopamos: hidratos de carbono, azucres, almidón, potasio, fósforo e outros minerais; a concentración é dobre nas castañas pilongas, secas. Aportan ó organismo 196 calorías por cada 100 gr. Pertence á familia das nozes pero só é rica en amidón, non en aceites, e quizais esta fose a razón pola que os romanos lle chamaban *nux castanea* ás castañas. Para que o froito sexa bo fan falla períodos de moita choiva seguidos de moito sol.

As mellores, por calidade e tamaño, proceden dos montes galegos de Lugo e Ourense, seguíndolle en importancia as de Asturias e León. O igual que acontece noutros eidos da economía galega, dos que tamén somos grandes produtores, o mercado nacional da exportación e distribución da castaña atópase fóra de Galicia, en Barcelona, dándose o caso de que o mesmo país que vende granito do Porriño coma se fora mármore de Carrara, exporta castaña galega como propia. Outros grandes produtores mundiais son os chineses, italianos e franceses.

Os grandes consumidores son os franceses, arxentinos, italianos e italoamericanos, se ben estase a consolidar un novo mercado en países europeos e hispanoamericanos -Brasil e Puerto Rico- onde acadan un prezo moi elevado. As tendencias actuais, en canto ás preparacións culinarias, redúcense a comelas conxeladas, en puré, como marrón glacé, ou frescas, quizais por non ter unha cultura gastronómica da castaña. É de salienta-lo consumo de fariña de castaña en preelaboracións para alimentación infantil no norte de Europa e para pastelería especializada en Francia. Galicia, potencia productora e exportadora do froito do castiñeiro, estase a perder unha fonte de inspiración gastronómica por non xeneraliza-lo uso da castaña, e da fariña desta, en repostería e panadería ou na cociña tradicional. Os grandes consumidores están demandando castañas dun calibre cada vez máis grande, en detrimento do sabor e da calidade das pequenas.

## O CAUREL

Este espacio natural de montaña na provincia de Lugo é unha das mellores zonas de produción deste froito. Dende aquí envíanse castiñeiros para a repoboación forestal na Arxentina. No Caurel teñen unha cultura propia da castaña, reflectida na gastronomía, nos recursos económicos, no refraneiro, na paisaxe e no deseño das vivendas antigas. Os veciños do Caurel distinguen estes tipos de castañas:

**Abarqueira:** a castaña baleira.

**Bravas:** hai anos que se dan e outros que non saen.

**Picois:** as que se desprezan cando se escollen ou que parten ó debullalas para quitárlle-las tonas durante o bandoxo.

**Presa:** froito dun castiñeiro bo para madeira e que rende moita cantidade de castañas. Dise que estas castañas non son as máis saborosas.

**Raigonas:** son as segundas en caer da árbore; as mellores para comer e as que mellor pelan.

**Velliñas:** é moi oscura e debúllase mal.

**Vérdeas:** as máis sabrosas e as que máis abundan, xunto coas presas.

A **colleita** dura dende setembro ata mediados de outubro, sendo polo nadal a época de maior consumo. Chegado o tempo, abanéase o castiñeiro cunhas varas longas -taloura ou bareiro- para tira-lo ourizo que encerra de dúas a catro castañas. Logo desourízanse para escolle-las grandes e redondas, aínda que hai veciños que as pasan por unha criba para clasificalas por calibres. Lévanse ó **sequeiro** para secalas -e afúmanse un pouco- ó lume manso duns chotos na **caniceira:** táboas estreitas e longas cunha separación duns 3 cm que, penduradas do teito, deixan pasa-la calor sen que caian as castañas. A seca pode durar de 8 a 15 días.

PANADERIA



CAFETERIA

# PANNES

Ezequiel Massoni, 22 - Teléfono 986 891 451 - MARIN

## ¡PÍDANOS PRESUPUESTO!

Preparamos, previo encargo: Buffets, empanadas, comidas y todo tipo de reuniones gastronómicas, familiares y amigables.

**Saldrá satisfecho de nuestro Servicio**



Ó quitálas do sequeiro faise o **bandoxo**: límpanse a man para separa-la **puxa** -a tona de dentro e máis a de fóra- e os **picois** -as pequenas, de pouco valor, que están fendidas ou que teñen o verme chamado coco-. Outro xeito de face-lo bandoxo consiste en mete-las castañas do sequeiro en sacos e darlle golpes ou pisalos, o que se chama face-la **bullá**, que tamén se fai na provincia de Ourense. Dise que unha clase de castaña é boa se **da o tercio**: de tres partes, en peso, que entran verdes no sequeiro recóllese unha seca.

## REFRANEIRO DA CASTAÑA

Revisando a bibliografía etnográfica topamos que o **cantigueiro popular galego**, de Marcial Valladares, adícalle varias estrofas:

*Miña nai, doime a barriga  
-Miña filla, confesión.  
As castañas que comiche  
¿de qué castiñeiro son?*

*Castañasadas  
e viño con mel;  
e a miña señora  
de trás do tonel.*

*A castaña no ourizo  
quixo rir e reventou:  
caendo castiro abaixo,  
mira que golpe levou!*

*As castañas ben se comen,  
o viño vaise bebendo;  
o cariño vai entrando:  
a honra vaise perdendo ...*

**O Refraneiro Galego Básico**, de Xesús Ferro, recolle algúns refráns da castaña:

- A castaña no agosto quere arder; e no setembro, beber.
- Castañas no Nadal saben ben e pártense mal
- Con castañas asadas e sardinas salgadas non hai ruin viño.
- Temperá é a castaña que por setembro regaña.
- Polo San Martiño, castañas e viño.

## O MAGOSTO

A etimoloxía da palabra magosto é un tanto confusa. Hai filólogos que a consideran derivada do latín *magnus ustus*, gran fogueira, polas caharelas ou grandes fogatas que se fan nun magosto; algúns decántanse por *magnus*, maxia ou magno. Outros indican unha procedencia celta da palabra *mag*, campo.

O magosto é unha celebración festiva de carácter cíclico porque representa o paso a outro ciclo agrícola; de festa relixiosa porque se fai en vésperas do día de Defuntos; é gastronómica porque coincide coa matanza, co viño novo e coa colleita das castañas. É a festa gastronómica máis vencellada coa castaña.

Todo magosto comeza polo ritual de recolle-la leña para a cacharela, que simboliza ó deus sol, dador de vida e purificador das ánimas. Os veciños aportan as castañas e outras viandas -chourizos, empanadas, cocido, augardente e patacas- para unha comida conunitaria e sacra que simboliza os vencellos sociais da comunidade. O lume da cacharela serve para dar grazas polos froitos recibidos, por tanto é un sacrilexio apagalo. En resumo: unha festa pagana reconvertida en gastronómica e cultural.

É posible que o magosto xenerase nos galegos esa afección polas festas con foguetes e bombas de palenque que tanto iluminan o ceo nas noites de foliada.

## CULINARIA DA CASTAÑA

Asadas, frescas, pilongas, cocidas no caldo de nabizas e berzas, como guarnición ou en recheos, nos postres e ata no caldo son o cerne dun bo manxar para os paladais máis sibaritas:

**Para cocelas** fáiselle un corte dende a base ata a punta. Cúbrense con auga, caldo ou leite e déixanse ferver 15 a 20 minutos; o feixe de nébodas, fiuncho e loureiro é opcional.

**Para pelalas**, ou debullalas, quitámoslle a primeira tona cun coitelo ben afiado. Escáldanse cinco minutos en auga salgada fervendo. Sacámolas da pota ás tandas para que non enfríen e quitáselle a tona de dentro.

Como acompañamento ou adobío de pratos de caza, aves, guisos ou elaboracións con alimentos graxos e xelatinosos.

Para asalas faiselles unha raspa na casca cun coitelo. Ásanse no forno ou nunha tixola con furados. Nos magostos galegos emprégase o tambor ou *cachela*: recipientes metálicos con buratos e de forma cilíndrica ou de caixa de zapatos. Pódense facer no microondas en sete minutos pero non arrecenden comas outras. De asadas, tapalas cun pano para que non perdan a calor e rematen de asarse por dentro. Se lles damos un “preasado” podémolas conservar meses no conxelador para rematar de asalas nun intre.

Para conxelalas primeiro pélanse e despois de que arrefríen envasámolas en bolsas de plástico para conxelalas a -30° C, procurando meter en cada bolsa a cantidade que pensemos cocinar nunha vez. Tamén se pode conxelar o puré de castañas.

Para facelas pilongas, na casa, primeiro hai que asegurarse de que non teñan o verme e deixalas a secar nun sitio seco e ventilado ata que se lles poidan debullar coas mans. Os artesáns da castaña no Caurel din que as pilongas non se deben poñer á remollo, só lavalas e cocelas con auga quente, chourizo e touciño, ou ben no leite; hai quen as chupa como se fosen caramelos.

Para conservalas ó natural facemos o mesmo que para pelalas e logo cócense quince minutos en auga cunha cullerada de sal por litro de auga. Arrefriar e conservar no líquido da cocedura en tarros de vidro ben pechados e desinfectados á calor. Tamén se poden gardar en xarope forte -zucro e auga a partes iguais- cun pau de vainilla.

A **fariña de castañas**, mesturada con trigo nunha porcentaxe dun 15% ata un 30%, ten os mesmos usos ca de trigo. Filloas, biscoitos, empanadas, pan e outras preparacións, melloran de sabor con esta fariña, aínda que non espesan tan ben un caldo como a fariña milla.

## VOCABULARIO GALEGO DA CASTAÑA

Tipos de castaña:

**Bolerca**: a que abortou dentro do ourizo, que non medrou.

**Brava**: a do castiñeiro bravo, sen insertar.

**Bullada**: a que xa pasou pola bulla.

**Bullote**: castaña asada no tixolo ou cacho.

**Burgazo**: castaña fresca cocida que se come con leite.

**Crouco**: a que é pequena.

**Degaro**: a castaña degraída. Tamén se chaman *restrelos*.

**Degraída**: cae do ourizo ó chan xa madura. Degaros.

**Enxeridas**: formadas por varias pezas.

**Maia**: a pilonga ou seca, e afumada.

**Mamota**: cocida coas dúas cascas ou zoncho; é a castaña mal asada que non pela ben.

**Pilonga**: castaña seca.

**Zoncho**: a mamota. Na bisbarra ourensán enfiáanse nun cordel a xeito de rosario.

**Barexar**: travesura dos cativos que van roubar castañas ós vecinos para o magosto.

**Cacho**: tixolo.

**Caldudas**: potaxe de castañas secas cocidas.

**Debullar**: quitarlle as cascas á castaña cocida, fresca ou asada.

**Enxerimento**: superficie onde remata a castaña.

**Moreas**: xeito de apila-los ourizos para golpealos e separa-la castaña do ourizo.

**Picós**: anacos das cascas procedentes da pisa ou do bandoxo empregados para ceba-los porcos.

**Rangalleira**: dise que o día do magosto o viño “corre á rangalleira”.

**Taloura**: vara longa coa que se abanea o castaño para que pinguen os ourizos; tamén é *bareiro*.

**Tixolo**: tixola de ferro con buratos onde se asan as castañas. Cacho.

**Xemas**: partes da castaña.



C/. Plaza de la Leña, nº 6

Teléf. 986 855 211

PONTEVEDRA



# MITOLOXÍA: O MITO DA SANTA COMPAÑA EN ONS (II) "O SEU HÁBITAT"

Por: Celestino Pardellas de Blas



Xa falamos de como os habitantes da Illa de Ons visualizaban á Compañía ou como tiñan constancia da súa presenza. Agora imos ver, coma outro aspecto característico de Ons, onde habita e como se despraza ata a Illa. Para elo é interesante coñecer antes algúns apuntes introductorios.

A Illa de Ons atópase no corazón das Rías Baixas. Conta nos seus arredores cun dos mellores caladoiros de baixura de Galicia, amén de constituír por si soa, un importante viveiro polbeiro e marisqueiro que trouxo cara as súas augas a pescadores de toda Galicia.

Tamén se atopa a carón das zonas escollidas para entrar en Galicia por vía marítima, feito que provocou diásporas prolongadas dos seus habitantes por mor das

Todas estas situacións unidas á última repoboación de finais do século XVIII, cando acoden xentes á chamada da Xunta Provincial de Armamento coa finalidade de construír unhas baterías de defensa da Ría, provocarán a chegada de familias das costas do Barbanza, do Morrazo e por último do Salnés que se instalaron, labraron as terras, dedicáronse á pesca e traballaron nas pequenas industrias que nela se montaron, telleira e salgazón.

Estas familias trouxeron dos seus lugares de orixe os mitos, crenzas, tradicións, supersticións, . . . , e na Illa as mesturaron, dando orixe a unha rica cultura popular que polo feito do illamento e mínimo contacto con terra que tiveron, posúe unhas características e peculiaridades difíciles de atopar noutros lugares de Galicia.

## HABITAT

*¿Onde se atopa, como xurde a Santa Compañía?*

Á hora de falar da Compañía, os illáns nunca sitúan o seu hábitat en Ons, hai un medo a establece-la súa morada nalgún lugar da Illa: **"Dicían os vellos de antes que, onde vive a Compañía non hai tranquilidade"**, coidaban que traería mala sorte ou algún tipo de fatal desenlace para os habitantes do lugar:


**" Á Compañía, os animais xa a sinten ó lonxe, pónense inquietos e non comen. Se vivira na Illa, íamos aquelados, os animais morrerían secos".**

Entre os motivos que argumentan para evitar situala

en Ons están:

**" . . . na Illa non habita porque non teñen tranquilidade, aquí só veñen para as <visitas> . . ."**

**" . . . polo día teñen que descansar e aquí estamos a traballar de seguido no monte ou coas vacas . . ."**



sanguentas incursións que penetraron por estas Rías e que atoparon nas Illas lugar de descanso ou de preparación da acometida.

**" . . . debido a su amplitud, riqueza de suelo, situación comprometida, . . . , tales asaltos y acometidas sufrió que sus moradores se vieron compelidos a tener que dejarla deshabitada en numerosas ocasiones."** (Salustiano Portela Pazos.Santiago 1934)

**“ . . . a Compañía monta o seu campamento nos arredores da casa do <Vivo> que porta a < Facha > nos <Acompañamentos >. A Facha nunca a levou ninguén da Illa . . .”**

Os illáns intentan cos seus razoamentos, afastar das súas terras un acaecemento que trae malos presaxios para as persoas e intranquilidade, enfermidades e mesmo a morte para os animais.

Un relato escoitei que fala dunha estancia diúrna da Compañía en Ons, pero coma un feito illado e casual:

**“ . . . levei as vacas ó monte e deixeiñas alí. Cando viña polo camiño do cemiterio cara a Canexol, escoiteinas bruar, coma se alguén as estivera a molestar.**

**Volvín, por se eran rapaces a enredar con elas, e mireinas a correr coma se as estiveran a espantar, pero alí non había ninguén.**

**Non fun capaz de calmalas, ateinas e leveinas de volta á corte. Durante todo o día estiveron intranquilas e, en dous días, non comeran nada e daban sangue en vez de leite.**

**Tiveron que ser os do < Acompañamento > que esa noite fixéronlle a segunda <Visita> a Antonio. Seguro que se lles fixo de día e quedaron a descansar no campo das Xabreiras . . .”**

Esta claro que os illáns non queren que a Compañía viva nos lugares que eles habitan, tanto na Illa coma tamén en Bueu :

**“ . . . mireina marchar da Onza para Bueu, iría a <Visitar> a . . . , pero antes do amencer volve para Noalla ”.**

Se non vive en Ons e tampouco en Bueu, entón  
*¿ Onde habita a Compañía que visita a Illa de Ons ?*

É aquí cando tódalas referencias se poñen de acordo **“ A Compañía vive e ven de Noalla ”**. ( Noalla é unha parroquia do municipio de Sanxenxo que se atopa fronte á Illa de Ons, pola súa banda leste. ).

Non atopei na Illa ningún dato que fale doutra procedencia, agás algúns relatos esporádicos que a sitúan (a outra Compañía diferente ) nas poboacións de Ribeira, Poboá e a Illa de Sálvora, pero que nada ten que ver coa da Illa de Ons:

**“ Contoume o meu pai que estando de noite preto da Illa de Sálvora a recolle-lo aparello, miraron unha < Lus > moi forte ; mirábase como o día ! ; asustáronse, armaron a vela e puxeron rumbo á Illa ( Ons ). Sabían, polos vellos de antes, que a Compañía que anda por Ribeira non se achega a nosa Illa.”**

A compañía sempre vén de Noalla; os motivos para situala nesa parroquia poden ser varios, pero seguindo, como dín na Illa: **“A faladoría da xente”**, poden ter unha orixe baseada en rivalidades, competencias, celos, envexas, . . . , cuns xermes históricos e comerciais:

a) **Históricos**: Antes do último despoboamento, principios do XVII, os habitantes de Ons procedían e tiñan relacións administrativas coa Península do Salnés. Cando se realiza o poboamento de 1810 as últimas familias en incorporarse á chamada da Illa foron precisamente do Salnés.




As familias que viñeron desa zona estaban en minoría ante as do Morrazo e Barbanza. Disputas pola adscrición municipal. Por . . .

b) **Comerciais** : Durante máis de 100 anos mantiveron coa parroquia de Noalla relacións comerciais ( venda de peixe e compra de viño ); relacións relixiosas (romaría da Virxe da Lanzada); pesqueiras ( pesca na costa, captura de cangrexos no Bao, venda de peixe na lonxa e pola parroquia, . . . )

Estas circunstancias trouxeron unha grande rivalidade e desavinzas que puido se-lo desencadeante de situa-lo hábitat da Compañía en Noalla, así coma os veciños desta parroquia, se-lo portadores da <Facha>:

“ . . . o home de Noalla que levaba a <Facha> era labrador pero á noite, cando ía para a cama, quedaba frío, frío coma a neve, e nese intre marchaba a ánima del. A muller ten ido moitas veces a chamar pola xente, pois pensaba que lle dera un mal, pero cando acudían xa estaba ben. . . .” Esta circunstancia, de busca-lo hábitat da Compañía en Noalla, parece te-lo fondo na búsqueda ou nun desexo de afasta-la mala sorte que pode traer, cara os seus rivais .



¿ Como se despraza cara a Illa dende Noalla ?

Atopamos dous lugares de partida: “Praia de Aios” ou “Ermida da Lanzada”.

“ . . . o finao do meu pai un día, cando chegou ó alto da casa de Juan, mirouna vir polo mar, pasaba da Lanzada e viña cara a praia de Melide, . . .”

Segundo de onde parta, ten un lugar de recalada na Illa: “Monte do Centulo” ou “Praia de Melide”.

“ . . . viña voando dende a praia de Aios, pasou polo Camouco e veu bater ó Centulo. Mirábase coma o día . . .”

Pode vir: “Andando sobre as augas” ou “Voando sobre elas”.

“ As veces mírase unha claridade no mar, coma se fora unhas luces que parecen que veñen camiñando, . . .”

Sempre hai uns motivos específicos para vir que, polo xeral, están relacionados co lugar de partida e de recalada.

“ Viña da fiada coa miña cuñada, e vimos o <Acompañamento> que se aproximaba dende a Lanzada. Cando nos dimos conta, xa estaba na praia de Melide. Botamos a correr e ó chegar á de Iñacio escoitamos un ruído, coma un asubío forte, e unha voz que dicía:

-Modista, alarga o paso, entre as nove e as dez

e deixa a noite para quen é-

Ó chegar a Curro estaba o sr. Arturo na porta e nos di:

- ¿ para que corredeis? Non ter medo, van a casa de José que xa ten dúas <Visitas>.”

Polo xeral, cando a Compañía sae da Lanzada e ven a recalcar á Praia de Melide, é que vai de < Visita > anunciando unha desgracia.



R  
E  
S  
T  
A  
U  
R  
A  
N  
T  
E

## PINAREJO

Especialidad en PESCADOS y CARNES a la BRASA  
MARISCOS frescos y excelente TERNERA GALLEGA

Contamos con un amplio comedor ideal para Bautizos,  
Primeras Comuniones, Comidas de Empresa...

Carretera de la Lanzada, Noalla, Sanxenxo - Teléf.: 986 745 670

A  
S  
A  
D  
O  
R

# O GROVE, TERRA DO MECO

Por: José Miguel Besada Fernández



## A LENDA

É en O Grove, o pobo concreto da lenda, onde o Meco tiña os seus dominios, exercía o seu despotismo, onde foi axustizado, . . . en fin, onde este mito ten a súa historia.

Conta a lenda de que o Meco era un crego non galego, déspota, que dominaba a todo o pobo e ó que se atribuíu o dereito de pernada ( durmir cunha noiva a noite anterior ó seu casamento). Viviu nunha época alá polo século XV ou XVI, tempos nos que a situación da bisbarra era crítica, debido a certos acontecementos determinantes, coma a conversión dos dereitos de avoengo en forais, contendas sobre dereitos de dominio da pesca, as guerras irmandiñas, a peste, . . . e na que a ambiciosa caste dominante exercía un poder abusivo.

Un día, xogando unha das habituais partidas de cartas, perdeu con un mozo que era moi apreciado e respectado polos veciños e, sentíndose humillado por este feito, desafiou ó mozo dicíndolle: - “ Si, alégrate hoxe que eu xa me alegrarei mañá coa túa moza”.

Decatándose os veciños e, sentíndose unha vez máis ofendidos por este feito, cansos xa de tantos abusos, decidiron ir a por el e colgárono nunha figueira no monte da Siradella, sito na entrada da península, para así mostrarlle ós visitantes o que se fai no pobo de O Grove ós personaxes que, con métodos chulescos e despóticos, queren asoballar á xente.

Chegando despois a Xustiza para esclarece-los feitos e castigar ó criminal, preguntaba o xuíz:

- ¿ Quen matou o Meco ?.
- ¡ Matámolo todos !

Velaquí a famosa lenda do Meco que aínda de que non haxa datos históricos de que sucedera, é asumida polo pobo de O Grove coma un feito real.

## O MECO : PERSONAXE DE LENDA

Máis por tradición oral que escrita, o mítico Meco perdura desde tempos inmemoriais ata hoxe coma un ser funesto, ruín, sen escrúpulos, poderoso para o mal, coma se fora o demo personificado, odiado por todos; unha maldición á que se lle ahí que elimina-lo seu espírito maligno. Hoxe en día existen zonas de Galicia nas que,

para amedrentar ós meniños cando choran dinlles: “ Cala que vén o Meco e leva ós rapaces que choran . . . ”; tamén no tradicional mércores de cinza celebran o rito de queimar ó Meco para así librarse das calamidades e desgracias que poidan vir deste fatídico personaxe.

Sen embargo non son poucas as referencias escritas que aluden dalgún xeito á existencia deste personaxe, algunhas das cales imos citar aquí:

Así o Meco aparece nomeado nas coplas satíricas de Mingo Revulgo, no século XV:

“ Ni del otro tartamudo - ni del Meco, moro agudo; todo va por una vía . . . ”



ACTIVIDADES “Pineiróns”

Agradecemento á:




**CONCELLO DE O GROVE**  
CASA DE CULTURA DE O GROVE

Tamén no século XVIII, o prolífico cura de Friume ( parroquia de Lousame ), D. Diego A. Cernadas xa falaba do Meco nesta glosa:

“El Meco monstruo fingido  
fue, pero si cierto fue  
y tal cual pintan ¿ por qué  
no ha de ser aborrecido?  
él por allá concebido  
ha sido en país más seco  
con que sea o no embeleco,  
pues es de allá más que acá,  
le deben tener allá  
odio inextinguible al Meco”.

O P. Sarmiento no seu “ Discurso sobre el chasco que injustamente se da a los



A figueira do Meco. Monte Siradella. O Grove

gallegos diciéndoles que perdonen ó Meco”, cre que esta lenda é unha superstición mahometana baseada na crenza de que os que viaxaban á Meca quedaban santificados e tiñan o privilexio de cometer toda clase de abusos incluso o adulterio.

É de destacar a alusión de Montero Ríos, recollida no periódico “ El Liberal ” o 20 de setembro de 1898 sobre a lenda do Meco:

“En una aldea de mi tierra, mataron a un sujeto, llamado Meco. La justicia andaba desesperada, buscando al asesino y sin poder encontrar ni un indicio, ni un rayo de luz. Como primera providencia metió en el juzgado, sito en la cárcel, a todos los vecinos varones. Ya que los tuvo encerrados, fue sacándolos uno a uno y sometiéndolos a igual indagatoria:  
-¿ Quién mato o Meco ?  
- ¡ Matámolo todos !

Da maioría destes escritos, sacados en épocas nas que as supersticións e as tradicións era lei de vida, dedúcese que este mítico personaxe no era galego, senón un mozo imaxinario, símbolo da maldade, da picardía e dos malos augurios.

## O SEÑOR FEUDAL

O feito cultural máis importante levado a cabo en o Grove foi, sen lugar a dúbidas, a creación e representación da obra “O Señor Feudal”, "zarzuela" escrita por Francisco Franco Calvete con música composta por Juan Fernández e José Besada, na que se escenifica dun xeito moi popular a lenda do Meco.

Esta sinxela e fermosa obra teatral foi escrita no ano 1930. Era unha época difícil para un pobo no que aínda non había luz eléctrica e a economía de subsistencia. O contacto coas actividades culturais doutros pobos era practicamente inexistente, salvo algunhas pequenas compañías de artistas ( cupletistas e comediantes ) que naquel tempo eran relativamente frecuentes e que ían percorrendo os pobos para facer representacións. Esta necesidade creativa nun pobo que tradicionalmente tiña unha grande afección polo teatro e á música, que eran



# Vinilo

Bar de copas e concertos  
Rúa da Praza OGROBE

as grandes manifestacións artísticas dese tempo, e o entusiasmo da Agrupación Artística Minerva, foron fundamentais para levar a cabo ese proxecto que determinante para a cultura popular de O Grove.

Esta obra é interesante, non só na súa faceta cultural, senón tamén no aspecto antropolóxico e non só polo feito de revivir a lenda do Meco, senón porque nela se amosan tamén os costumes e crenzas da época na que foi escrita. Así aparecen “as fiadas”, de cando as mulleres estaban atando os aparellos e ían para alí os mozos para murmurar, a Santa Compañía, o caciquismo, o servilismo dos ignorantes e ruíns, . . . , todo propio das aldeas daquel tempo.

### A FATALIDADE, O ESPIRITO DO MECO E AS SUPERSTICIÓNS

A escenificación de “O Señor Feudal”, tan esperada polos actores como por todo o pobo, estivo presidida por unha serie de acontecementos que fixeron revivi-los efectos fatais do espírito maligno do Meco. A superstición propia das circunstancias socio – culturais daquel tempo fixo efecto nos veciños, crendo que a maldición do Meco estaría presente sempre no pobo cando na realidade foi unha coincidencia fatal:

Poucos días antes da súa estrea, que ía a se-lo 22 de decembro de 1930, morre Da. Josefa Otero, tía avoa de dous dos principais protagonistas da obra, os irmáns Xosé e Xacobo Barral, polo que a houbo que aprazar. Foi o primeiro aviso.

A superstición non fixo efecto nos membros da Agrupación Minerva que decidiron estrea-la obra o 22 de xaneiro de 1931, pero o 18 do mesmo mes falece o autor, Francisco Franco Calvete. É aquí cando entrou o medo nos membros da Agrupación que quixeron destruí-lo libro e a música para quedar libres deste maleficio.

Pero o tesón de Emilio Franco, irmán do autor, consegue con moitas dificultades convencer ós actores para levar a cabo a súa estrea. E . . . outra vez volve a fatalidade. Un dos principais actores, o mozo Manuel Núñez Vilariño falece. Con isto a maldición do Meco xa se converte en indiscutible para as xentes de O Grove. Máis de novo a vontade de Emilio Franco, artífice de que non desaparecera esta obra, consegue que por fin se celebre a estrea o 5 de Marzo de 1931 no emblemático Teatro Besada; pero o 14 de Febreiro do ano seguinte morre quen conseguira estrea-la obra: Emilio Franco Calvete, irmán do autor.

A fatalidade, os difíciles anos da República, a Guerra Civil, a Dictadura e os anos da fame, aparcaron a representación da obra pero non os comentarios sobre a maldición do Meco.

Pasados este anos críticos, aparcada momentaneamente a maldición e baixo o interese e bo facer do veciño F. García Moldes, conseguíuse reagrupar á Asociación Minerva coa finalidade de volver a representa-la obra que tería lugar o 5 de Marzo de 1948, xusto ós dezasete anos da súa estrea e no mesmo Teatro.

Pero . . . o espírito do Meco volveu. Nun dos ensaios unha forte descarga dun raio fixo estremecer ós actores, entrándolle-lo pánico; pero a representación levouse a cabo nesa data, acadando un éxito histórico e memorable.

#### TEATRO BESADA GROVE 1931

HOY JUEVES 5 DE MARZO

La agrupación artística “Minerva” celebra una gran velada artística en homenaje a la memoria del autor de “O Señor Feudal” D. Francisco Franco Calvete, con sujeción al siguiente:

##### PROGRAMA

1. Sinfonía de la Orquesta
2. Estreno de la historieta lírica en cuatro actos y en prosa titulada.

##### O SEÑOR FEUDAL

3. Canción del Marinero por la Srta. Mandías
  4. Coro de la Zarzuela LA ROSA DEL AZAFRAN “Las Espigadoras”
- Precio: Butaca 1.80 • Balcón 0.80 • General 0.40  
Hora: Ocho y media

##### REPARTO

|   |                                       |
|---|---------------------------------------|
| MARRIRROSA . . . . . Srta. Rodríguez (Pura) | JUAN MANUEL . . . . . Barral (Jacobo) |
| ANTONIA . . . . . Aguin (Peregrina)         | JUEZ . . . . . Fernández (Albino)     |
| MARIPEPA . . . . . Sanmartín (Pepita)       | SECRETARIO . . . . . Lueiro (Eugenio) |
| JUANA . . . . . Fernández (Peregrina)       | AGUACIL . . . . . Silva (José)        |
| ROSA . . . . . Prol (Pepita)                | BENITO . . . . . Sanmartín (Manuel)   |
| MARIA . . . . . Solís (Maruja)              | ROQUE . . . . . Oubiña (Paco)         |
| CHUCA . . . . . Mandías (Paquita)           | MARTIN . . . . . Benavides (Anselmo)  |
| MOZA 1 . . . . . Besada (Lola)              | MANUEL . . . . . Costa (Jesús)        |
| MOZA 2 . . . . . Garrido (Luisa)            | PEDRO . . . . . Alvarez (José)        |
| FEUDAL . . . . . Barral (José)              | ANDRES . . . . . Oubiña (Paco)        |

##### CORO GENERAL Y GENTE DEL PUEBLO

La dirección de la Orquesta a cargo de los señores BESADA Y FERNANDEZ.

“O SEÑOR FEUDAL” es una obra histórica que nos hará retroceder esta noche a épocas remotas para ver con emoción indescriptible la opresión de tiranía y despotismo feudal del que fueron víctimas nuestros antepasados.

Grove, Marzo de 1931 – F. Franco

Ó cabo de dous meses desta segunda representación falecía, de morte violenta (dun disparo de arma de fogo), o promotor desta segunda representación de “O Señor Feudal”.

Os poderes infernais do Meco seguían presentes na superstición do pobo e non se volta a representar ata o Nadal do 1969. Dende esa data representouse varias veces con diferentes grupos de artistas sen que houbera que lamentar desgracias, pasando xa definitivamente ó campo da anécdota os sucesos fatídicos do espírito do Meco.



## A MARRAJERA

Por: Javier Fernández Soutullo



Corría a década dos 50 cando o Sr. Amador, achegado das terras do Concello de Santa Uxía de Ribeira, bañadas pola Ría de Arousa coma as nosas, belas augas que o viron nacer, decidiu mercar un barco. Isto marcaría unha bonita anécdota á que nos referimos nas seguintes ringleiras.

Eran aqueles tempos difíciles e verdadeiramente malos, como xa noutros precedentes a mesma historia cotiá se encarga de describir. Tempos nos que moitísima xente vivía de ilusións e incluso moitos deles, diría eu, só vivían diso. Durante moito tempo o Sr. Amador, coma todos, tamén tivo a súa ilusión: mercar un barco.



Para el a escollida foi unha pequena embarcación chamada a “Santa Elena”. Os seus propietarios marchábanse, coma tantos outros, para as Américas, concretamente para Arxentina, e o Sr. Amador non quería deixar pasar a ocasión de merca-lo barco, pois verdadeiramente lle parecía a el que esta reunía as condicións para que o seu soño se fixese realidade.

Despois de non poucos atrancos chega a un acordo cos propietarios e mércalle-la embarcación. Esta quizás fose a parte máis doada; logo seguiríanlle outros de tipo máis burocrático e incluso eclesiásticos, pois o Sr. Amador Mariño ( pai ) era, e aínda o é, de Relixión Protestante. Mesmo moitos dos atrancos puxéronllos na Axudantía de Mariña, cando lle dixo a Don Xosé, o axudante, que quería troca-lo nome de Santa Elena polo de “ O Deseado ”. Ó preguntarlle o por que de dito cambio ó Sr. Amador, este respóndelle que o nome atendía a tódolos traballos que tivo que pasar para conseguilo.

Esta embarcación estaba desde un principio dedicada á pesca do xurelo pois, maioritariamente no verán, acadaba un bo prezo na lonxa e sempre tiña saída, ben cara ás conserveiras ou para o seu consumo directo, aínda que non se lle negaban outras especies, dependendo da época.

Ata o de aquí é unha historia normal para aqueles tempos, cheos de morriña e de folclore. Conta que algunhas veces usaban o xurelo para a captura do peixe espada e de marraxos do Atlántico, capturando pezas de arredor duns 110 quilos. Tanto os peixes espada como nos marraxos roldaban sempre ese peso.

Xuntamente co Sr. José o Pataquiño e o Sr. Portonovo, como así era coñecido no argot mariñeiro, preparaban as denominadas “Marrajeras”, e que xa o seu nome nos indica o tipo de captura a perseguir con elas. Estas consistían nunha tira de arame aceirado que ía soldado ó anzol e que tiña aproximadamente uns tres metros de longo. Isto non era outra cousa que un arame de freos das motos que o mercaban na punta do portoiño, no antigo taller de Sr. Albino, tamén chamado “o das bicicletas”. Unha vez ben armada e, debidamente empatada coa sedela, fíncabase no seu anzol un xurelo fresco do día aínda vivo; o anzol metíase pola parte de atrás da cabeza de xeito que tardaba máis en morrer e, ó soltado na auga movíase con moito ritmo e atraía ás presas con máis facilidade.

Unha vez largados uns poucos metros de liña amarrábase á embarcación por medio dun corto e fráxil fío, normalmente do de coser, e logo o resto da liña deixábase xa solto e desenredado a bordo. Cando o peixe espada ou o marraxo mordían o anzol, este marchaba e o fráxil fío tronzaba, espallándose varias decenas de metros de liña ata que a presa se ía esgotando pouco a pouco, á vez que se lle empezaba a recolle-la tanza ata telo a carón do “Deseado”. Estes peixes, nos últimos intentos por se liberar, sempre largaban continuas rabexadas que facían da recollida da presa un dos momentos máis álxidos e perigosos da pesca coa “marrajada”.

Cunha tralla facíase un nó corredizo chamado “Horcaperros” e enlazábaselle a cola. Este nó, ó asocar, immobilizaba ó animal e así, entre a tralla e o arame do freo das motos, asíanse eles para iza-las capturas a bordo.

O izado das pezas era un dos momentos de maior perigo para a integridade dos mariñeiros, pois un descoído tanto unha rabexada coma unha dentada dos marraxos podería causar un serio desgusto.

Nestas ocasións e con este tipo de capturas, a chegada ó peirao de O Grove convertíase en todo un acontecemento social. Alí xuntábanse todo tipo de curiosos que acurraban ós pescadores con todo tipo de preguntas, mirábanos de mil maneiras, palpábanos e incluso os que podían, aínda que os menos, fotografaban as capturas, convertendo ese momento nun verdadeiro espectáculo para a época.

Cóntame o Sr. Amador que nunha ocasión, navegando por fora da ría na procura deste tipo de peixes, cruzáronse na súa ruta co iate “Azor”, antiga embarcación de recreo de Franco que foi desmantelada no ano 1982. Dende dita embarcación e utilizando un megáfono dos de embude propios da época, preguntáronlles polo tipo de pesca a que lle dedicaban a xornada e que tipo de arte ían a usar. Contestaron co nome de “á marrajada”, dándose conta eles do que en realidade se pescaba pois xa había na cuberta algún que outro marraxo.

Contan os de Rocaford de Sanxenxo que o xeneralísimo lles comentara que tiña visto unha película norteamericana sobre a pesca do peixe espada nos EE.UU. e que esta era unha arte moi difícil de traballar e con aparellos complexos, polo que non acertaba a comprender como uns mariñeiros, nun barco tan pequeno e con medios tan simples como aqueles podían ter tanto éxito.

Este comentario ben puido desembocar en que, logo, ás veces, lle fosen pola noite, revisadas as artes ó Sr. Amador. Unha vez copiadas na súa totalidade e, probando a súa eficacia unha e outra vez, non lograron ter o mesmo éxito. Coido que non se decataron que naquel anaco de fío fráxil e sinxelo estaba o truco pois eles amarraban directamente a liña á embarcación. Así, unha vez que lles picaba o peixe, coas sacudidas que este arreaba tratando de zafarse, acostumaba a racha-la liña, o que provocaba a súa posterior fuxida.

Con isto queda demostrada unha vez máis que as maneiras e a experiencia das nosas xentes do mar foron e son o mellor aval para asegurarse os mellores froitos do mar, só cos límites que a propia natureza lles impón.



# BAR LONXA

## PORTONOVO

Teléf: 986724333

\* ALBARIÑO

ESPECIALIDAD

\*PESCADITOS

\*MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

## IMAXES RECUPERADAS DO MAR

Por: Lino J. Pazos Pérez



Na nosa recortada e, nalgúns casos perigosa costa, atópanse numerosas ermidas e igrexas envorcadas no Océano, que durante séculos realizaron a dobre función de: servir de guía espiritual ós paisanos do lugar, moitos deles traballadores do mar e, como punto de referencia que indicaba ós mariños a proximidade do seu porto ou o rumbo necesario para unha recalada sen contratempos,

Moitas destas igrexas, encaladas, figuraban e aínda figuran nos Derroteiros como verdadeiras "luces" e marcas imprescindibles para a navegación costeira, chegando a describir os seus campanarios para evitar equivocacións que puideran ser desastrosas, naqueles tempos nos que os sinais marítimos eran simples fachos a base de fogueiras prendidas nas alturas, de aí os numerosos montes que bordean a nosa costa que levan o nome de "Monte do Facho".

Estas ermidas, baixo diversas advocacións, teñen en moitos casos un nexo común. O seu patrón/a apareceu no mar ou foi arroxado a el cando viaxaba a bordo de naves case sempre anglosaxonas, aparecendo nas praias ou acantilados da nosa costa.

Predominan as Virxes sobre os Cristos e tamén aparecen algúns Santos. Todas estas aparicións baséanse nalgunha lenda case sempre relacionadas con temporais, naufraxios, incursións de piratas ou ataques de flotas, na súa maioría, de novo, inglesas.

As imaxes, de madeira, tamén adoitaban aparecer nas costas despois dos naufraxios, tan comúns nestas augas, xa que había patróns que as situaban preto do mastro ou nas proximidades da roda do temón co obxecto de que os guiara en medio dos temporais,

Neste artigo falaremos dunha Virxe, a de Chanteiro; dun Santo, o San Andrés de Teixido e dun Cristo, o dos Navegantes de O Ferrol.

Como introducción direi que para figurar neste traballo é condición indispensable cumprir todas ou algunha das seguintes premisas:

☒ *Arribar ata as nosas costas nun barco, que pode ser de pedra.*

☒ *Aparecer nas praias ou nas rochas da costa traída polo mar.*

☒ *Ser botada ó mar polos "infieis" dende a súa embarcación ou ermida*

☒ *Ser guindada ó mar para calmar a tempestade.*

☒ *Ser atopado no mar*



Ermida da Virxe do Porto, a bordo dun pequeno illote na costa de O Ferrol.

### A Virxe

Nosa Señora da Mercede, máis coñecida polo nome da **Virxe do Chanteiro**, venerada na parroquia de Cervás, concello de Ares, A Coruña figura por dereito propio neste rexistro.

A imaxe, conta a lenda, apareceu na praia do Chanteiro, levada polas ondas, despois dunha forte treboada e foi recollida polos veciños do lugar que a trasladaron a terra firme, e alí mesmo o señor daqueles predios, Fernán Pérez de Andrade, mandou edificar a ermida na súa honra.



O animal totémico dos Andrade que coroa o mosteiro de Montefaro, hoxe no Museo de San Antón de A Coruña.



### CASTELAO ENTRE NÓS

**Autor: Lino J. Pazos Pérez / Páxinas: 172 / Editorial: Deputación de Pontevedra**

Con "Castelao entre Nós", Lino J. Pazos Pérez preséntanos a figura de Castelao baixo a perspectiva das numerosas publicacións recollidas en diferentes xornais e, achéganos ás raíces que tan profundamente vencella esta terra coas súas xentes.

É unha paciente recompilación de opinións, comentarios, noticias, . . . , ás que lles da forma antes de nolas expor. Obra interesante para afondar máis na figura e na obra de Castelao.

Este cabaleiro, señor dos castelos de Moeche, Andrade, Naraío e Vilalba, coñecido como “ O Bo”, ademais de participar en numerosas intrigas e batallas fundou, entre outros, o convento de San Francisco, en Betanzos, o tamén de San Francisco en O Ferrol, o mosteiro de Montefaro, ademais da ermida da que estamos a falar, en Chanteiro.

O lugar onde apareceu a imaxe é recordada hoxe en día como “Fonte da Santa”, aínda que os regatos que verten na praia o fagan directamente ó mar, non atopándose, eu polo menos non o vin, ningún cano que encarreirara estas augas, inusitadamente limpas.

De recoñecido prestixio en toda a comarca ferrolá, e creo que case en toda Galicia, a Virxe do Chanteiro foi a enviada celestial que remediou a terrible peste que asolou aquelas paraxes a comezos do século XV.

“ A mediados de 1404 se declaró una peste en la comarca ferrolana, remediada por intersección de A Nosa Señora da Mercede que se venera en la ermita de Chanteiro. Desde ese año peregrinaba al santuario la villa, después ciudad, de Ferrol, ofreciendo al principio una sencilla flor del tiempo, obsequio que más tarde fue una especie de canastillo con flores artificiales, escudos, jeroglíficos, el emblema de la ciudad departamental, etc. conjunto al que se llamó “ A Frol de Chanteiro ”.

También se ofrecía cera, calculada su cantidad el primer día de la peregrinación midiendo el perímetro de la ermita traducido en velas.

Con el desarrollo de Ferrol varió el carácter de la peregrinación, mezclándose con el rezo de las letanías de los santos el afán de jolgorio y de regocijo. Iba a Chanteiro el procurador de la ciudad departamental, el clero con cruz y pendones, los franciscanos con cruz alzada – recuerdo de que cuando la peste, muerto el clero secular, tuvieron que



Imaxe da Virxe da Mercede que figura sobre a porta da ermida do Chanteiro.

*hacer de tal – y, al menos en lo antiguo, una persona de cada familia ferrolana”.*

Pero aí non acaba a historia e pasado o tempo comezaron as refeitas entre as autoridades de Ares e do Ferrol:

“ También el mismo día, segundo de Pentecostés, peregrinaba Ares, lo que originó ciertos roces con los ferrolanos sobre preferencia de las cruces parroquiales”.

## O Santo

**San Andrés de Teixido**, aínda que cumpre igualmente as condicións antes reflectidas, presentouse de diferente maneira ( versión mariña ):

Nun día de forte treboada apareceu unha embarcación no horizonte, o mar embravecido arrástraa ata as rochas da costa de Teixido onde naufraga, quedando a barca petrificada alí mesmo, mentres o seu ocupante, que resulta ser San Andrés, chega san e salvo a terra.

Dende aquel intre, a rocha que se atopa fronte da ermida, onde naufragou o Santo, e coñecida como “ A barca de San Andrés ”.


A lenda que rodea ó Santo obríganos a coñecer a súa morada se non queremos vagar polos camiños da escuridade cando a parca nos visite:

“ A San Andrés de Teixido vai de morto o que non vai de vivo ”

Unha vez cumpridas as obrigacións de escoitar misa e feitas as peticións normais nestes santuarios, hai que dirixirse á “Fonte do Santo” onde poderemos saber se as axudas solicitadas nos foron concedidas, iso si, sempre despois de beber dos tres canos da fonte.



Ermida de San Andrés



## BALLENAS Y BALLENEROS DE GALICIA

**Autor: Lino J. Pazos Pérez / Páxinas: 113 / Editorial: Autor**

En dez pequenos capítulos, Lino Pazos, achéganos ó mundo destes míticos seres que poboan os nosos mares. Coñeceremos algo máis sobre estes cetáceos, meténdonos da súa man na orixe das pesquerías, das especies que se cazaban en Galicia, de cómo se aproveitaba todo destas “despensas mariñas”, como se coñecían ás baleas; das factorías que existían en Galicia e dos barcos que compoñían a súa flota para rematar, despois de facer unha recalada sobre as noticias da súa pesca, no mundo máxico das lendas forxadas ó carón destes increíbles mamíferos.

Hai que arroxar ó auga unha migalla de pan e, se esta flota é que o santo tivo a ben escoitarnos e os desexos cumpríranse. Se se afunde, mellor repetir a rogativa.

Pero en San Andrés hai moito máis que facer. Nada máis coñecer se o Santo está da nosa parte é conveniente buscar nos cantís a cobizada "Herba de namorar" (Armeria marítima) coa que solucionaremos eses asuntos relacionados coa parella:

*"A San Andrés de Teixido  
o teñen que venerar  
as rapaciñas solteiras  
se logo queren casar."*

Non esquecerse de mercar as figuriñas de miga de pan coloreadas que vos venderán á porta da ermida.

Existen outras versións sobre a chegada do milagreiro San Andrés.

## O Cristo

Conta a lenda que: *"Estando na metade do océano un pailebote que facía a travesía dende os portos ingleses a O Ferrol, un mariñeiro que se encontraba na cuberta encargado da manobra de babor, escoitou unha voz que proviña do mar."*



Cristo dos Navegantes



Fonte de San Andrés

*O mariñeiro sen pensalo dúas veces arroxouse ó mar co obxecto de salvar o que creu un naufrago, atopando no medio da inmensidade oceánica unha imaxe de Cristo.*

*A tripulación, ó percibirse do suceso, recuperou do mar ó mariñeiro e ó Cristo, instalándoo a bordo e continuando a súa travesía ata O Ferrol.*

*Unha vez no porto a imaxe foi desembarcada en medio do fervor popular e entronizada na capela do Divino Socorro".*

Dende ese momento a imaxe atopada en tan estrañas circunstancias recibiu o nome de **Cristo dos Navegantes**. A devoción dura ata os nosos días e ó Cristo réndeselle culto na igrexa do Divino Socorro, en Cruxeiras, O Ferrol.

Outra versión fálanos dun barco portugués que sofre unha terrible tormenta cando se dirixía cara a Inglaterra. Por mor dos estragos que lle produxo á treboada, o pailebote, tivo que entrar de recalada no porto de O Ferrol coa arboradura rota e as velas feitas retallos.

Debido ós traballos que se tiñan que realizar a bordo para conseguir que o barco puidera continuar a súa travesía, fíxose preciso desembarcar parte das mercadorías e aparellos que transportaba nas súas bodegas, entre as cales se atopaba unha preciosa imaxe do Redentor.

Unha vez reparado o buque, o capitán quixo levar a imaxe de novo, pero o pobo en masa lle pediu fervorosamente que a deixara na vila, o que acabou aceptando.

Nese momento estíbbase producindo no mar unha forte galerna, pero en canto o capitán deu a orde de que o Cristo quedase en terra, o Océano aplacou a súa furia e o sol luciu no ceo.

Dende entón, como xa quedou dito, a imaxe coñecida como o Cristo dos Navegantes é devotamente venerada na igrexa do Socorro, en O Ferrol.

C./ Lepanto, bloque 3 - bj. 3  
Teléf.: 981 312 929  
Fax: 981 327 530  
15406 FERROL

**Francisco J. Cruz Senra**



Electro Montajes Cruz, S. L.


Polig. Gándara, parcela 127  
Teléf.: 981 312 736  
Fax: 981 312 701  
NARON

# AS AUGAS MINEIRO - MEDICINAIS DE GALICIA (I)

Por: M<sup>a</sup> G. Souto Figueroa

*Iniciamos unha serie de artigos divulgativos sobre as augas termais e os beneficios que reporta ó noso organismo unha cura termal.*

*É importante coñece-los efectos terapéuticos das augas mineromedicinais porque nos axudan a manter ou recuperar a saúde e ademais contribúen a mellorar a nosa calidade de vida. Hoxe ó traveso de Internet, tamén se poden ampliar estes coñecementos. A revista electrónica "TERMASWORLD" é a primeira publicación dixital que dispón de información científica e actualizada dedicada ó termalismo. Pódese atopar na dirección <http://www.termasworld.com>*



Balneario román do século I. Bais de Neptuno e a Nereida Amphitrite

## BREVE HISTORIA

O uso do baño, ou sexa, a inmersión do corpo na auga e a súa permanencia nela por máis ou menos tempo, debe ser tan antigo coma o propio home.

O culto e respecto dos antigos á auga en xeral e en particular ás augas termais, foi precursor do desexo de coñece-las súas virtudes e as causas destas. Para a antigüidade a auga foi cousa sagrada.

Non é posible averigua-la época en que tiveron principio a aplicación e uso dos benéficos auxilios das augas termais.

É probable que algún home, afectado por unha terrible e pertinaz doenza, para a que non atoparan alivio con ningún dos medios coñecidos na súa época, observando estas augas misteriosas, distintas das comúns, pola súa cor, polo seu sabor, olor e temperatura, se atrevese a utilizalas, xa interiormente coa auga de bebida xa exteriormente coma baño e, se con elo atopou algunha melloría, continuou co seu uso ata lograr restablecerse.

Isto puido servir de exemplo a outros individuos afectados da mesma ou parecida doenza e a reiteración de casos análogos non tardaría en divulgarse dunha a outra aldea.

Pódese, non obstante, asegurar que o emprego das augas minerais vén dende moi antigo e o seu uso xeneralizouse axiña entre tódolos pobos. Aínda que elo fora con cego empirismo, porque se ignoraba a súa composición e todas elas encerrábanse en dúas clases: FRÍAS e TERMAIS (ou quentes). Atribuíndose os seus efectos curativos á bruxería ou á acción favorecedora dos espíritos, ninfas ou deuses.

De tódolos xeitos o home prehistórico parece coñece-las augas termais tanto, as gasosas como as quentes. En Francia, nos Pirineos Orientais, concretamente en Ax, baixo varios metros de depósitos glaciares, descubriuse un captado de auga sulfurada quente, montada sobre pilotes de madeira e que remonta probablemente ós primeiros tempos do bronce e do ferro.



C./ Sol, 40 - 42  
15402 - FERROL  
Tel./Fax: 981 359 171

**DECOCVADRO, S.L.**  
COMERCIAL DE BRICOLAGE Y FERRETERIA

Especialistas en:

- Armarios empotrados
- Puertas blindadas
- Puertas de interior
- Muebles a medida

"Aproveche durante este mes nuestras ofertas"

- Encuadernación de cuadros
- Objetos de regalo
- Junquillos, frisos y tarimas

Sen falar dos fenicios, exipcios, xaponeses e vindo ós gregos cuxos coñecementos en medicina foron xa notables; é sabido que apreciaban as augas termais coma un beneficio debido ós deuses e estaban consagradas a Hércules, emblema da forza.

**HOMERO**, o máis célebre poeta grego, que viviu preto de mil anos antes de Cristo (Lib. 8 Odisea), contando os ritos e cerimoniais do seu tempo na persoa de **ULISES**, di que entre as “delicias” que se empregaban como a música, bailes e galas, estaban os baños termais.

Un desenvolvemento máis racional adquire a utilización das augas termais baixo o influxo de **HIPÓCRATES** (377 a.C.) o cal, por considera-la enfermidade como: “un disturbio de los humores corporales”, tratou de utilizar este remedio para axudar á propia natureza a restablecer o seu equilibrio.

A este respecto destacaba a favorable influencia do aire fresco e san, da dieta, do repouso psíquico e corporal, da luz, da masaxe e das aplicacións locais e xerais da auga.

Para os gregos era sen dúbida **HERACLES** a divindade que exercía maior influencia no poder curativo das augas e chegaron a ser tantos os mananciais postos baixo a súa advocación, que a denominación “hercúles” ou “herculana” fíxose sinónimo de “balnea”, ou lugar de cura hidromineral. O número de mananciais utilizados polos gregos chegou a ser moi elevado, alcanzando algúns o carácter de verdadeiros establecementos balnearios.

A grande concorrencia de enfermos facilitou que chegaran a crear en tales lugares verdadeiras corporacións e escolas de médicos que, por considerarse descendentes de **ESCULAPIO**, denomináronse “Asclepiadas”.

Coñeceron os romanos “Las aguas que apaciguaban los dolores reumáticos, las que curaban los ojos, las que disolvían la piedra o que descargaban las vísceras, favoreciendo el curso de los humores malos”. Recoñécéronse

pois as propiedades diuréticas, purgantes, etc. das augas minerais. Atribuíndolles efectos tantos máis maravillosos canto que se pretendía que presidían o seu nacemento divindades saudables, ninfas ou náíades. Este culto das augas foi a orixe empírica da balneoloxía e da hidroterapia moderna e científica, como a superstición foi a base da súa explotación.

En tódalas nacións suxeitas á dominación romana, atópanse indubidables testemuños do aprecio que estes facían dos mananciais de augas minerais, especialmente as termais, sen dúbida polos bos efectos que delas obtiñan na curación das feridas.

En recoñecemento dos beneficios que desta fonte lograban, elevaban monumentos, erguían estatuas e gravaban inscricións que chegaron ata nós.

En Galicia baños de orixe romano, son os de **Lucus Augusti** (Balneario de Lugo). Consérvanse restos dun balneario con cámaras romanas cadradas e abovedadas, con nichos nas paredes formando un arco de medio punto. Hai outras dúas cámaras abovedadas con aparello de lousa.

Acháronse inscricións dedicadas a dúas deidades supostamente acuáticas: **Laho paraliomego** consagrada por **Caelius Rufinus**, e a **Tutela**.

En **Caldas de Cuntis** (Pontevedra), **Aquae calidae**, **Ptolomeo** (2, 6, 24). Nesta localidade houbo un balneario romano no que apareceron cincocentas moedas romanas e dúas aras dedicadas ás ninfas por **Antonius Florus**, **NYMP/HIS C A/NTONIVS/FLORVUS**, a outra, case idéntica, ten a seguinte inscrición: **NYMP/HIS C/ANTONIVS/FLORVUS**.

**Caldas de Reis** (Pontevedra) identifícase con **Aquae celinis**, (**Aquis Celenis**) do **Itinerarium Antonini** (430,3) e do **Revenate** (4,43-321,8). Nos cimentos do balneario recolléronse moedas. Unha ara atopada no mesmo está dedicada a **Edovio** por un indíxena de nome **Adalus**, fillo de **Cloutius**.



Bouvette de Baden (Suiza)

Tamén existen restos romanos na provincia de Ourense. Na parroquia de Laias, situada na marxe dereita do río Miño, atopáronse inscricións latinas que fan crer que as augas minerais moi quentes que alí se atópan son as chamadas polos romanos Aquae Leae.

En Baños de Bande, Aquis Querquenis; entre outros vestixios romanos pódese consignar unha lápida votiva, dedicada ás ninfas, atopada nunha das paredes da casa Rectoral, cuxo orixinal hoxe en día consérvase no Museo Provincial de Ourense. Nela aparece a seguinte inscrición: NYMFS BOELI VS RUF VS PRO SALUTE V.A. V.S. (Nimphis Boelius Rufus pro salute sua volum solvit).

Río Caldo, Aquae Originis, posiblemente é a mansión de aquis originis del Itinerarium Antonini (428,1) e do



Santa Eulalia de Bóveda

Ravenate (4,45-30,2), que proporcionou restos romanos. Hai restos de tellas, ladrillos e de fábrica.

Baños de Molgas, Salientibus. Que Baños de Molgas foi unha estación viaria termal non ofrece lugar a dúbidas. Proba diso son os restos achados entre 1975 - 77 cando se fixo un intento de mellora na captación da fonte do balneario. Aparecen piares antigos, anacos de estatua e dúas as de bronce labradas que, segundo Martínez Risco, seguramente pertenceron á aguia - insignia dalgunha unidade militar romana, hoxe depositada no Museo provincial de Ourense.

A 4 km de Baños de Molgas atópase a Igrexa de Santa Eufemia. O soporte do altar é unha ara romana colocada

invertida na que figura a seguinte inscrición "AURELIUS FLAVIUS TAMANACU NYNPHIS EX VOTO".

En Ourense capital, nas Burgas, atopouse nas proximidades da mesma, no ano 1802, unha ara romana dedicada ás ninfas das augas, cuxa inscrición é: NYMPHIS CALPURNIA ABANA AEBOSO (ca) EX VISV V (otum) S (olvit) L (ibens), " Calpurnia Abana Aeboso cumpriu gustosa o voto que fixera baixo a inspiración dun soño, ás Ninfas das augas". Actualmente consérvase no Museo Arqueolóxico de Ourense.

## TERMALISMO GALEGO

Galicia posúe un gran número de augas mineromedicinais e augas termais, pero a provincia de Ourense é, en canto a número de augas termais e mineromedicinais, a máis rica das catro provincias galegas. Non só rica en canto ó número senón tamén en canto a súa calidade. Algunhas das súas augas non teñen nada que envexar a outras augas de países estranxeiros, países que se senten moi orgullosos das mesmas; o que ocorre é que as nosas augas nuns casos carecen de publicidade e noutros a súa explotación é nula ou ínfima, co que estamos desaproveitando unha fonte de saúde permanente.

Ata o momento o termalismo galego véñse sustentando no confianza que os "aguistas" facían nestas augas e polo uso de prácticas repetidas ó longo dos anos.

É de chamar a atención como, a pesar do deterioro, as malas vías de acceso, a falla de dotacións hoteleiras, a carencia de especialización terapéutica así como a falla de instalacións adecuadas, as persoas seguen visitando estes lugares tomando as augas ou facendo uso de simples baños, e en todas estaba moi arraigado o efecto beneficioso e curativo das mesmas.

Faise imprescindible a búsqueda de fundamentos científicos que poidan xustificar a importancia e o interese deste tipo de curas hidrotermais.

En palabras de Dr. Armijo: " Las curas hidrotermales constituyen un importante proceder terapéutico respaldado por siglos de utilización, pero precisamente por su antigüedad y el enorme progreso de la terapéutica actual, requiere ser considerada con la óptica de los tiempos en que vivimos".

**A**luminios  
glesias s/l

C./ Goya, 5

Teléf. / Fax: 981 383 748

C.I.F.: B-15.398.837

La Gándara - NARON



# A LONXA VELLA DE MARÍN: FEITOS REAIS, ANÉCDOTAS E CURIOSIDADES

Por: Laureano Mayán Taboada



Non cabe dúbida de que, ó longo dos séculos, moitos feitos marcaron o desenvolvemento e desenrolo, florecente, da nosa industria pesqueira.

Sen embargo, hai tres que, ben puidéramos dicir, son de significativa relevancia.

O primeiro ocorre no ano 1151 cando o Rei Alfonso VIII doa o Coto e Vila de Marín ó Mosteiro de Oseira.

Entón a riqueza pesqueira era moi grande. A fauna mariña destacaba pola súa amplísima variedade, aínda cando había unha especie de grande abundancia: a sardiña. A súa



calidade é recoñecida en todo o territorio español e tanto no interior coma na costa, coñécese por "Sardina de Marín". Chega a ser un artigo de luxo e, por tanto, cunha cotización moi elevada no mercado.

O segundo feito acaece no ano 1750 cando comezan a chegar á vila e ó seu entorno, familias catalanas atraídas

pola riqueza pesqueira e, sobre todo, pola popularidade das pesquerías da sardiña. Estas xentes traen consigo novas ideas, grandes iniciativas, novas artes de pesca e amplos coñecementos da salgazón e conserva de pescado, contribuíndo así a un gran desenrolo e progreso.

A principios do século pasado a pesca descargábase e vendíase nas praias próximas ó barrio de Estribela. Deste labor de venda encargábase D. José María Santiago Santiago, primeiro poxador pois, de peixe e que desenrolou esta función durante moitos anos.

As dificultades destas operacións, como é de supoñer, levan a buscar unha solución, aínda que sexa momentánea. Alégase un galpón, no mesmo lugar, propiedade de D. José Sancho, o cal cobra unha comisión polo seu uso e disfrute.

Non obstante, os labores de descarga vense favorecidos ó construírse un peirao chamado "Muelle de Estribela" ou "Muelle de Piedra". As obras finalizan en 1910 ano no que tamén finalizan as obras de construción da Lonxa do peixe, feita polo Concello marinense nunha parcela de dominio público que se lle outorgou en concesión.

Dita parcela outorgada polo Ministerio de fomento o 4 de xullo de 1907, ocupa unha superficie de 1403 metros cadrados, aínda que, en realidade, unicamente aproveita 935 metros cadrados.

Cando se empeza a construír a Lonxa non existe ningún peirao de servizo pero dado o movemento espectacular de embarcacións pesqueiras, sen límite de atraque, o Estado e a Comisión Administrativa do Porto e Ría de Pontevedra acordan a construción de dous peiraos, cuxo importe ascende a 600.000 ptas. e a Comisión aboa o alumeado de ditos peiraos ascendendo o seu importe a 5000 ptas. anuais.

E chegamos ó terceiro e, cremos, decisivo feito. Transcorría o ano 1922. A grande fonte de recursos que significaba a Lonxa, explotada en réxime de concesión



## CONFITERÍA - BOMBONERÍA - PANADERÍA **ORENSANA**

Feliciano Peña Soutullo

As nosas elaboracións prodúcense con materias primas de primeira calidade, e a profesionalidade que vostede se merece.

Calvo Sotelo, 4 - Telf. 986 880 630 - 36900 MARÍN (Pontevedra)

particular, leva á Corporación Municipal, co alcalde, auténtico paladín, D. José del Río Paredes, a intentar recobrar para o Municipio a súa administración. Realízase un traballo intelixente, constante e decidido pero que implica un gran risco.

Baseándose no incumprimento polo concesionario da Lonxa, D. Luis Hermida Araujo, de certas condicións do contrato: Falla de limpeza, hixiene, desinfección nas operacións que se realizan co peixe, deterioro do cadro eléctrico utilizado na automatización da poxa, dificultade nas operacións de traballos pola grande deficiencia no sistema de alumado e, aínda cando sen comprobación documental, a venda dos dereitos da concesión, por iniciativa propia, a terceiras persoas.

Baseándose nelo, en sesión do Concello celebrada o 3 de decembro de 1922 decídese incauta-la Lonxa, previa notificación ó concesionario.

O acto da incautación era o principio dun longo proceso que durou tres anos, xa que, como se esperaba, o concesionario presentou o preito contencioso.

Pero os marinenses non se quedaron de brazos cruzados, senón que crearon a "Junta de Defensa" da que o verdadeiro propulsor do movemento popular foi D. Raimundo Vidal Pazos.

Lévanse a cabo diversos actos públicos en varias localidades, e prepárase unha gran marcha cara a Pontevedra para manifestarse ante o Gobernador. Esta ten lugar na mañá do 22 de xaneiro de 1923 e, segundo informacións da época, participan na mesma cerca de 10.000 persoas que fan os 7 Km. do percorrido a pé. Deste feito non só se fixeron eco os xornais galegos senón tamén a prensa de Madrid. O diario ABC publicou, na súa portada, unha grande fotografía da comitiva facendo a súa entrada na praza San Jose de Pontevedra.

O 11 de marzo deste mesmo ano recíbese o fallo do Tribunal Provincial, favorable ó Municipio pero o concesionario recorre ó Tribunal Supremo. Non obstante, o concello faise cargo da Administración da Lonxa ata que



unha nova Corporación, formada por marinenses que integraron a "Junta local de Defensa", presidida por D. Ezequiel Massoni, van consolidar o paso que o Sr. Del Río Paredes dera anteriormente.

Por fin, nos primeiros días de decembro de 1925 o alcalde, que se atopaba en Madrid, realizando xestións para o Municipio, comunica telegraficamente a sentenza que o Tribunal Supremo pronunciara favorable ó Concello.

Mentres, con todo isto, a Lonxa continúa a súa función. As vendas comezan ás cinco da tarde aínda que, por escaseza de pesca, cámbiase posteriormente o horario para as dez da noite.

Os barcos podían chegar a porto a calquera hora. A súa carga sería, sempre, poxada.

Barcos que eran de madeira e que utilizaban carbón para poder navegar. A luz proporcionábana uns farois con aceite. Máis tarde con carburo, dada a maior facilidade para telo almacenado no barco. Barcos cuxos nomes poderían estar gravados con letras de ouro: "Río Lézé 4º y 5º",



## Hemicar, S.L.

Pintura al horno  
Bancada de Carrocería



TALLERES

## HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Avda. Médico Ballina, 5  
LÉZÉZ - PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045  
Móvil: 689 300 438  
Particular: 986 852 525

“Manolito e Josefita”, “Legionario e Mosquetero”, “Isabel e Aurora”, “Justiniano e Luisito”, “Río Ebro 2º e 3º”, “Morrazo”, “Chimbos”, “Víbora”, “Tigre”, “Lóriga”, “Almirante”, “Teucro e “Leritos”, . . . , e outros que, seguramente, quedarán no tinteiro.

Foi o “Río Lérez 5º” o primeiro barco que instalou unha dínamo. Para poder facerse ó mar con tamaño adianto había que solicitar permiso a Madrid. Pero transcorría o ano 1936 e as disensións políticas e sociais que desembocaron logo na Guerra Civil, atrasaban a súa autorización. Houbo que pedir permiso á Axudantía de Mariña, en Marín, que a concedeu.

Pouco antes, no ano 1933, o Concello marinense solicita á Comisión Administrativa do Porto e Ría de Pontevedra, autorización para a ampliación da Lonxa. Neste entón, o Concello, que cobraba un imposto do 3% do valor da pesca, que alcanzaba anualmente un valor de cinco millóns de pesetas, non satisfacía ningún canon, excepto o atraque dos barcos. Anos máis tarde, previo acordo cos armadores, pasouse a pagar o 2% das vendas.

A solicitude da ampliación, promove un informe do Enxeñeiro Director do Porto e Ría de Pontevedra, quen recoñece e acepta que o proxecto é necesario xa que, dado o movemento progresivo das operacións de venda e lavado, o espacio é insuficiente. Pero, tamén indica que, si á ampliación solicitada se lle impón como condición aboar un canon de acordo dos ingresos que a Lonxa obtén, é case seguro que o Concello de Marín non executaría a ampliación que solicita, aínda cos inconvenientes antes mencionados. Por elo presenta dúas solucións: ou considerar a concesión como ampliación da que disfruta ou como nova concesión. No primeiro caso impoñerlle o mesmo canon que a Superioridade fixe, para a Lonxa actual, sobre o valor da pesca que se vende e no segundo caso aplica-la tarifa vixente que obriga a aboar 0,01 pesetas por metro cadrado e día, co cal, dado que aproveita tan só 935 metros cadrados, tería que pagar 1.137,58 pesetas anuais.

No ano 1939 finalizan as obras de ampliación da Lonxa. Entre os anos 1956 e 1958 constrúense os peiraos que delimitan a dársena pesqueira. En 1974 finalizan as obras do Pavillón de Venda e Empaque.

E, alleo ó paso dos anos e ás vicisitudes que se vivían, movementos legislativos, administrativos, burocráticos, . . . , o traballo diario, duro e peculiar na propia Lonxa.

Durante moitos anos destaca a escaseza de Cigala

que, como imitación, séculos atrás, á Sardiña é coñecida en todo o mundo como “Cigala de Marín”. Hoxe, afortunadamente, prodígase en boa medida, respectando opinións. . .

- Vendedor: ¡¡¡Vendo Langostinooooooooooooo!!!

- Visitante: “Tanta fama la Cigala de Marín y no hay una . . .”

Pero se naquel entón a Cigala non abundaba podían verse, era normal, 300 caixas de Ollomol ou 150 caixas de Pescada, especie que se chegou a vender por ducia que, curiosamente, consistía en 50 pezas aliñadas por tamaños no chan, previamente lavado con auga.

Épocas nas que na venda de peixes de calidade chegaba a ofrecerse, por levar un certo número de caixas (como mínimo dúas ), unha caixa de Raia ou de Ollón, naquel entón especies de pouco aprecio.

A Lonxa encerraba, dentro e o seu arredor, un ambiente xenuíno. Visita obrigada dos turistas. A pesar do elevadísimo número de decibelios, ocasionados polo movemento de turismos, camións, arrastre de caixas, avisos, chamadas, o canto dos vendedores, discusións, comentarios, . . . , algo ó que había que estar habituado...

- Visitante: “No entiendo nada de lo que dicen.”

- Acompañante: “¿ Entonces a que vienes ? ”

- Visitante: “No lo sé, pero me encanta. ”

A algarabía, o barullo nos bares e casas de comidas (“O Coxo”, “Cabaleiro”, “Pilán”, “Rebeca”, “María Nantes”, “O Fume”, “O Bodegón”, “Chuvias”, “Carallán”, . . . ), lugares ós que vendedores e cobradores acudían para facelas contas, clasificando un sen fin de moedas e billetes espaxados por enriba das mesas, á vista da xente que enchía, por completo, o establecemento. Coa máis absoluta naturalidade, confianza e despreocupación . . . ¿ Igual que agora ?

As famosa caldeiradas que case sempre acababan con manifestacións musicais, en xeral promovidas por grupos máis ou menos numerosos pero que conseguían, sen propoñerllo, facer participar en directo e en vivo, cantando ou bailando ó que alí se atopaba e que, normalmente, faríalle chegar ó seu destino horas máis tarde do previsto.

-Rafaaaa.... o barco xa botou. Van vender.

-Déixame en paz... ¿ Non ves que estou ocupado ? ...



## LAUREANO MAYÁN BRAGA

Subasta de **PESCADOS y MARISCOS**

En la Lonja de MARÍN

Teléf.: 986 891 087  
608 307 968

República Argentina, 30  
MARÍN (Pontevedra)

Cantos negocios, para ben e para mal, se fixeron tomando unha caldeirada, unhas copas . . . Pero a xornada non remata. Hai que esperar por uns barcos que teñen avisada a súa chegada. O visitante non ten présa e espera . . . Volve a venda, a aceleración . . . O visitante, coa súa familia, viste unha camisa branca, pantalón branco, zapatos brancos e entra no recinto do peixe. Unha traballadora que arrastra unha caixa con Polbo, para o seu proceso de limpeza e preparación, coa súa habitual destreza e rapidez . . . A caixa que impacta nun nocello do visitante . . .golpe e manchas inevitables . . .

- Visitante: “ Señora, por favor, más cuidado . . . ”

- Traballadora (sen interromper a súa marcha): ¡ Vai ó carallo !



Centos de anécdotas e curiosidades quedan no arquivo por razóns de espazo. Pero todo ten un fin e as actividades desta Lonxa rematan no ano 1975.

Estamos en 1991 e sendo alcalde de Marín D. José Manuel Pierres, decídese derrubar a parte vella da Lonxa por mor do mal estado das súas paredes, é dicir, a parte aberta ou zona de arcos. Nun principio queren conservarse as columnas, respectando, ademais, un bar e un quiosco, xa que son concesións da Xunta do porto de Marín, así como

locais onde están radicadas as dependencias da Policía Nacional, entidades deportivas e culturais.

Sen embargo o alcalde, a instancia dun informe técnico do aparellador que aconsellou a demolición do edificio debido ó alto grao de corrosión dos piares, decide a demolición que se leva a cabo na mañá do 5 de abril de 1991.

Tal medida promoveu non poucas bágoas a numerosas persoas que viviron moitas vicisitudes no inmovible e a protesta de certos sectores da sociedade marinense, así como dos partidos que compoñían a Corporación Municipal que firmaron un acta o 2 de xullo de 1990 acerca da preservación de dito inmovible.

Hoxe aínda existe un bo número de bares nos que se pode disfrutar do típico ambiente mariñeiro e degustar saborosas caldeiradas.

Non nos queda nada, eso si, que sirva de recordo do que foi un dos lugares máis emblemáticos, atractivos e típicos da vila. No seu lugar un paseo, tamén moi concorrido.

Aquel fermoso recinto, as súas vivencias, seguro que continúan gravados na retina e no corazón de non poucos.

A “Lonxa Vella” xa é historia. Unha preciosa historia dun pobo que continúa tendo no mar o seu máis prezado don.

E elo, gracias a uns homes que, dende terra, esfórzanse por manter viva esta industria e a outros homes que coa súa valentía e dedicación tamén fan historia “tan só” poñendo en perigo as súas vidas día a día.

#### Datos obtidos en :

Concello de Marín, Biblioteca Pública Municipal de Marín, Libro “Pequeña Historia de Marín” de D. Manuel Torres, Biblioteca del Museo de Pontevedra, Autoridade Portuaria de Pontevedra, e Particulares. A todos o meu agradecemento, pero de forma especial a D. Luciano Santiago Pardavila.

#### ACTIVIDADES “Pineiróns”

Agradecemento á:



ILMO. AYUNTAMIENTO DE MARÍN  
ILMO. CONCELLO DE MARÍN

CONCELLERIA DE CULTURA



# Poemas e Poesías

Por: Joaquín Cobo Area

A voz do mar  
que me chama  
e me invita.  
A voz do mar  
que me reclama.

A voz do mar  
que me di  
que me sustenta.  
A voz do mar  
que o meu corazón alenta.

A voz do mar  
que me xeme  
e chora.  
A voz do mar  
que me namora.

A voz do mar  
que me arrola  
e me afoga.  
A voz do mar  
que o meu pranto enxuga

## A VOZ DO MAR

A voz do mar  
que me arrastra  
e me afunde.  
A voz do mar  
que o meu corazón confunde.

A voz do mar  
que me aperta  
e me estrulla.  
A voz do mar  
que o meu desexo empurra.

A voz do mar  
que me abraza  
e me envolve.  
A voz do mar  
que me devolve . . .  
dos meus soños á vida .

DIALOGOS  
INTIMOS



## POESÍAS DE EV. CALO LATEXOS DUN AROUSAN (III): "Fervenzas e Devalos"

### Da miña Vilagarcía. Rimas

Do Piñeiriño a Vilaxoán  
do Piñeiriño a Carril  
na Vilagarcía amada  
busqueiche un niño de pomba  
un niño de pomba brava.

Foi Fontecarmoa adiante  
camiño de San Cibrán  
na Vilagarcía querida  
onde eu dei con esa pomba  
¡ Miña pombiña ferida!.

Esta teima luxuriosa  
que me aboura de cotío  
co fracaso dun amor  
píntame as meniñas da alma  
coa tristura do solpor.

Pero acaso que hei facer  
se non podo aproar a Rianxo  
a dorna da miña dor  
para lle dicir a unha rianxeira  
que por ela morro de amor.

Sempre me estás a dicir  
¡Meu amoríño arousán!  
que hei pagar a tocatella  
o proceder vilán  
de tentar mercar amores  
de Carril a Vilaxoán  
porén  
facerche quero saber  
que para algo valer  
nos eidos do amor  
"non pode haber rencor".

¿Pero a túa alma é dor?:  
¡Arrinca a espiña e deixa  
que nos capullos da túa alma  
xurda de novo o amor!.

Se capaz de arrincala es:  
¡Gaitiñas soarán!  
¡Compases de muiñeira oiranse!  
e o teu corazón dende aquela crebado  
dende aquela ferido  
ó fin gozará  
da felicidade e da paz  
que eu lle tiña prometido.



### LATEXOS DUN AROUSÁN (III). Fervenzas e Devalos

Autor: Eduardo Víctor Castro López (EV. Calo) / Páxinas: 171 / Edición: 1º / Editorial: Autor  
É un libro de poesía no que se fala do amor que abala ó compás de diferentes latexos poéticos, de distintas tensións líricas. Amorosos sentimentos pendulares ninxidos dos máis diversos recunchos da alma, romántica expresión dos máis diversos estados anímicos a través da marabillosa maxia da palabra.  
Libro que o autor dedica: " A todos aqueles que ben saben por experiencia que o amor é cuestión de sentimento, non de racionalidade. A tódolos namorados que convencidos están, de que o amor é un estado da alma ateigado de fervenzas e devalos".

# DÚAS ILLAS DESCOÑECIDAS DA RÍA DE AROUSA: SAGRES MAILO FALCOEIRO

Por: Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez



## MANEIRA DE INTRODUCCIÓN

Podemos garantir que tanto as Sagres, pequeno arquipélago de seu, como O Falcoeiro, illote solitario, preto da costa, son dentro do conxunto da ría de Arousa as illas máis descoñecidas de todas. Ó noso modo de ver, esta ignorancia provén por situarse ambas case por fóra da bocana norte da ría, rodeadas de costas inhóspitas e ata agora practicamente desertas e improdutivas, como pode se-lo cabo Falcoeiro, da que unha delas toma o nome. Ademais, xeralmente, estas illas atópanse batidas polas grandes ondas oceánicas, o que dificulta, en grande maneira, a súa abordaxe en boas condicións de seguridade, agás nos mellores días do verán, cando as

A carencia de praias tampouco as fan atractivas para o turismo náutico estival que converte as illas e illotes deste inmenso mar interior en destino cobizado para pasa-lo día, entre os meses de maio e setembro. Lembrémo-las masivas visitas que sofren Sálvora, Vionta, Rúa e Xidoiro Areoso, entre outras moitas.

## UNHA FAUNA SINGULAR POUCO ESTUDIADA

Todas estas dificultades restrinxen en grande maneira o seu uso polo home, converténdolas en lugar querencioso para a fauna mariña que se instala nelas dun xeito preferente e case exclusivo, a salvo de predadores e de visitantes inoportunos. As Sagres e mailo Falcoeiro, que se atopan a 5 Km escasos ó noroeste de Sálvora e moito máis preto de terra que aquela grande illa, son, sen embargo, moitísimo máis pequenas, pero ó número de aves mariñas que as ocupan para aniñar cada primavera, resultan máis ricas en variedade, pois nunca atopamos naquela grande illa privada (referímonos a Sálvora) outras aves que non sexan as vulgares gaivotas.

Sagres, xunto co illote Falcoeiro, son os restos da xigantesca restinga de pedra granito, da que a mesma Sálvora, algunha vez, formou parte, e que pechaba por poñente, formando un poderoso arco, a ría de Arousa. O que chama máis a atención do visitante son, sen dúbida, os altos penedos graníticos que, a semellanza dos "moais" da illa chilena de Pascua, se alzan desafiantes cara ó ceo, adquirindo pola erosión da chuva e maila forza do vento estrañas formas antropomórficas e zoomorfas que salpican toda a súa superficie e que debuxan na paisaxe das illas o chamado pola xente de mar o "*Home morto das Sagres*".


## O ARQUIPÉLAGO DAS SAGRES

Por suposto, nunca este arquipélago estivo habitado permanentemente, pois as condicións que ofrecen non son as máis axeitadas para o desenvolvemento da actividade humana por mínima e precaria que sexa, nin tan sequera reunindo os anxeios mínimos que os anacoretas precisan. Carecen de árbores e aínda que teñen algúns pequenos



Neste prado, rodeado de penedos, nas Sagres do sur, atopamo-las únicas parellas de gaivota escura (*Larus fuscus*) que crían no arquipélago.

encalmadas matutinas permiten a visita tanto dos mariscadores de a pé como dos escasos excursionistas que se achegan a elas.



## FAUNA GALEGA PARA NENOS GALEGOS

Autores: Estanislao Fernández de la Cigoña e Miguel Anxo Pinto Cebrián / Páxinas: 158 / Editorial: AGCE.

É un enfoque moi acertado de trata-la fauna dende un punto de vista diferente e cunha linguaxe sinxela que pode ser interpretada sen demasiado esforzo pola xente miúda. Conxuga o cómic coa parte literaria converténdoa nunha boa ferramenta para introducir ós rapaces no mundo da natureza que teñen máis próxima.

mananciais (polo menos coñecemos un na illa do Sur), nos veráns moi secos chegan a esgotarse por completo.

Vistas dende terra, estas illas enganar ó ollo do observador máis coidadoso que soamente albisca as cristas de rocha que perfilan no horizonte a figura dun home serenamente deitado, pero existen, entre crista e crista, terreos chas dalgunha extensión cubertos de herba no que destacan as grandes matas de *Lavatera arborea* que son os vexetais de máis altura entre os que alí medran, podendo acadar-las 2 m e reunirse formando mestas agrupacións ó pé mesmo dos enfestos penedos. Os troncos secos destes "malvaíscos" xigantes e silvestres, fráxiles e moles, aparecen



O Falcoeiro, visto dende terra, semella unha pirámide núa de vexetación e rodeada sempre de rompentes que imposibilitan o desembarco.

despois formando parte das amplas plataformas dos niños dos corvos mariños ou galos de mar que crían nas covas que se forman nos derrubes dos falos graníticos de máis poderío.

## CASE UN CUARTO DE SÉCULO DE VISITAS ESPACIADAS

A primeira vez que visitamos as Sagres mailo Falcoeiro foi no verán de 1977, pero dende entón estivemos neles, polo menos, en oito ocasións diferentes, o que nos permitiu afondar no coñecemento da fauna tan especial destes rochedos que a fan única dentro do conxunto das illas que atopamos

na ría de Arousa, pois só nestes lugares daquel inmenso mar interior, crían tanto o paíño europeo *Hydrobates pelagicus* como o corvo mariño cristado ou, como lle chaman na illa de Ons, galo de mar *Phalacrocorax aristotelis*.

## A ORNITOFAUNA MARIÑA DAQUELES ROCHEDOS ENFESTOS

O paíño europeo *Hydrobates pelagicus*, ó que os nosos mariñeiros coñecen por "ave do mal tempo", pois a súa presenza está ligada sempre coas borrascas máis fortes,

unicamente cría, estamos a referirnos, unicamente, ó conxunto da ría de Arousa, no illote Falcoeiro. O primeiro niño desta ave descubrímolos o día 6 de setembro de 1992, no que atopamos nunha fenda situada na parte norte, practicamente inaccesible, un ovo desta especie. O cómputo de parellas elevámolos, naquela ocasión, a 6 ou 8, pois non puidemos, debido a angostura da fenda, pendurada dun perigoso cantil, penetrar no seu interior e pescudar, como era o noso desexo, os efectivos exactos da colonia acabada de descubrir. Seguramente, levaba alí moitos anos, pero ata que nós dimos con ela, agachada secretamente na escuridade profunda daquela greta, ninguén a describira na historia natural de Galicia. As colonias de cría máis próximas de esta especie atopadas igualmente por nós, áchanse, polo norte, no illote Vilán de Fóra, en Camariñas, a máis de 50 Km deste lugar, e polo sur, no illote Agoeira das Cíes, por fóra da ría de Vigo, a case 39 km.

No mesmo lugar onde crían os paíños europeos, neste illote piramidal, enfesto e nu, que acadar os 30 m de altura, houbo en tempos dous niños de corvo mariño, que vimos xa no ano 1977, pero que, despois, en 1981, desapareceron para sempre. De tódolos xeitos, o lugar non era moi bo, pois estaba á vista e os niños resultaban facilmente espoliados a pouco que se tivese algunha destreza en andar polas pedras. Polo tanto, o corvo mariño desapareceu como especie nidificante da ría de Arousa a principios da década dos oitenta e nunca máis ninguén atopou un lugar de cría axeitado para esta ave mergulladora ata que en 1996 dimos cos tobos ou covas que agachaban un par de niños que polo seu grande tamaño semellaban ser desta



**HOTEL \*\***  
**CRUCEIRO**

**Hotel**  
**Cafetería**  
**Restaurante**

Tfnos.: 986 543 947  
986 524 900

Fax 986 524 911

CASTRELO - BOUZA

Cruce Playas del Facho

36639 CAMBADOS (Pontevedra)




especie e non de gaiyota patiamarela *Larus cachinnans* que criaba por todas partes, ocupando, nas Sagres, as praderías,

atopamos un total de 8 ou 9 niños, distribuídos do seguinte xeito: 6 ou 7 na Sagres do Norte e 2 na Sagres do Sur. Aínda

que a temporada de cría xa estaba vencida, pois o mes de agosto resulta a todas luces serodio de máis para a reprodución destas aves. Restos de cáscaras, adultos mortos, plumas mouras por todas partes, certificaban que alí, uns meses antes, a vida na colonia dos corvos mariños bulía naqueles tobos, agora por completo abandonados e silandeiros.

Para rematar este artigo no que proporcionamos novas ata agora non publicadas sobre a reprodución comprobada do corvo mariño cristado na ría de Arousa, queremos salientar, igualmente, a importancia que as Sagres e mailo Falcoeiro teñen na reprodución das gaiyotas patiamarelas *Larus cachinnans*: ata 255 parellas (85 en Sagres Norte e 170 na Sagres Sur) censamos no ano 1996, así, como tamén constatámo-la reprodución doutra especie bastante máis escasa: a gaiyota escura *Larus fuscus*, da que achamos dúas parellas na Sagres do Sur, naquel mesmo ano.



as furnas, as fendas, as covas, e ata os cumios dos enfestos penedos.

## CONFIRMANDO AS NOSAS APRECIACIÓNS

Tivemos que esperar algo máis de catro anos para poder confirmar aquelas primeiras suposicións. O día 29 de agosto de 2000 volvemos ás illas Sagres cunha soa determinación: comproba-la cría efectiva do corvo mariño cristado naqueles illotes.

A nosa pescuda axiña deu os seus froitos. Tal como supoñiamos,



Illas Sagres



# A CORAL POLIFÓNICA DA CONFRARÍA DE PESCADORES "SAN MARTIÑO"

Por: Miguel Besada Costa



A verdade é que sempre presumín de cantar mal. Non sei por qué. Afinar afino . . . normalmente . . . E no coro trato de facer o que me manda a directora. Se o consigo xa é bastante. ¡A que vai resultar que para cantar nun coro é máis importante facer o que che

manda a directora que ter nacido cunhas grandes calidades para o canto ¡. Bueno, a verdade é que todo axuda, claro, pero . . . se todos no coro facemos o que manda a directora somos un bo coro. Senón, ¿ Para que había de facer falla unha directora ?

Perdón, todo o que antecede é unha reflexión que moitas veces me fago para convencerme a min mesmo non sei de que.

En efecto, canto nun coro. Un coro ó que lle quero moito e que ten unha directora. Unha boa directora. Unha xove gran muller que vai camiño de facer de nós un gran coro.

No ano 1968 nace a "Coral Polifónica de la Confraría de Pescadores de El Grove" precisamente no seno da entidade mariñeira meca. Xa fai 33 anos.

O coro naceu sen min, pero con outros 35 compoñentes dirixidos polo Rdo. Jose Franco Santos, xove sacerdote coadxutor da nosa parroquia, gran afeccionado á música, decidido e emprendedor que pasou por alto iso de que <no Grove non hai proxecto bo que vaia arriba>, (pensamento que sigue vixente).



Claro que aquí xa se cantaba antes. Na taberna. Nas comparsas do entroido. Nas romarías . . . En realidade os pobos veciños consideraban ó Grove como o lugar onde se cantaba máis e mellor da Ría. O berce do canto. D. José só tivo que darlle seriedade ó asunto. Cantar nun coro é máis serio que cantar na taberna. E, polo menos, tan divertido.

Os veciños ilusionáronse axiña coa flamante agrupación que se dedicaba a deixar alto o pavillón cantando en Cambados, Ribeira, Portonovo, . . ., na Voz de Vigo (o que significaba ser escoitados en toda Galicia e no norte de Portugal) . . . e no Grove, naturalmente. No Grove todo o mundo era "Fan" da Coral. En poucos meses foron 50. Eu aínda non era un deles.

Paralelamente D. José creou un orfeón de nenos do refén nacido Colexio Rosalía de Castro que participou en varios certames de coros escolares ganando en moitas ocasións. No colexio están os trofeos, testemuñas do que digo.

No ano 1975 un tráxico accidente de tráfico acabou coa vida de D. José ós 33 anos. Todo o Grove e toda a comarca chorou tan grande perda. Os coros quedaron orfos.

D. Edmundo Noya Mougán, o noso párroco naquel momento non quixo que a obra de D. José morrera e votou man da coral. Pasou a ser Coro Parroquial. As múltiples ocupacións de D. Edmundo ( Arcipreste do Salnés,

Vicario Episcopal da provincia, ademais das propias da parroquia . . . ) non lle permitían dedicarlle ós ensaios o tempo que requiría unha coral que pretendera actuar como o viña facendo anteriormente, pero seguiu solemnizando as grandes festas da nosa e dalgunha parroquia veciña.

Eu escoitaba dende abaixo. ¡ Moito me gustaban as Misas cantadas pola coral! . Así 15 anos.

No 1990 D. Edmundo foi trasladado á parroquia de Santa María de Pontevedra. Unha nova etapa xurdía baixo a dirección de D. Carlos Otero Padín, músico de recoñecida solvencia. Co nome de “ Coral Polifónica San Martín”

E senón ó tempo . . . seguro que o demostra acadando mesteres máis altos.

En 1998 cumprimos 30 anos e celebramos o evento por todo o alto. Entón volvemos a integrarnos na Confraría de Pescadores. Agora chamámonos: “ Coral Polifónica da Cofradía de Pescadores San Martiño ”.

Nos últimos anos fomos crescendo en número de compoñentes, en calidade e en actividades. Facemos varios concertos anuais. Polo Nadal, polas Letras Galegas e nas festas da Nosa Señora do Carmín son fixos e sempre aparecen outros organizados polo Concello. Frecuentemente acudimos



redactáronse uns estatutos, nomeouse a primeira Xunta directiva, ampliouse o repertorio e o campo de actuacións . . . eramos 40. E digo eramos porque agora si que eu era un deles. O novo director invitoume a entrar. Para min foi un gran orgullo. ¡ Cantaba e non me mandaban calar ! Sería que non o facía tan mal como viña pensando.

Actuacións na TV, na Catedral de Santiago, no García Barbón da Caixavigo . . .

En 1996 D. Carlos Otero deixa a Coral e chega Josefa, Dona Josefa María Dorado Soto, pero como é moi xove . . . é Josefa. Xa dixen ó principio que é unha xove gran muller.

a diversas localidade chamados por outras corais que despois nos devolven a visita e cantan no Grove. Un dos desprazamentos do ano pasado foi a Barcelona e a algunha localidade da súa provincia.

Este ano puxemos en marcha un coro infantil. Agora tentamos gravar un disco. O noso primeiro disco. ¡Que ilusión!

Penso que estamos colaborando dabondo en traer cultura ó Grove, ¿ non?

## UNHA VOLTA POLO MORRAZO " CATRO CONCELLOS - CATRO DÍAS DE PASEO "

Por: María Jesús Otero Acuña



A Península do Morrazo, situada no sudoeste da provincia de Pontevedra e en pleno corazón das Rías Baixas, fai de ponte entre a ría de Pontevedra e a de Vigo. Está formada por catro concellos: Marín, Bueu, Cangas e Moaña e pode presumir de ter un encanto especial aínda sen descubrir e explotar.

O turismo, a pesar de ser un sector bastante complexo polo número de relacións que establece e os servizos que comporta, non deixa de ser enriquecedor pois trata de destaca-lo máis suxestivo de cada lugar, o máis característico, aquilo que nos diferencia e que nos fai ser atractivos, e así, o turista que se move dun lugar a outro, terá a oportunidade de visitarnos, coñecernos e namorarse do noso, levándose un grato recordo da súa estancia.



Petroglifos de Mogor. Marín

Esto é o que pretendo conseguir con este artigo, resalta-la zona do Morrazo. Pero gustaríame facelo dunha maneira diferente á que podemos atopar nos folletos turísticos e que tiveren a oportunidade de ler. Non quero facer unha descrición da historia de cada un dos diferentes concellos, senón enlaza-lo máis

importante de cada un deles a través dunhas rutas temáticas que nos axudarán a valora-la importancia artística e turística que posúen estes concellos e dos que poderemos aproveitarnos.

Sen dúbida o máis característico desta comarca son as súas zonas naturais, dende o Facho, Cabo Udra, Domaio ata a Illa de Ons. Son espazos protexidos e de gran importancia medioambiental, ó carón de pobos mariñeiros que aínda manteñen o encanto e o agarimo desta actividade. Por outro lado, adoece de graves doenzas, como unha falta de comunicacións e unhas malas estradas que fan difícil ó acceso e desesperan ó visitante.

### Primeiro día: MARÍN

Comezamos o noso paseo polo pobo de Marín, vila sobradamente coñecida por estar emprazada nela a Escola Naval Militar.

O noso punto de partida será a zona natural da Lagoa de Castiñeirás, a tan só dez quilómetros do centro pola estrada de Moaña. Atoparemos nela un espazo de gran beleza paisaxística, lugar de paseo e descanso para marinenses e veciños do Morrazo, en especial os fins de semana e durante a época estival.


Aquí poderemos contemplar restos megalíticos, dolmens, pertencentes ó ano 3000 A.C., unha interesante paisaxe natural e fascinantes vistas sobre as dúas rías.

Ten Marín un importante porto de altura e de moita actividade comercial e pesqueira que supuxo un gran desenvolvemento económico para todo o municipio.

Hai deseñada unha ruta de praias, contando con amplos areas de gran beleza, entre elas as de Portocelo e a de Agüete que conseguiron o galardón de Bandeira Azul nos últimos anos. No trazado pola costa, atoparemos o barrio de Mogor que conta cunha magnífica praia a carón da que se encontran unha relevante

representación da arte rupestre galega cuns interesantes gravados rupestres, petroglifos, que pertencen ó ano 1800 A.C. Esta memoria de tempos remotos debe ser visita obrigada no noso paso por Marín.

De seguido o lugar de Aguete, onde temos un pequeno e, con recente remodelado, porto deportivo, con Club Náutico e Escola de Vela, que está a ser a que maior actividade ofrece na Ría de Pontevedra.



Illa de Ons. Praia de Canexol

Dous Pazos completan o valor histórico deste municipio, o de San Blas de Aguete, cunha historia que se remonta ó século XVIII cando se fundou a capela por parte de Juan Gago de Mendoza. Atopáremolo un pouco alterado pola división de propiedades que sufriu e que se caracteriza porque enriba do portalón leva seis ameas e en cada unha delas hai un escudo coas armas dos antigos moradores.

A capela ben conservada mantén a tradición, que se celebra o día 3 de Febreiro, dunha romaría onde lle ofrecen

exvotos para cura-lo mal da garganta.

Outro interesante Pazo é O Chirleu, a carón do náutico, fundado por Juan Antonio Gago de Mendoza no ano 1801. Posúe unha inscrición onde se destaca a importancia deste influente personaxe e que se caracteriza por ter un dos mellores escudos de pedra.

Moi cerca, cara ó interior, atopáremo-la parroquia de Santo Tomé de Piñeiro, que posúe una xoia do románico, a súa igrexa, que conta cunha nave central pero cunha ábsida pentagonal.

Visita gastronómica a Marín recomendada: Xullo . Festa da Cigala.

## Segundo día: BUEU

Bueu é un pobo illado pola falla de boas comunicacións. A súa historia comeza coa instalación dos conserveiros cataláns, a familia Massó, en torno ó cal creceu o pobo.

É un municipio propiamente mariñeiro. Destaca pola pesca do polbo e o percebe, o que quere dicir que unha visita ó porto, á lonxa e a poxa do peixe debe ser inescusable.


O seu monumento histórico máis destacable é a igrexa románica de Santa María de Cela. Ademais posúe un encantador lugar, tipicamente mariñeiro, como é a praia de Beluso, co seu pequeno porto, os seus bares ó carón da estrada e fóra do balbordo do centro.

Ten boas praias, como a de Portomaior (bandeira azul), Agrelo, Tuia, Mourisca, Ancoradoiro, Bon e Lagos (tamén co distintivo de bandeira azul). Posúe unha fermosísima zona natural, ideal para o sendeirismo, como é Cabo Udra, hoxe englobada dentro da Rede Natura 2000. Unha camiñada por esta paraxe, contemplando os seus cantís e o mar é un remanso de paz e tranquilidade.

Dous Pazos barrocos completan a riqueza artística deste concello. O Pazo de Santa Cruz, tamén coñecido como o de "Quitapesares", fundado en 1649 por Fernando de la Rúa y Freire. Pertenceu posteriormente ós Mondagrón. Destaca polo seu emprazamento, con marabillosas vistas sobre Bueu e a ría de Pontevedra. Chama a atención que un dos seus portalóns ten uns músicos, figuras interesantes dentro da arte popular en pedra.

Na súa capela, cada 21 de setembro, celébrase a romaría de Santa Ifigenia. É o día no que se estrea a colleita da sidra e do viño da tempada.

Destacar tamén nesta vila o Pazo de Casal, tamén coñecido como a Casa de los Picos. Do século XV e pertencente ós Aldao, familia influente do Morrazo no seu tempo.



## ISLA DE ONS: Privilegio de la Naturaleza

Autora: María Jesús Otero Acuña / Edición 2ª / Páxinas: 166 / Editorial: Autora

Ons, futura integrante do Parque Nacional das Illas Atlánticas, cunhas características históricas, etnográficas, naturais, arquitectónicas, económicas,..., e turísticas únicas, estaba falta dunha publicación que nola dera a coñecer.

María Jesús, con este libro, adéntranos no coñecemento de tódalas peculiaridades que fan de Ons a Illa máis interesante de todo o litoral peninsular.

Tamén nos servirá de guía, xa que o completa cunhas Rutas que nos axudarán a programar un completo percorrido e saír cun amplo coñecemento do armazón social, histórico e natural que ofrece esta marabillosa Illa.

Bueu é o municipio do Morrazo que ten no seu haber un dos máis importantes Museos Marítimos de Galicia, o Museo Massó, e está a piques de que unha das súas parroquias, Beluso – Illa de Ons, sexa parte integrante do primeiro Parque Nacional de Galicia ( Parque Nacional das Illas Atlánticas).

A Illa de Ons é unha visita obrigada para os amantes da natureza e da tranquilidade. É unha illa que ten no seu seo unha comunidade socio-histórico-natural que merece



Cruceiro de Hio. Cangas

especial distinción ( no anterior número desta revista – AUNIOS Nº 2 – tratabámola con amplitude e informabamos sobre historia, gastronomía, rutas e sobre o seu embarque dende este municipio costeiro de Bueu).

Visita gastronómica recomendada: Setembro. Festa do Polbo.

### Terceiro día : CANGAS

É o municipio con máis actividade económico – comercial do Morrazo, cun importante porto de pesca de altura e baixura. Ten no seu seo unha incipiente industria que coa súa vinculación a unha urbe como Vigo e a creación constante de servicios, fai que teña un papel notable dentro dos municipios do Morrazo.

Como interese turístico, dicir que ten unha zona natural con boas praias e un microclima especial, como é a enseada de Aldán. Nesta mesma pequena ría, ten importantes monumentos palacianos como o Pazo da Torre e o de Vista Alegre, que pertencen á familia dos Aldao, vinculados á filla do último rei suevo Miró.

Na parroquia de Hío, poderemos observar e disfrutar dun dos cruceiros de máis renome de Galicia, único no seu xénero por estar feito dunha soa peza polo mestre Cerviño.

Destacar tamén a zona natural de Cabo Home, co seu monte O Facho, onde nos poderemos deleitar cun fermoso paseo entre cantís e montes contemplando as próximas Illas Cíes. Este saínte está a cabalo entre as Rías de Pontevedra e Vigo e os seus cantís, que forman a engaiolante Costa de Soavela, son coñecidos pola súa rudeza de mar cando se navega próximos a eles.

No centro da vila de Cangas, ademais dun patrimonio artístico de gran beleza, destacaremos a ex colexiata, cunha fermosa fachada plateresca e o seu paseo marítimo que nos levará ata a praia da Rodeira cunha excelente vista sobre a ría de Vigo.

Visita gastronómica recomendada: Xullo. Festa do Percebe.

### Cuarto día: MOAÑA

Neste municipio destaca-la zona natural de Monte Faro Domaio, a máis de 600 metros de altitude, dende onde poderemos contemplar unha preciosa vista sobre as Rías de Vigo e parte da de Pontevedra.

Nas súas proximidades, combinase a historia arqueolóxica coa presenza dun Dolmen ( Chan da Arquíña, da Idade de Pedra), cunhas instalacións modernas dun Club de Golf.

San Martiño de Moaña, posúe una igrexa do século XII, que conserva a nave románica e a fermosa portada primitiva con dúas arquivoltas.



CRUZ PEREZ HERMANOS, S.A.

**Cruzmar**

FABRICANTES DE CONSERVAS DE PESCADOS

C./ Rosalia de Castro, 4 - Teléfs.: 986 310 075 - 986 310 066

Apartado 5 - Fax: 986 313 580

36959 MOAÑA (Pontevedra - España)

## MAIO E "OS MAIOS"

Por: F. Davila



Maio, mes de maio, quinto do ano, cuxo nome é atribuído a Rómulo, que quixo honrar a todos aqueles maiores, fieis servidores, senadores e patricios.

Este mes de maio representa para os países europeos e americanos o renacer do mundo natural, xa que coa primavera revive e esperta o reino vexetal, amosando á vez a aparencia sensual da reprodución, animando

tamén á subsistencia ó ambiente animal, do cal non se aparta o ser humano, pois ben agradece a súa chegada incluíndo neste alegre e luminoso mes festas de orixe profana e relixiosa, disfrutando delas moitos pobos que consideran a maio como o distinguido primaveral.

Con ese quinto mes do noso calendario chega a moitos pobos, entre eles ó noso de Marín, o cancionero dos Maios, unha preciosa obra de artesanía, cheo de orixinalidade e verdor, de encanto e de beleza, digno de recordar e conmemorar, produto da iniciativa legada dos nosos antepasados, que nos ensinaron a botar a andar este nacer primaveral dándolle a benvida a tan alegre e distinguida estación, pois ela abre as portas espertadoras da natureza, plasmada pola fermosura e o embelecemento da paisaxe vexetal, sendo maio o distinguido. De aí cantar os Maios, un canto á natureza, raiña do natural, canto de vida.

Así pois, cantando á natureza, aparecen ano tras ano os nosos artísticos e rechamantes Maios que contan cunha lonxeva tradición, se ben a súa selección camiñante débese á promoción levada a cabo polo Ateneo Santa Cecilia, amosando un interese máximo en conservalo e enxalzalo, sendo considerado na actualidade unha grande obra de rechamante artesanía, chea de traballo, esveltez e preciosidade.

Os Maios en Marín gozan, como digo, de fama e tradición, coa súa forma cónica e a súa altiva e distinguida

coroa. Pero, remontándonos á década dos 50, o nosos Maios adquiren realce e relevancia pola afección amosada na confección dos mesmos, axudados e alentados pola Asociación Santa Cecilia, baixo a batuta do entusiasta e namorado dos Maios, Manolo Torres, grande experto e excelente letrista dos Maios da Banda do Río e da Cuesta; seguidos polos presentados polo Grupo Escolar, dos que a orientación e deseño corría a cargo do destacado mestre D. Victor Corcoba; como tamén os presentados e ben rechamantes do colexio F. Davila que introduciu o Maio de nenas, pois entón era obrigado só para nenos, sendo moi ben acollido naquel entón seguido de felicitacións.



Tamén nesta época se substituíron os palitroques verticais largos, que se golpeaban sobre o chan e cantando ó redor del Maio, sendo cambiados polos curtos. Estes eran os empregados nos Maios da capital, como tamén se empregaban nos mesmos, materiais distintos ós vexetais, tales como ovos, coiros, plumas, metálicos, etc.; ningún deles era permitido nos Maios marinenses. Naturalmente os nosos Maios evolucionaron, produto do tempo progresista, e os Maios de hoxe superan a aqueles en grandeza, artesanía e confección, significando progreso e avance, porque os medios materiais e económicos son bastantes mellores.

Como remate, anexo recordatorio ó maior "maista", M. Torres, cito a dous dos seus colaboradores, valencianos, ademais cooperadores en diversidade de actos culturais, sempre dispostos a prestar axuda e servizo: o infatigable músico

Oterino, da E.N.M. e o profesor de debuxo A. Vicent, do entón chamado Instituto Laboral, os cales, xunto ó Presidente do Ateneo e de F. Massó, levantáronnos unha "cremá fallera" na Rúa do Sol, un acontecemento extraordinario, atractivo, cheo de ironía e orixinalidade. Para eles, nesta ocasión, agradecemento e recordo, así como para os demais citados, coa esperanza posta de que os nosos Maios non se deterán, ó igual que a súa atrainte festa, e que sigan poñendo en escena esa rica artesanía, o seu vistoso verdor e o seu distinguido florido, completados polo coro cancionero, enxalzando á primavera e ó mundo natural, nun camiñar máis neste 2001.




EN TEMPORADA:  
Caza  
Lamprea  
Angulas  
AMPLIA CARTA

Restaurante

# Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN



## OS CONTOS DO TARNO (II)

Por: A.

Eu non creo nas supersticións da xente, na Santa Compañía, na maldición do Meco, no Tarno nin en andrómenas desas. Nin creo nin nunca crin. . . ou iso era o que pensaba ata fai ben pouco.

Ocorreu que sempre que alguén me contou algunha historia sobre calquera destes, sempre me fun á burla e nunca din creto por moito que mo xurasen. Así, cando me falaron da maldición do Meco, sempre o tomei de broma; cando alguén me relatou os contos do Tarno, porque seica lle pasaran a el, sempre o tomei coma un pobre tolo que se inventaba todo iso para chamar a atención. Pero . . . sempre hai un pero que che fai que fagas teu aquel dito de : **“Eu non creo nelas pero . . .”**.

A historia que cambiou o meu xeito de pensar pasoume hai xa ben tempo. Resulta que uns amigos de . . . , xa veremos do que, andaban a facer das súas en certos lugares que, como eles dicían, non eran de ninguén e eran, de todos. A min un paisano viña de me contar unha aventura que lle tiña sucedido co Tarno e eu, coma sempre, a escachar coa risa. El, canso do mesmo, advertíume que non había tardar o día en que eu me vise envolto en algunha das trasnadas que acostuma a facer, pero que a que me había de tocar había ser moito peor, pois o mesmo trasno non atura que se mofen del. Dicirme el iso e ceibar eu tal gargallada que resoou en todo o bar, foi todo un. Entón el, xa máis que cabreado, dixo: **“Xa te acordarás, e non has tardar moito”**.

Foi entón cando o Tarno se me apareceu. Si . . . , pode soar a “coña”, pero é a verdade. O peor foi o que me dixo: **“Mira ho!. Ti non cres que eu sexa real. É máis, has pensar que isto é un soño, pero has comprobar por ti mesmo que non é así. Eu sempre actúo doutro xeito, pero no teu caso vai ser unha ocasión moi especial. Xa te lembrarás de min cando te vexas envolto en algo do que ti non sospeitas.”**


Efectivamente, eu coidei que aquilo fora un soño. Aínda por riba, cando preguntei como actuaba o tarno, dixerónme que desde logo non era daquela maneira.

Un bo día chegaronme á porta dous homes vestidos cun uniforme que eu non coñecía, pero que se identificaron como da A.O. e que querían saber canto eu sabía de arte e de historia. Facían o seu papel perfectamente, quero dicir, que un era o bo e o outro o malo.

**- A ver e non me tolee, ¿Qué é o que vostede sabe?**

**- Pe..pe..pero eu non sei de..de..me..fa..faalan.**

**- Mire, non me canse, que eu non vin aquí para escoitar catro parvadas. O asunto élle moi serio e case vai ser mellor que nos acompañe.**



Aquí entraba o outro e dicíame polo baixiño:

**- Ti dille todo o que sabes, que este é capaz de calquera cousa, e eu non respondo del.**

**- Peero, si xa lle dixen que non sei que é o que queren.**

**- Alá ti, pero eu falaría-** ( Ó mesmo tempo chiscábame un ollo cun sorriso moi malicioso, que eu non entendía- **Mira, o que eu che digo é que máis che vale facerlle caso, que a este axiña se lle levanta o ánimo. ¡Veña, ho!, dille axiña onde tes as pezas que espoliaches de aí do castro.**

- ¿Qué lle diga que? Pero ¿Ti estás ido ou que? ¿ De que me estás a falar?

- Como queiras, pero xa cho avisei. Ese non che ten tanta paciencia coma min. Logo non te me queixes.

- ¡Fora! – chegaba o primeiro berrando- ¡ Déixamo a min!, e se non quere colaborar levámolo con nós. Agora vas ver.



E nisto que me traen a un tipo baixiño e gordecho ó que eu na miña vida vira e que entrou, pálido e morto de medo, berrando:

- ¡Foi ese, foi ese! ¡ Ese mesmo, ese mesmo o que colleu todo! ¡foi el, que eu o vin!

Eu, que non coñecía de nada ó ghicho aquel, vin que nese momento, ou ben era un pesadelo ou a cousa ía en serio e non sabía nin por que.

Pero non era ningún pesadelo. Colléronme e leváronme esposado para o cagarrón. Aquilo xa era moito máis do que eu podía aturar. Os meus amigos

apoiábanme e a miña familia tamén, pero eu seguía sen entender nada. Ata que . . .

Ata que na cadea aparecéuseme un ser o que eu non coñecía de nada, pero que se me facía coñecido. Si. Non sabía exactamente de que, pero algo había nel que me aquelaba daquel xeito. Empezou a falar e eu sen facerlle moito caso pois aínda non reaccionara ben. Ata que . . . oín, cunha voz coma dun morto vivo, ou dun rapaz deformado algo coma: “ **Si que me coñeces. Son o tarno. Dese que tanto ti te riches sempre. ¿Lémbreste?. E se estás aquí é por min. Eu son ese que te acusou aquel día diante deses**”

Eu non conseguía espertar e non acababa de crelo de todo, inda que algo me dicía que todo era real.

- “**Non te preocupes por isto. Axiña te han ceibar, pero xa virán os días nos que me defendas máis do que ninguén e entón non te han de crer**”

Así foi. Disque todo fora unha confusión e que non había ningún cargo contra miña. Marchei e de alí a tres ou catro días xa case esquecera todo o que pasara, ata que . . ., si. Outra vez el.

Daquela foi cando empezou a se me aparecer en todas partes e a todas horas. Iso si, cando estaba só e, sobre todo, cando cerca tiña a alguén que me podía escoitar. Entón el metíase comigo e o meu pesadelo ía cada día a máis. Púxome de tal xenio que cando se me aparecía empezaba eu a berros: “ ¡ Vaite xa dunha vez! ¡ Non te aturo máis!.

E volta ó mesmo. Outro amigo que se ía do meu lado. Empecei a intentar explicarlles a todos que non era eu que era o Tarno, mais todos acabaron con ese sorriso de complicidade entre eles. Cando isto notei empecei por contarlles a verdade toda e sempre a mesma resposta: “ **Si, ho. Ti, xusto ti, o descrido. Home, non amoles**”.

Vin que me tomaban por tolo e entón empecei a berros de: “ **Que non, que non louqueei!. ¡Tendes que me crer!**.”

Pero o Tarno non me deixa descansar nin polo día nin pola noite e xa non sei que facer. A familia abandonoume, os amigos foxen de min coma dun apestado e ata o meu cadelo olla para min con ollos de compaixón.

Por iso vos quero contar esta historia. Para vos dicir que o Tarno si que existe, para que creades nel. Non vaia a pasarvos a vós o que a min e que todos acaben por vos tomar por un louco de remate. E asegúrovos que non o estou. De verdade que non o estou.


¿ Ou si . . . ?



## O EREMITORIO DE A MISERELA: A BARCA DE SAN AMARO

Por: José Carlos Vidal Suárez

Durante o último tercio do século XIV adquiren grande importancia en Galicia as casas e institucións eremiticas, gracias, sobre todo, ó labor de Fray Gonzalo Mariño, un fraile franciscano cuxa orixe descoñecemos, se ben García Oro considera como probabilísima hipótese que pertencese á estirpe dos Mariño de Lobeira. O caso é que no último decenio dese século xurdiron multitude de novas fundacións, promovidas sobre todo por Gonzalo Mariño, entre elas San Juan da Miserela; así alomenos aparece xa citada nunha bula de Benedicto XIII en setembro de 1407, xunto con outras seis novas fundacións.



Na parte inferior dereita da fotografía vemos a ponte que chaman romana e que foi reformada nos anos 80 engadíndoselle unhas horrendas escaleiras. O único sentido da ponte é acceder ó mosteiro polo que o máis probable é que sexa de orixe medieval. Arriba, á esquerda, vemos os restos do mosteiro.

O mosteiro instálase seguindo uns patróns comúns á maioría dos conventos da época. Así, sen renunciar de todo ó illamento, mantén unha distancia prudencial respecto a “la vila da Prova”, ademais a terra é de boa calidade media, rodeada de bosques e xenerosamente regada polo río, co que podía contar cun pastizal de reducidas dimensións e arborado para madeira e leña. Se ben o abrupto do terreo significaba unha seria contrariedade, sobre todo para os cultivos, polo que estes se debían realizar algo alonxados do mosteiro, nun lugar que aínda hoxe conserva como topónimo *A Granxa*, e que, como era corrente, tiña ó seu fronte un monxe labrego ou mestre que se ocupaba de suministrar os produtos agro-gandeiros ó cenobio que a vulgar polos seus restos e dadas as cifras coñecidas doutros mosteiros, non resultaría aventurado pensar que por eses anos contase con algo máis de media ducia de moradores.

Sen dúbida, a fundación do novo oratorio quedou moi facilitada ó existir na paraxe unha ermida preexistente, tal e como queda patente nos documentos fundacionais, ó afirmar que se constrúe sobre un eremitorio anterior.

Aínda que nada sabemos sobre este eremitorio, cabe sinalar un par de detalles que poden poñernos sobre a pista da súa probable orixe, aínda que para elo teñamos que poñer a traballar a nosa imaxinación, cousa pouco recomendable

nos medios académicos, aínda que inevitable nun caso como o noso, no que hai unha completa ausencia de documentación e o traballo arqueolóxico é inexistente.

Sabemos que a ermida é anterior a finais do século XIV, no que se constrúe o novo mosteiro, e sabemos tamén que ó menos existía unha máis seguindo o curso do río Barbanza, a uns 2 quilómetros río arriba, aínda que pola falla de escavacións é difícil facer conxecturas, esta non debería ser posterior ó

século XV. O sitio é moi difícil de localizar, de feito levoume máis de dous anos atopalo e tan só o fixen despois de que unha persoa que coñecía o lugar me levase ata el. O que me empuxara a esa búsqueda era a existencia dun curioso topónimo conservado entre as xentes de Sta. Cruz de Lesón, “A Corte do Santo”. O lugar atópase a uns 10 metros de altura sobre o curso do río, xusto nunha revolta no que baixa moi encaixado. Presenta unha plataforma artificial sobre a que se asentan as ruínas dunha probable ermida, que mira ó outro lado da vaguada. Un lugar idóneo para a meditación.

En canto ó eremitorio sobre o que se asenta o convento de San Juan da Miserela, é unha pequena planicie na confluencia de dous ríos, o arroyo San Xoan e o río Barbanza. Chégase ata el cruzando unha ponte á que chaman romana, aínda que probablemente sexa da época do mosteiro. Pero hai un elemento máis, algo que chama moi poderosamente a atención e que vai a constituir o principal apoio da nosa posterior argumentación.

A uns 50 metros das ruínas do convento, ó pé do río Barbanza, que corre perforando profundamente a pedra e formando piscinas naturais, dando lugar a unha paraxe realmente magnífica, está a chamada “Pedra da Barca”, coñecida tamén como “Barca de San Amaro” ou “Barca de San Xoan”<sup>1</sup>. En Galicia temos, a parte desta, dúas máis: a de San Andrés de Teixido e A Virxe da Barca de Muxía.

<sup>1</sup> Este último nome, probablemente, é posterior ós anteriores, influencia, sen dúbida, do establecemento a finais do século XIV do mosteiro de San Juan da Miserela.

O simbolismo da barca é común practicamente a todas as mitoloxías e o mundo celta non é unha excepción. Máis pola contra, existe unha amplísima literatura celto-irlandesa sobre o tema das navegacións de heroes e santos celtas. É a barca de Manannan empregada polos fillos de Tuireann, a barca de San Brandán e tamén é a barca empregada para trasladar o corpo do rei Arturo a Avalon e cuxo parecido coa barca de pedra que trasladou o corpo de Santiago a Iria Flavia parece evidenciar a cristianización dun relato pagano moi anterior. Neste mesmo sentido deberíamos citar a chegada dun santo morto, identificado con San Vicente de Zaragoza, nunha barca sen timonel, ó Cabo San Vicente, chega acompañado de “dous corvos” que montan garda na capela á que é conducido o seu corpo, co fin de protexelo “de los moros”<sup>2</sup>



Detalles do cruceiro de San Amaro, no fuste vemos unha representación do mesmo, identificado aquí con San Mauro

Debemos pensar que o mar era a fronteira co Máis Alá. Do mar sae a Santa Compañía<sup>3</sup> e cando se retira faino tamén polo mar. A este respecto hai que mencionar que un dos aspectos de Xúpiter aparece baixo o nome de *Manannan* en Irlanda, e aínda puidera confundirnos que aparece baixo a forma dun navegante e que sexa considerado coma un deus das augas; en realidade, este aspecto marítimo é tan só circunstancial, pois a súa principal calidade é a do señor do “*sidh*” o mundo de ultratumba; unicamente porque dito mundo só é accesible polo mar, chegou a converterse *Manannan* nun deus mariño, ou quizais fose ó contrario, coma deus do mar quedou identificado coma Señor do Outro Mundo e deus da morte. Como nos sinala J. Caridad Arias, este Señor do Máis Alá soe nomearse coa raíz K-r/C-r ou G-r, nomes como Gerión ou lugares como Corrubedo virían precisamente de aquí. Tamén Coroso<sup>4</sup> (praia de ribeira) ou Couso (Aguíño) estarían relacionadas con isto. Pensemos que todos estes sitios presentan saíntes rochosos polo que

servirían como sitios de saída ou puntos de embarque das almas cara ó Outro Mundo. Así, moitos promontorios e illas terían esta función, especialmente os de aspecto máis sobresaínte. Constituían, en definitiva, barcas de pedra cara o máis alá do mar da morte. As illas Orcadasé un claro exemplo disto, de feito a mesma palabra *orc* ten, en lingua celta, un significado equivalente a “letargo”, “morte” e de feito se lle relaciona con *porkos*, “cerdo”, animal estreitamente vinculado ó Outro Mundo; por outra parte, o radical *Or-/Ur-*, contido nesta palabra, está relacionado coa palabra “agua”, símbolo do Máis Alá, e, por certo, neste sentido poderíamos citar tamén ó *Urco*, ser mítico galego, que sae do mar para anunciar a morte daquel que o ve.

Podemos entender así mellor como, neste mundo de símbolos, a barca ideal para cruzar ou chegar ó Outro Mundo ou Paraíso debía ser de pedra, pois entre a pedra e a alma existe unha estreita relación.<sup>5</sup>

Alonso Romero pon en relación estas barcas cos *Immrama* ou navegacións que se nos relatan naquelas lendas irlandesas. Pero tamén en Galicia temos o relato dunha navegación realizada por un monxe, un tal Trezenzonio, na

<sup>2</sup> Non esquezamos que a tradición de Santiago Apostol xira entorno ó santo-morto chegado nunha barca de pedra dende o mar ou Mas Alá, con todo o simbolismo que todo isto leva implícito. Ademais invocábaselle coma un santo-guerreiro (recordemos a súa participación na batalla de Clavijo). Conserva, polo tanto, o aspecto de deus-guerreiro, tan importante no Lug celta (cuxo símbolo, por certo é o corvo) e o rei Arturo.

<sup>3</sup> Non me resisto a comentar aquí o feito de que a Santa Compañía conserva elementos que parecen poñelo en relación co exército de mortos que Wotan-Odín (cuxo parecido co Lug celta é máis que evidente) ten ás súas ordes. Pensemos que, en realidade, o cruceiro xoga un papel esencial nos seus percorridos, pois estes marcan sempre o seu traxecto. Se a isto engadimos que as confrarías de guerreiros en torno a Bandua (tema moi ben estudado por Blanca García Fernández-Albalat), non só agrupa a guerreiros vivos senón que á súa morte pasan a formar parte dunha procesión de guerreiros mortos, teremos como resultado que a orixe primitiva da Santa Compañía pode estar en relación con isto. Repetindo a mesma confraría no Máis Alá, esta Santa Compañía está integrada polos mortos dunha *civitas populus*, dun *territorium* e cando sae faino coa intención de integrar nas súas filas a un daqueles guerreiros que formaran parte da confraría. É interesante comprobar como determinados cruceiros serven de protección a todo aquel que se atopa coa Santa Compañía, pois tocándoo líbrase dela, xa que nunca pode penetrar no espazo sagrado que consagra e delimita o territorio, e tan só pode pasar polo seu lado. Este carácter protector do cruceiro non só se manifesta no mítico, senón tamén no social e político. En A Pobra do Caramiñal, no século XVIII, un home, cando era perseguido polo señor de Xunqueiras, librouse del tocando un antigo cruceiro, que se atopaba na Praza de Galicia (actualmente desaparecido, aínda se conservan as súas pezas en diferentes lugares) que dividía as terras deste señor coas do Deán de Santiago.

<sup>4</sup> De la Coro, tan abundante en Galicia, e que levaría o típico sufixo os(s)o, que frecuentemente acompaña a nomes de divinidades.

<sup>5</sup> Diccionario dos símbolos. J. Chavalier e Alan Gheerbrandt. (p. 828).

procura do Paraíso. Trátase dun manuscrito de comezos do século XI dado a coñecer por Díaz e Díaz e que presenta un asombroso parecido tanto cos *Immrama* irlandeses como coa lenda de Breogán relatada no *Lebbar Gabala*. Trezenzonio chega a Galicia trala invasión árabe, encontrándoa despoboadada. No seu camiño chega ó Faro de Brigantium, ó que sube e no que se atopa un enorme espello o cal, polas mañás, cos primeiros raios do sol, produce tal esplendor que daba unha completa visión de todo canto había no mar, e é así como ve por tres veces unha lonxana illa, chamada Solistición, á que lle entran desexos de viaxar. Constrúe unha barca e tras uns días de navegación chega a ela, percórrea e descobre un templo dedicado a Sta. Tecla, todo decorado con ouro, mármore e repleto de tesouros. Nel están tamén as tumbas de Cirilo e Flavio. Nesta illa a súa vida transcorre nunha perfecta calma de espírito, ata que pasados sete anos un anxo lle advirte que debe regresar. Pero Trezenzonio incapaz de abandonar a benaventuranza lograda desobedece. Sofre así o castigo de ver o seu corpo cuberto de chagas e como a súa vista vaise apagando ata quedarse cego. Implora o perdón divino e obteno regresando nunha barca máxica na que leva alimentos que, en canto toca terra, podrecen. Chega ó mesmo faro do que partiu que agora está na súa maior parte derruido ó igual que a cidade de Cesárea, próxima a el. En cambio Galicia atópase xa parcialmente repoboada. Trezenzonio emprende a viaxe a Tui para atoparse co bispo Adelfio que o educara na súa infancia. Así finaliza o relato. Aínda foi publicado por primeira vez en 1918 permanecía practicamente descoñecido ata que, en 1985, Manuel C. Díaz y Díaz o incluíu no seu libro “*Visiones del Más Allá en Galicia durante la alta edad media*”

Felipe Senén chama a atención sobre o detalle do espello pois considera que este elemento o diferencia das fontes manexadas tradicionalmente na lenda de Hércules contra Gerión documentada literariamente desde o século XIII na *Estoria de Espanna* de Alfonso IX, pois nin aquí nin nos relatos posteriores aparece ningunha mención de espello algún, agás na *Crónica General del Licenciado Molina* donde tamén se fai mención dun espello: “. . . y lo que algunos quieren dezir que había aquí un gran espejo do se parecían las naos que en alta mar y más lejos navegaban . . .” Ata agora barallábase a posibilidade de que Molina manexase unha fonte diferente á de Alfonso IX, a recuperación deste manuscrito non só confirma isto senón que ademais demostra que esta fonte debía ser notablemente máis antiga, pois como demostrou Díaz y Díaz esta narración é, sen lugar a dúbidas, moi anterior ó século XIII, situándoa entorno ó primeiro cuarto do S.XI.

Polo seu excepcional interese nos detivémonos brevemente neste episodio aínda que para a nosa análise só

nos interesa o feito de que os *Immrama* ou navegacións non son alleas ó panorama galego altomedieval. Vaíamos agora á nosa barca.

Na súa viaxe por Galicia en 1745 o Padre Sarmiento citanola de pasada cando di, referíndose ó río Barbanza, que na súa orella *se ve una piedra que llaman el barco, y dicen que en él vino San Juan y otras pataratas semejantes*<sup>6</sup>. En realidade aquí a tradición oral di, indistintamente, que nela chegou San Juan ou San Amaro, perseguido polos mouros, e cando xa navegaba río arriba, a punto de ser alcanzado, pediulle a Deus que o protesexe. Quiso Deus oír as súas súplicas e, a medida que el pasaba, lanzou grandes pedras río abaixo aplastando os seus inimigos<sup>7</sup>. Alí mesmo fundou unha ermida. No lugar habitado máis próximo ós restos do mosteiro e “A Pedra da Barca” levántase a aldea de Santa Cruz de Lesón, donde hai un cruceiro<sup>8</sup> en cuxo varal está representado San Amaro, este santo é o patrono do lugar e hai unha romaría que se celebra o 15 de xaneiro.

Todo isto parece relacionar ambos elementos, relación que se torna certeza ó saber que antigamente a procesión que saía o día da romaría chegaba ata a barca e alí daba volta. Posteriormente chegaba a Aldea Vella, un lugar deshabitado a metade do camiño e máis recentemente tan só rodeaba o cruceiro. Actualmente a procesión non se celebra.

O que sexa San Amaro<sup>9</sup> quen se asocie coa barca lévanos de cheo a isto *Immrama* irlandeses. San Amaro, trala morte dos seus pais, desprendeuse de todas as riquezas repartíndoas entre os pobres e fundando hospitais e asilos. Mandou construír unha nave coa intención de atopar o Paraíso. Tras anos de navegación e compadecéndose Deus de tan grande constancia e sólida fe, permitiu que a nave de San Amaro tocase unha costa descoñecida e solitaria. Deixando ós seus compañeiros, emprendeu só o camiño cara a unha alta serra que se vía ó lonxe; despois de días de camiñada logrou iniciar o ascenso á serra cuxas cimas parecían perderse no ceo. Tras moitas dificultades chegou ó máis alto dende onde viu un enorme val no medio de enormes cumbres, e no medio do cal se levantaba un enorme muro cunha porta de ouro. Descendeu cómoda e facilmente ata chegar a unha porta á que chamou. Saiu un vello de longa barba, o patriarca Henoch, que lle dixo a Amaro que tiña que volver tralos seus pasos pois ningún home chegara ata alí. Tras moitos rogos Henoch accedeu a deixarlle mirar pola mirilla, pero nada máis poñer o seu ollo nela, Henoch pechouna dicíndolle que xa estivera mirando tempo suficiente. Cheo de aflicción polo corto tempo que contemplara as maravillas da gloria, emprendeu a

<sup>6</sup> Viaje por Galicia. Fr. Martín Sarmiento


<sup>7</sup> Neste punto conflúen, precisamente, os ríos San Xoán e Barbanza, e pasa a denominarse río Pedras, pola gran cantidade de pedras que hai no seu curso.

<sup>8</sup> Este cruceiro é de 1525, seguramente o máis antigo do concello de A Pobra do Caramiñal e, ó menos que eu saiba, entre os dous ou tres máis antigos de Galicia dos que teñen data.

<sup>9</sup> Tende a confundirse a San Amaro con San Mauro, pero, en realidade, son dous santos distintos. San Amaro é un santo inequivocamente galego, aínda que probablemente nin siquiera existiu como tal; sería un máis daqueles santos, tan abundantes no santoral irlandés, que son superviventes da mitoloxía celta.

viaxe de regreso. Pero cando alcanzou o lugar onde deixara ós seus compañeiros atopou unha grande e populosa cidade. Parou nun regato de auga clara a beber e viu o seu rostro reflexado na auga. Era un vello de longa barba branca, pero atribuíu o seu aspecto ás penalidades da empresa. Dirixíndose á igrexa co ánimo de rezar quedouse perplexo cando soubo que se chamaba de San Amaro e que a cidade tamén tiña o mesmo nome, en recordo do seu fundador, un venerable peregrino chegado a porto facía 300 anos, no mesmo día en que se atopaban. Contáronlle que aquel santo se interno no país e nunca máis se soubo del. A súa tripulación construiu unhas pequenas casas mentres o esperaban e aquelas casas convertíranse co tempo naquela gran cidade. Así deuse conta San Amaro que aquilo que el creía fora un instante foran, en realidade, 300 anos<sup>10</sup>. Realizou as súas oracións e naquela mesma igrexa morreu.

O mesmo nome Amaro é de orixe celta de *\*maruos* “morto” > *\*n-maruos* > *\*amaruos* > *amaros*, este último co significado de inmortal.<sup>11</sup> Así pois, temos unha vez máis o tema da morte e a barca, o mellor da eternidade, da inmortalidade, porque se trata dunha viaxe do espírito ó “Paraíso”.



Reconstrucción hipotética da Barca se San Amaro

A barca de San Amaro presenta ademais unhas características especiais que foron estudadas polo profesor Fernando Alonso Romero. Segundo este autor tanto a forma (regala totalmente recta a excepción da proa que se levanta marcadamente cara ó alto) como as medidas (4,80 m. de eslora, 1,08 m. de manga e 70 cm. de puntal), emparentarían de forma inequívoca cos *currags* irlandeses. O mesmo Alonso Romero dinos que: “*a semellanza puidera ser, evidentemente, unha pura casualidade; pero o extraño, o que non acerto aínda a explicar, é a coincidencia das medidas restantes coa dos currags dos remeiros das illas de Arán*<sup>12</sup> (costa occidental de Irlanda), que é, ademais, o tipo de *curragh* máis tradicional, do que as súas orixes son dunha enorme antigüidade, como xa se demostrou por varias autores”<sup>13</sup>

O que non cabe a menor dúbida é que a pedra está inequivocamente traballada pola man do home, e representa unha embarcación que non ten paralelos na Península. Trátase dun bloque de granito de case 5 metros de lonxitude e 1 metro de ancho, que parece foi sacada do mesmo lugar onde se atopa. Está ladeada cara o lado dereito, como se tivera caído de enriba dunha pedra sobre a que está agora encaixada e que, xunto con outra (probablemente arrastrada nunha das crecidas do río) servíalle de pedestal.

É probable, como quere crer o profesor Alonso Romero que fose labrada por monxes irlandeses chegados aquí nunha data imposible de precisar ata non facer escavacións nos restos do mosteiro que permitisen atopar o eremitorio sobre o que se construiu, para celebrar a súa chegada a estas terras. Pero tamén é moito máis que iso, é unha daquelas barcas que van permitírnos viaxar ó Outro Mundo e van levar as almas ó Mais Alá. No cruceiro do que falamos máis atrás, que se levanta en Santa Cruz, enterrábanse os nenos que morrían sen bautizar, o único desta parroquia que servía para isto<sup>14</sup>. Tamén se paraban os enterros nel, deixando a caixa a un lado mentres se decía unha oración. Que mellor barqueiro que San Amaro, descendente daqueles deuses que unían este mundo co Outro, para conducir as almas dos defuntos.


<sup>10</sup> Nesta tradición de relatos de heroes e santos que viaxan ó Outro Mundo ou que divisan o Paraíso durante o que eles cren un instante e que en realidade foron moitos anos está unha das fazañas de Finn. En certa ocasión unha fada mándalle buscar dous broches no fondo da lagoa Armagh (o Outro Mundo), cando regresa á superficie con eles transcurriran moitos anos polo que é xa un vello. A fada, que en realidade é a Señora do Mais Alá, devólvelle a xuventude, aínda que lle queda un mechón de pelo branco.

<sup>11</sup> Diccionario dos nomes galegos. Dir. Por X. Ferro Ruibal. P. 118. Ed. Ir Indo

<sup>12</sup> Eslora: 5 m. Manga: 92 cm. Puntal: 65 cm.

<sup>13</sup> Santos e barcos de pedra. Fernando Alonso Romero. P. 92. Ed. Xerais de Galicia

<sup>14</sup> Sería interesante un traballo sobre a especialización do cruceiro e a parroquia, pois se ben cando hai un cruceiro en toda a parroquia este serve para todo, se hai catro ou máis cada un ten unha función establecida.



Estado actual da Barca de San Amaro. Obsérvese que a pedra sobre a que está ladeada a barca presenta unha fendedura sobre a que encaixaría a popa cadrada da mesma. A outra pedra seguramente foi arrastrada nunha das crecidas do río.

O mosteiro de San Juan da Miserela, como xa vimos, substituíu a esta ermida, a finais do século XIV, durante case cen anos. Sen embargo, cara a 1470 plantéase a inviabilidade da súa continuidade, sobre todo, debido ás condicións de penuria a que se ven sometidos os monxes (asaltos, abandono, etc.). Han ser os nobres da zona quen dean os primeiros

pasos necesarios para realizar o cambio. Ares López de Goyanes cede unha finca da súa propiedade contigua á igrexa de Sta. María del Xobre. Esteban de Xunqueiras asume a tarefa de establecer a partición e dotar economicamente as obras do novo mosteiro. Pola súa parte Juan Pastor, abade de San Pelayo de Antealtares, coroa a iniciativa coa concesión perpetua do inmovible e dá as primeiras instrucións para o traslado da pedra do castelo destruído polos irmandiños en Palmeira, de xeito que sirva para a construción do convento. Ademais, dada a súa devoción por San Antonio, considera que esta ha de ser a advocación obrigada do novo cenobio. Así é como pasa San Juan da Miserela a converterse en San Antonio do Xobre, tramitándose a aprobación definitiva da nova fundación en 1478.

Este convento había de converterse no século XVI nun importante centro de exportación de franciscanos a América e Asia: Fray Alonso del Espinar que en 1502 acompaña a Nicolás de Ovando cando este foi nomeado gobernador da Española e principal redactor das “Ordenanzas de Burgos”, antecedentes das “Leyes de Indias”; ou Alonso Muñoz que en 1592 embarcou cara a Asia e que había de gozar da mismísima confianza do emperador do Xapón que o nomeou o seu embaixador ante o virrei de México.

Pero iso é outra historia.

# PONTEVEDRA NO LUSCO FUSCO DO SÉCULO XVII

Por: Xulio Pardellas de Blas

Despois dun longo período de esplendor e dinamismo económico, asentado sobre todo nas actividades comerciais e marítimas, desde mediados do s. XVII, a cidade de Pontevedra comeza un lento pero imparable declive, social, económico e mesmo institucional, que só recuperará en certa medida a partir da primeira década do s. XIX, gracias ás funcións administrativas derivadas da súa condición de capital de provincia.

Hai varias hipóteses interpretativas sobre este fenómeno –que convén dicilo, non se circunscribe a Pontevedra, senón que aparece contextualizado no fin da

os refugallos urbanos e os derivados da propia actividade portuaria.

Este proceso preocupou notablemente aos rexedores da cidade, que observaban impotentes cómo subía incesante o fondo do mar impedindo o atraque dos barcos fora da preamar, e mesmo imposibilitaba os traballos de carga e descarga, outrora fonte principal de recursos económicos para o concello, dado que na baixamar cada vez máis barcos tocaban fondo e ningún patrón quería arriscarse a un varado que danase as cadernas ou a quilla.

Outras dúas causas puideron ter igualmente unha notable importancia na decadencia de Pontevedra: a marxinación dos portos de Galicia respecto do florecente comercio coas colonias americanas e con Europa, e a mingua das pesquerías de sardiña polo impacto das novas artes de pesca, e en especial polo conflito entre os cercos e os xeitos.

Non hai aquí a mesma coincidencia entre os estudiosos con respecto á relevancia dunha e outra causa, e ata algúns defenden a hipótese dunha mala xestión comercial e da explotación dos recursos no que se refire á case

desaparición dos cercos a fins do s. XVII, pero a realidade incuestionable pola documentación que podemos consultar é que, ao longo desa centuria, se reducen drasticamente as actividades da salga no Arrabal (barrio portuario de Pontevedra), fenómeno derivado directamente á súa vez da redución das actividades pesqueiras.



Pontevedra. - La Moureira.

época de superioridade militar e dinamismo económico colonial de España ao longo de todo o s. XVI-. Sen embargo, varios datos axudan a comprender polo menos algunhas das causas da perda de importancia dun dos gremios de mareantes de maior importancia da península, a carón dunha praza comercial marítima de primeira orde en Galicia e en España.

Unha das máis aceptadas e sobre a que existe maior documentación é a progresiva perda de calado do porto, a causa da colmataxe dos sedimentos fluviais que, se ben xa eran habituais e coñecidos desde épocas anteriores, as continuas crecidas do Lérez producidas por intensas chuvias semella que acentuaron o proceso, ao que debemos agregar

Unha conclusión de singular interese respecto do conxunto do fenómeno do declive da cidade, aínda que moi pouco estudada desde a perspectiva socioeconómica, é o cambio social que provoca, cedendo poder e capacidade de influencia do colectivo de traballadores mariñeiros, a favor dunha aristocracia terratenente, igualmente en

decadencia, que só recuperará unha certa dinámica como xa dixemos, a mediados do s. XIX, co poder administrativo da capitalidade.

A pesar da falta de documentación antes citada, non podo subtraerme á tentación de propoñer unha hipótese certamente afortunada, pero en todo caso aberta ao debate, respecto da análise social do proceso e das súas consecuencias posteriores para o devir histórico de Pontevedra.

No ámbito da superestructura, non hai dúbida de que o goberno da cidade e das institucións quedou despois das guerras irmandiñas baixo o control directo dos representantes da monarquía dos austríacos, pero ao que, sen seren alleos, escapaban en certo sentido os mariñeiros, que obviamente, de acordo coas ordenanzas reais, gobernaban ao través do seu poderoso Gremio de Mareantes con relativa autonomía os temas relacionados co exercicio da actividade pesqueira, e sobre todo coa distribución dos ingresos produto desa actividade.

Esto significa, en termos estritos, que a base económica obedecía en grandes liñas as instrucións emanadas da superestructura monárquica que se situaba alí na Corte, pero era libre de xestionar o seu propio traballo e de repartir a súa riqueza. E, en relación con eso, a influencia dos traballadores do mar sobre o resto da actividade económica da cidade era moi notable e marcaba unha dinámica propia, aínda que seguramente sen demasiada conciencia social dese poder real.

A decadencia da pesca e do trafego no Arrabal provocou a inmediata recesión económica nas actividades directamente dependentes daqueles, como a industria da salga ou os servizos ao comercio marítimo, pero de seguido e moi logo decantou a profunda depresión de toda a vida cidadán e o declive comentado de Pontevedra.

Aquela perda de poder e influencia da clase traballadora xa non se recuperou, e ao longo do s. XVIII observaremos a chegada dos fomentadores cataláns, a introducción de novas artes de pesca nas rías, o progresivo dominio da produción capitalista e da salarización dos mariñeiros, e no caso que nos ocupa, a consolidación dunha oligarquía decadente como casta de rexedores capitalinos, absolutamente afastada dos traballadores e que mirará aos mariñeiros como casta inferior, que cheira a peixe e que vive en casas que cheiran a redes, a sal e a brea.

Esa oligarquía esqueceu que Pontevedra foi importante nos s. XV e XVI gracias á pesca e ao comercio marítimo e gracias ao traballo daqueles mariñeiros, e ata hoxe xa nunca viviu nin mirou para o mar.

¿Recuperará Pontevedra algún día a memoria histórica e virará a súa ollada cara a ría para ser de novo unha cidade, e agora unha capital, que defende e se apoia nos traballadores do mar?



## Sentimentos a Flor de Pel

Por: Ángel Mosquera Mera



Alarma no paraíso, un terremoto arrasou a ilusión. As glorias que antano levaron as conquistas, agora a vida cambiou. A xente emociónase, pasa fame, vive en calquera recanto. A nosa alegría son vanas groserías, ignoramos o que sucede ó noso arredor. Somos perdedores nun mundo accidentado, productos milagre; ¿ quen da máis?. Mudouse a esperanza do paraíso, a dor lle cuspe nas esquinas, un baleiro envolve o pracer, a noite cubre o día; o sol morre ó atardecer.

Acomódate, a vida é un túnel fráxil e a ti che pode caer. Ten coidado agárrate forte cando saltes o balado. Na orella do mar unha bela serea meditaba en voz alta. Choraba, as horas pasaban e a súa voz se perdía mesturada coas ondas do mar. Murmurar con súplicas e morrendo sen axuda consolada cos recordos. Séntate a gusto, observa a vaidade humana, as ansias de poder para nada; unha fragilidade na que se balancea a humildade.

Pecados ó lado dunha lagoa con auga cristalina como compañeira, as árbores son o abrigo cómplices da súa compañeira. O amor desprázaos ó Olimpo, o cariño á devesa, o seu sangue o abismo que da a forza. Protexida polo día acompáñase de sombras que son a súa silueta. Abraza as ilusións, e entrelazan nunha trenza, repica con bicos tenros; a túa paz é a miña.

## Poesías

Por: Luis Otero Penelas

### PEIXEIRAS

Deusas erguidas, varadas nas pedras de cen peiraos, ollos que fitan calados o inmenso azul do mar.

E mentres ollan, agardan polos neptunos das ondas, que sendo anacos de prata elas converten en xoias.

E xoias as súas mans que lle dan bicos de noiva mesturando amor e sal.

¡ Ai ! peixeiras da ría arremangadas no vento, de negro loíto cinguidas.

### MARIÑEIROS

Fanse ó mar polo serán voltan pola mañanciña, colleitadores de sal entre as ondas de Galicia.

Mariñeiriños do mar homes rexos e valentes, sempre querendo voltar ó esperta-lo abrete.

Voltar no ronsel do vento cheos de pranto e suor, e sen esquece-la dor polos que dormen no fondo.

Así son, xente do mar non che son homes correntes, fartos de tanto loitar e carrega-lo de sempre.

### ELES

Os mariñeiros galegos non teñen mans senón remos, os seus corpos son as velas para bicarse co vento.